

ELECCIÓN MUNICIPALIS 2011 - CONCELLO DA CORUÑA



PROGRAMA ELECTORAL

A Coruña
Cidade galega, de barrios,
metropolitana e sustentábel



BNG A Coruña
Ronda de Outeiro, 62 entrechan 15006 A Coruña
Tfno.: 981 168 977 Fax: 981 168 067
<http://bng-galiza.org/cidadedeacorunha>
<http://sondebarrio.com>
www.facebook.com/XoseManuelCarril
www.twitter.com/XMCarril
Contacto:
carril@bng-galiza.org
acoruna@bng-galiza.org



O Programa do BNG da Coruña para as Eleccións Municipais 2011, atópase baixo unha Licencia Creative Commons [Recoñecemento-NonComercial-CompartirIguual 3.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/)

ÍNDICE

LIMIAR

1.- O CONCELLO DA CORUÑA NUN NOVO MODELO TRANSFORMADOR DA ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA	9
1.1. Un novo modelo de financiamento	9
1.1.1.- Facenda e xestión tributaria	9
1.1.2.- Control orzamentario, contratación e planificación	10
1.2.- Racionalización da estrutura administrativa	12
1.2.1.- Área metropolitana	13
1.3. Planificación intermunicipal	15
1.3.1.- Infraestruturas ao servizo da optimodalidade	15
1.3.1.1.- Terceira rolda	15
1.3.1.2.- Vía Ártabra	15
1.3.1.3.- Porto Exterior	16
1.3.1.4.- Estación do Ferrocarril e AVE	16
1.3.1.5.- Optimodalidade	16
1.3.1.6.- Carril bici	18
1.3.1.7.- Aeroporto	19
1.3.2.- Coordinación da planificación urbanística	22
1.3.3.- Políticas Comarcais de Medio Ambiente	22
1.3.4.- Turismo	23
1.4.- Uso eficiente dos recursos públicos	24
1.4.1.- Concesións, Usos e Aproveitamentos de bens mobles e inmobles	25
1.4.2.- Persoal	25
1.5. Goberno Aberto	26
1.5.1.- Modernización da Administración Local	27
1.5.2.- Administración electrónica	28

1.5.3.- Participación Cidadá.....	29
2.- O CONCELLO DA CORUÑA COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO LOCAL E A PROMOCIÓN DO EMPREGO	32
2.1.- A aposta pola creación de emprego de calidade e de formación desde o Concello de A Coruña.....	32
2.2.- Fomento do tecido produtivo local.....	33
2.3.- Ordenación das actividades económicas.....	34
2.4.- Emprego verde. Sustentabilidade.....	35
2.5.- Polígonos Industriais	37
2.6.- Comercio e Hostalería	39
2.7.- Universidade	42
2.8.- Mar.....	44
3.- A CORUÑA, CIDADE DE BARRIOS.....	46
3.1.- Política de Proximidade	46
3.1.1.- Vías Públicas, Obras Públicas, Parques e Xardíns.....	46
3.1.2.- Circulación Viaria.....	46
3.2.- Monte Alto	47
3.3.- Cidade Vella e Pescaría	48
3.4.- Ensanche	49
3.5.- Labañou e San Roque.....	49
3.6.- As Roseiras.....	50
3.7.- San Pedro de Visma.....	52
3.8.- O Portiño.....	53
3.9.- A Agra do Orzán	53
3.10.- Ventorrillo, Penamoa, A Silva e Cances.....	54
3.11.- Os Mallos, Sagrada Familia e Vioño.....	55
3.12.- Os Castros, A Gaitreira, Oza e As Xubias.....	56

3.13.- Castrillón	57
3.14.- Matogrande, Elviña, O Birloque, San Cristovo, Someso e Martinete	58
3.15.- Eirís	59
3.16.- Barrio das Flores e Monelos	60
3.17.- Pedralonga, A Pasaxe e Monte Mero	60
3.18.- Palavea e Santa Xema	61
3.19.- Bens	62
3.20.- Nostián	62
3.21.- Mesoiro e Vio	63
3.22.- Feáns	64
3.23.- San Vincenzo de Elviña	65
3.24.- As Revoltas	66
3.25.- Santa Margarida	66
4.- O CONCELLO DA CORUÑA COMO PIAR DO BENESTAR	68
4.1.- Servizos Sociais e políticas de Benestar	68
4.1.1.- Servizos Sociais Comunitarios	68
4.1.2.- Inclusión Social	69
4.1.2.- Persoas con Discapacidade	72
4.1.4.- Dependencia e Poboación Maior	74
4.1.5.- Persoas con adiccións	75
4.1.6.- Infancia	76
4.1.7.- Doenzas pouco frecuentes	76
4.2.- Medio Ambiente	77
4.3.- Sanidade	81
4.4.- Ensino	83
4.5.- Mocidade	85

4.6.- Inmigración.....	86
4.7.- Igualdade.....	87
4.8.- Consumo.....	90
4.9.- Urbanismo e Rexeneración Urbana.....	91
4.10.- Actividade física e Deporte.....	95
4.11.- Lecer.....	97
4.12.- Convivencia, Seguridade e Protección Cidadá.....	98
4.13.- Cooperación, solidariedade e voluntariado.....	101
4.14.- Atención aos animais.....	102
5.- A CORUÑA, CIDADE GALEGA.....	104
5.1.- Cultura e Patrimonio.....	104
5.2.- Mar.....	108
5.3.- Memoria Histórica.....	108
5.4.- Política Lingüística.....	111

LIMIAR

Este é o tempo de compromiso con Galiza e coa cidade da Coruña e neste programa electoral, o programa dos movementos sociais, presentamos os eixos básicos da actuación do BNG no concello. Entendemos A Coruña como unha cidade galega, de barrios, metropolitana e sustentábel e ofrecemos unha alternativa política e económica para superarmos a crise con xustiza social. Queremos recuperar o dereito á cidade e a cidade como lugar de dereitos.

A Coruña é, obviamente, unha cidade galega. Nela, como en todas as demais, agromou historicamente unha conciencia de pertenza á nación común, Galiza, que se traduciu en organizacións e institucións favorábeis á integración, e contrarias, polo tanto, a singularizar A Coruña como apéndice de España e da súa cultura. Toda a toponimia e microtoponimia e, aínda, a base demográfica da cidade revelan, como non podía ser doutro xeito, a natureza galega da Coruña. A cidade foi sempre pioneira na defensa do noso patrimonio material e inmaterial e no momento actual de ataques á identidade galega, a nosa lingua e a nosa cultura, cumpre tomar desde a institución municipal políticas de defensa activa e de fomento do que nos define como pobo. **A Coruña é unha cidade galega.**

Unha das características que máis personalidade imprime á cidade é a gran forza e actividade que existe nos barrios. A supervivencia desa vitalidade depende da atención e da protección que se lle preste a este modelo conservando e promovendo a súa actividade económica e social. Resultará ademais vital para este obxectivo a mellora da mobilidade e a coordinación entre todos eles: os históricos e os de nova creación, os urbanos e os rurais. Os barrios son espazos esenciais para o desenvolvemento de dinámicas de transformación social na nosa cidade. **A Coruña é unha cidade de barrios.**

A evolución dos tempos fixo que cada vez máis xente teña a súa residencia nos concellos limítrofes aínda que siga desenvolvendo a súa vida laboral e de lecer na cidade. É preciso reestruturar o mapa de competencias e dar xa os primeiros pasos para baleirar progresivamente as Deputacións cara ao deseño dunha nova ordenación do territorio cuxas competencias sexan asumidas pola área metropolitana, que se entenda como unha institución. Os servizos compartidos, fundamentados na cooperación, na área metropolitana proporcionarán o balón de osíxeno que permitirá racionalizar o gasto público e optimizar os investimentos e os recursos públicos que están a ser recortados nesta época de crise. **A Coruña é unha cidade metropolitana.**

Non se pode comprometer o futuro con políticas de curto percorrido, é preciso que as medidas que se tomen aseguren un porvir mellor para A Coruña e polo tanto para Galiza. Isto pasa por primar sempre a adopción de medidas sustentábeis: sociais, ecolóxicas e económicas. Estas medidas serán viables no ecolóxico e económico, soportábeis no social e ecolóxico e equitativas no económico e social. **A Coruña ten que ser unha cidade sustentábel.**

Estas eleccións locais vanse desenvolver nun contexto de crise económica motivada pola aplicación dun proxecto económico e social, o neoliberalismo, fundamentado no predominio do capital financeiro, que foi acompañado da relegación dos poderes públicos na intervención da economía, e propiciou unha especulación económica sen precedentes e unha desconexión cada vez maior da economía produtiva e das necesidades reais das persoas e dos pobos.

Neste escenario, co modelo de cidade exposto e á vista da falta total de actuacións por parte doutras administracións, que palíen a actual crise económica e o incremento galopante do paro, poñeranse as medidas para reactivar a economía para saírmos da crise con xustiza social. O impulso das potencialidades particulares do municipio como motor económico local e a defensa do emprego serán os eixos fundamentais da nosa política municipal.

Os propios concellos non son alleos á crise económica. A crise trae como consecuencia unha diminución dos ingresos propios, dos ingresos provenientes do Estado, ao que incluso haberá que devolverlle cartos que adiantou pola baixada dos ingresos, dos da Xunta e mesmo a limitación, agora matizada, da posibilidade de endebedamento. Porén, o BNG defende un proxecto político e económico alternativo, baseado na intervención pública na economía a prol do traballo produtivo, e no fornecemento dos servizos públicos sociais como medida para corrixir as desigualdades, e suplir así os que a Xunta de Galiza eliminou ou privatizou. Non se pode deixar servizos irrenunciábeis en mans privadas, suxeitas unicamente a consideracións económicas e ao ánimo de lucro de empresas particulares.

Este é un programa que elaboramos conxuntamente con axentes colectivos, asociacións veciñais, movementos sociais e cidadanía, nomeadamente coa máis afectada pola crise, a través de contactos e reunións de traballo que serviron de canle directa para deseñar as actuacións que minimicen as situacións precarias de sectores determinados. Por iso, este programa é o programa dos movementos sociais.

1.- O CONCELLO DA CORUÑA NUN NOVO MODELO TRANSFORMADOR DA ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA

A crise económica tamén azouta os concellos. A insuficiencia crónica de recursos económicos das entidades locais para atender servizos públicos agravouse nos últimos dous anos, e é imprescindible abordala desde unha dupla perspectiva: afrontar un novo modelo de financiamento local que asegure a suficiencia de recursos dun xeito dinámico e racionalizar o aparello burocrático local. Apostar por outro modelo de administración local en base a un novo mapa de entes locais que prescindan das deputacións provinciais e avance en mancomunar, compartir servizos locais e fomentar a cooperación institucional.

1.1. Un novo modelo de financiamento

O actual modelo de financiamento local non lles garante a suficiencia de recursos económicos aos concellos que teñen en moitos casos dificultades para atender os servizos públicos. É preciso dotármolos dun novo marco de financiamento, de xeito que os concellos contan con recursos para financiar os servizos atendendo ás particularidades do país (avellentamento e dispersión) e poidan manter un axeitado nivel de investimento público. E tamén para que os Concellos poidan adoptar políticas fiscais progresivas, con tributos locais onde se teña máis en conta a capacidade de renda dos suxeitos tributarios.

As competencias impropias, aquelas que non son competencia dun concello pero se prestan por desleixo doutras administracións, supoñen en Galiza aproximadamente un 26 % do gasto total de prestación de servizos. Do Fondo de Cooperación Local (FCL) do ano pasado a metade foi só para competencias impropias en ensino e sanidade. Ademais, a realización de trámites para tráfico, facenda e o INE supoñen un gran gasto que se realiza de xeito gratuíto.

Precísase unha Lei galega de facendas locais que constitúa o marco de referencia do financiamento municipal en Galiza. Débese ampliar o Fondo de Cooperación Local e aglutinar: os recursos procedentes da transferencia da Participación nos Ingresos do Estado (PIE), os fondos da Xunta do actual FCL e tamén os fondos que se destinan a subvencións das entidades locais que teñen natureza anual e recorrente pola contribución ao financiamento de servizos públicos locais, co fin de axilizar a transferencia incondicionada de recursos en base a un reparto con criterios obxectivos e que erradique o clientelismo.

1.1.1.- Facenda e xestión tributaria

O BNG aposta por unha nova fiscalidade local máis progresiva onde a regulación dos tributos locais se efectúe baixo a premisa de autonomía local,

progresividade e equidade, que permita en todo caso ter en conta a capacidade de renda dos suxeitos tributarios á hora de establecer o gravame dos diferentes impostos locais.

ACTUACIÓNS

- Establecer gravames máis elevados no IBI cando o suxeito pasivo sexa titular de grandes patrimonios, locais e pisos baleiros e en desuso, sen seren empregados.
- Ter en conta no establecemento de taxas, ademais do custe do servizo, outros criterios de equidade, como a capacidade económica dos usuarios e usuarias do ben ou servizo.
- Propiciar que o Concello participe non só nas taxas xa establecidas por ocupación de dominio público local, senón que tamén se beneficie doutros dominios públicos do seu ámbito xestionados polo Estado, como é o espazo radioeléctrico, ou tamén por exemplo a ocupación pública de entidades privadas como os caixeiros automáticos.

1.1.2.- Control orzamentario, contratación e planificación

No actual contexto de crise económica e financeira xeneralizada, que aféctalle tanto á cidadanía como ás propias administracións públicas, é preciso levar a cabo unha seria reflexión sobre como o Concello da Coruña utiliza recursos, co obxectivo de deseñar sistemas de actuación que, baixo o paraugas dunha estrita planificación, maximicen as posibilidades de desenvolver actuacións públicas e, polo tanto, xeren o maior valor público posible para a cidadanía.

Así, é preciso fornecer cada un dos departamentos do Concello da Coruña dunha estratexia e duns obxectivos a acadar a curto, medio e longo prazo que deberán ser coherentes co modelo de cidade que defendemos. Este proceso de planificación estratéxica integral debe ter o seu correlato departamental, de tal xeito que as actuacións e os esforzos de cada concellaría, de cada servizo e de cada traballador público sexan coherentes cos obxectivos xerais en termos de cidade e cos obxectivos individuais en termos de concellaría ou servizo.

A planificación é a guía para o traballo cotián e marca aquela situación á que queremos chegar a medio prazo. É por isto que estes procesos de planificación deben ser deseñados dun xeito participativo e integral, logo de analizar os retos aos que nos enfrontamos como Administración pública que responde ás demandas sociais con calidade e flexibilidade para adaptármonos aos diferentes requirimentos e situacións dunha sociedade e dunha cidadanía dinámica como é a da Coruña.

Deste xeito, a totalidade das actuacións que se emprendan dende as concellarías deben ser coherentes tanto co modelo de cidade ao que necesitamos chegar como coa estratexia xeral de cada unha das concellarías. Esta coherencia externa das actuacións, conxuntamente coa coherencia interna no deseño dos proxectos a desenvolver, a garantía de respecto á

normativa de contratación das administracións públicas e de limpeza do procedemento en xeral son os principios ós que debe responder toda contratación pública.

Así mesmo, e co obxectivo de garantir que os contratos de cada unha das concellarías acaden os resultados que se esperan, no caso dos servizos públicos contratados incrementárase o seu control mediante a utilización de indicadores e mecanismos propios de control de xestión e avaliación de programas e servizos públicos, de tal xeito que a administración exerza de xeito efectivo a súa capacidade de vixilancia nun marco de cooperación coas empresas que prestan servizos e de procura da máxima calidade para a cidadanía.

Precisamente, esta esixencia de certeza na obtención dos resultados que inicialmente se buscan no marco da actuación das concellarías é a primeira medida que se poñerá en práctica nun contexto onde a eficiencia e a austeridade se impoñen no traballo das administracións públicas.

Neste sentido, ademais das medidas tradicionais de análise do gasto propias da intervención municipal, é preciso que a máis básica das medidas de control sexa a propia das avaliacións ex-ante, é dicir, o estudo e a coherencia dos gastos a efectuar coa estratexia xeral da concellería e do Concello, así como a exhaustiva análise interna das medidas a poñer en marcha de cara a minimizar as incertezas e garantir así a obtención dos resultados inicialmente establecidos.

De igual modo, para rachar co incrementalismo propio das actuacións da administración pública, establecerase a necesidade de utilizar ferramentas como a de avaliación de programas e/ou servizos, de tal xeito que se detecten as súas deficiencias e, mediante o redeseño e a redefinición, se corrixa e melloren para acadar uns resultados e impactos mellores. A avaliación das medidas postas en marcha é un dos sistemas máis estendidos para controlar as actuacións das administracións e para mellorar as políticas, isto redunda nunha maior adecuación do gasto público aos obxectivos establecidos e, polo tanto, unha maior eficiencia e efectividade.

Para garantir a que se maximicen os efectos do gasto público local, é preciso levar a cabo as seguintes:

ACTUACIÓNS

- Fornecer a cada departamento dun mecanismo de planificación estratéxica participativa e pública onde se deseñe un conxunto de obxectivos que se acaden nun curto e medio prazo.
- Deseñar indicadores de xestión para o seguimento das medidas que se poñerán en marcha para medir a evolución do departamento para acadar os obxectivos estratéxicos deste.
- Testar as medidas e os programas que se implementarán en función da súa coherencia coa estratexia do departamento.
- Estender as avaliacións dos programas e os servizos, mediante o deseño de indicadores e a posta en marcha de avaliacións ex-ante de deseño

de medidas e ex-post de resultados, de impacto e de rede para intensificar, modificar ou eliminar aqueles programas en función da súa coherencia, os seus efectos e o seu custo.

- Controlar a prestación de servizos públicos contratados mediante sistemas de control de xestión baseados en indicadores.
- Iniciar un proceso de apertura do Concello, publicitando os resultados das avaliacións realizadas, así como das memorias de xestión dos servizos, de tal xeito que a cidadanía coñeza a xestión do Concello e que sexamos unha administración referente en materia de xestión pública.
- Inclusión de cláusulas sociais na contratación administrativa de determinados servizos ou obras, para darlles preferencia ás entidades sen ánimo de lucro para favorecer a integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social.
- Crear unha plataforma virtual de contratación administrativa.
- Solicitar que os servizos que o concello lles encargue a terceiros, sexan prestados en galego (empresas de xestión, redacción de proxectos ou planos, seguridade, mantementos, contratación ou desenvolvemento de programas informáticos).
- Outorgarlles preferencia nas compras e subministracións os produtos que existan en galego (programas, equipos informáticos e electrónicos, produtos alimentarios, medios de comunicación e subministracións de todo tipo) e que fosen elaborados en condicións óptimas de sustentabilidade e de comercio xusto e ético.

1.2.- Racionalización da estrutura administrativa

Cómpre unha ambiciosa reforma da estrutura institucional local, baseada na racionalidade e na austeridade do gasto público, encamiñada a configurar un novo mapa institucional local que adecúe os entes locais á nosa realidade e permita superar a actual delimitación provincial e ás propias Deputacións provinciais. É preciso reducir as súas atribucións e funcións e, mentres non se aborde a reforma institucional que cumpre, manter exclusivamente as que se relacionan coa asistencia aos municipios; o resto das funcións traspasaráselles á Xunta e aos concellos. O BNG entende que hai que intensificar a cooperación entre os concellos da mesma área xeográfica para prestar os servizos locais de forma mancomunada ou consorciada, como vía cara unha estrutura comarcal que permitirá administrar mellor os recursos públicos e fornecer unhas prestacións mellores aos cidadáns. Hai que darlle un pulo á área metropolitana coruñesa para asumir a xestión conxunta dalgúns servizos e incentivar a cooperación en temas de interese supramunicipal.

1.2.1.- Área metropolitana

Para que A Coruña sexa un motor de desenvolvemento económico e social de Galiza e da súa comarca é imprescindible a integración do concello no Consorcio das Mariñas como primeiro paso da creación da área metropolitana.

A Coruña e a súa comarca conforman xa unha realidade metropolitana, a interdependencia económica e social que xa existe demanda, sen máis demoras, a creación dunha institución que asuma as competencias da Deputación como organización provincial. O propósito inicial das provincias era asegurar a aplicación homoxénea da acción política do poder central, pero desde os seus comezos supuxo unha inserción artificial no territorio e desaproveitou a oportunidade de que outras realidades territoriais con maior cohesión, como é o caso da que nos ocupa, fosen o marco de referencia para unha organización territorial do poder local máis coherente.

A insuficiencia crónica de recursos económicos dos concellos para atender os servizos públicos vense agravando nos últimos dous anos. Por iso, precísase un novo modelo de actuación solidaria, xunto cos outros concellos da comarca, que poña en común determinado tipo de servizos e racionalice o gasto público e optimice os investimentos. Prestar servizos compartidos redunda positivamente non só no peto da administración senón tamén no da cidadanía indirecta e directamente nos recibos pois baixaría o seu prezo.

O BNG defendeu, defende e defenderá sempre a creación da Área Metropolitana e, polo tanto que se integre o Concello da Coruña como o seu pilar imprescindible. Entendemos que hai múltiples servizos e actuacións que poden ser competencia da Área: a recollida selectiva de lixo e a reciclaxe, a xestión do ciclo da auga, o seu abastecemento e o seu saneamento, as actuacións coordinadas de planeamento urbanístico para que toda a contorna estea ben comunicada por ferrocarril e estrada, a coordinación nos servizos de protección civil, a prevención e a extinción dos incendios e o salvamento, o transporte metropolitano que faga ilóxica a utilización do transporte privado, o desenvolvemento turístico, a promoción económica e o emprego, a planificación das infraestruturas viarias e os múltiples servizos e as actuacións que co paso do tempo se poden ir incorporando.

Avogamos pois por unha ambiciosa reforma da estrutura institucional local, axuntando racionalidade e austeridade de gasto público, encamiñada a configurar un novo mapa institucional local que adecúe os entes locais á nosa realidade e permita superar a actual delimitación provincial e ás propias Deputacións Provinciais.

ACTUACIÓNS

- Integrar o concello da Coruña no Consorcio das Mariñas cara á creación da Área Metropolitana.
- Actuar solidariamente xunto cos concellos da Área metropolitana coa posta en común dos servizos para racionalizar o gasto público e optimizar os investimentos.
- Compartir os seguintes servizos:
 - A prestación integral do servizo de recollida selectiva e transporte conxunto dos residuos.
 - O tratamento dos vertidos procedentes da recollida dos Residuos Sólidos Urbanos (RSU) e a xestión do ciclo da auga.
 - A ordenación o desenvolvemento e, no seu caso, a xestión do transporte público metropolitano individual e colectivo, por estrada por camiños de ferro e marítimo, en colaboración coas outras administracións, conforme ao que a lexislación autonómica e estatal establece.
 - A promoción e o desenvolvemento turístico dos concellos do Consorcio das Mariñas a través dun planeamento conxunto.
 - A coordinación dos planeamentos urbanísticos no que se refire aos usos residenciais, industriais e de servizos que inclúa os corredores de transporte e as áreas de protección medioambiental e paisaxística e a planificación conxunta das infraestruturas que favorezan a mobilidade no ámbito do Consorcio.
 - A coordinación e a planificación dos servizos sociais nas materias de violencia de xénero, emigración e inmigración, así como a coordinación da axenda cultural no ámbito do Consorcio.
 - A execución de todas aquelas obras, planos, programas ou proxectos que as entidades en consorcio acorden ou que outras Administracións públicas decidan encomendarlle, co fin de mellorar a xestión de servizos e/ou actividades de interese xeral, ou para poñer en marcha novos servizos que o Consorcio asuma total ou parcialmente.
 - A coordinación e planificación conxunta dos servizos da Protección Civil, a prevención e a extinción de incendios e salvamento.
 - A coordinación e a implementación das competencias en materia de promoción e de creación do emprego, o fomento do tecido produtivo comarcal e a formación profesional que se promove desde os diferentes concellos.

1.3. Planificación intermunicipal

A implantación dun novo mapa administrativo ten que perseguir como obxectivo final a mellora do grao de eficacia e eficiencia de todos os niveis administrativos, para isto deberán intensificarse as fórmulas de colaboración institucional. O éxito na transformación do mapa administrativo a fin de que redunde nunha mellora no benestar e calidade de vida que as administracións lles proporcionan ás galegas e aos galegos por medio da actividade prestacional virá, en boa medida, do afianzamento da cooperación institucional no eido local. Neste escenario defínense as seguintes actuacións.

1.3.1.- Infraestruturas ao servizo da optimodalidade

Hai que ser conscientes que algunhas das grandes infraestruturas da cidade están situadas noutros concellos: o aeroporto en Culleredo, o porto exterior en Arteixo, os polígonos industriais en Culleredo, Arteixo e Bergondo. Por isto é absolutamente imprescindible integrarse na Área metropolitana e dotala dun plano que regule as relacións destas infraestruturas con todo o territorio da área e con Galiza.

No entanto, e como cada unha destas infraestruturas ten as súas características propias, poderíamos facer algunhas apreciacións:

1.3.1.1.- Terceira rolda

As solucións aos problemas de mobilidade na comarca, entre outras cousas, son: mellorar a rede viaria actual e rematar algunhas infraestruturas importantes como a terceira rolda, na que todas as administracións implicadas deben poñerse de acordo e facilitar todos os procesos administrativos para que así comece a funcionar rapidamente, máis aló de calquera outras consideracións políticas partidistas. O BNG, desde as súas responsabilidades, poñerá todos os medios ao seu alcance para que isto sexa posible, mais hai que entender que a terceira rolda non será a solución ao transporte metropolitano que hai que afrontar de xeito integral e no que o transporte público terá moitísimo que aportar.

1.3.1.2.- Vía Ártabra

Aínda que puidera parecer que a vía Ártabra non lle afecta directamente ao concello da Coruña, a súa influencia na mobilidade comarcal terá efectos importantes en toda a área e no propio concello. É por isto que, o BNG, dentro das súas responsabilidades, fará todo o que estea na súa man para que se remate a vía Ártabra e a súa conexión coa AP-9 e coa A-6, e se adapte así á realidade da zona.

1.3.1.3.- Porto Exterior

O porto Exterior é unha infraestrutura que require de obras cunha especial envergadura e é de vital importancia para A Coruña e a súa área metropolitana. Como tal, debe planificarse sen ambigüidades: o Estado ten que financiarla claramente para que a súa construción non dependa cada ano de se hai cartos ou non.

Ademais esta obra non pode discriminarse fronte a outras, como a de Xixón, de igual envergadura e que o Estado financia efectivamente. O porto Exterior ten que concibirse como un auténtico revulsivo económico para a cidade e a súa comarca. Non pode ser, xa que logo, un lugar ao que se trasladen as instalacións do antigo porto. O seu funcionamento ten que implicar novas rutas de tráfico marítimo. É fundamental dotalo de conexións para o tráfico de mercadorías e de persoas, entre as que non pode faltar a ferroviaria.

En fin, a posta en funcionamento do porto Exterior non pode significar a desaparición da actividade económica do porto actual como lugar de actividade comercial e de pesca que xera riqueza. Este porto constitúe un importante piar económico para A Coruña e a súa comarca polo que o BNG seguirá apostando pola súa promoción, o seu uso mixto, a creación de novas actividades e o mantemento daquelas que non poderán ser desenvolvidas, dadas as súas características, no porto Exterior.

1.3.1.4.- Estación do Ferrocarril e AVE

A chegada do AVE supón unha dupla oportunidade. Primeiro, conectar a cidade co resto do Estado. Segundo, a de manter as infraestruturas existentes que conectan a cidade co resto do seu entorno e aproveitar así as vías en desuso ou infrautilizadas. A utilización da estación modal de San Cristovo para as grandes distancias tense que complementar simultaneamente, cunha infraestrutura en San Diego; que aproveite as súas vías para o transporte ferroviario de cercanías. A comunicación entre ambas infraestruturas completaría o escenario de mobilidade para a cidade e o seu entorno metropolitano.

1.3.1.5.- Optimodalidade

A **optimodalidade** é a optimización do rendemento técnico, económico e medioambiental das cadeas de transporte, aproveitar as infraestruturas existentes e investir en renovas para facer máis cómodo e factíbel o transporte. O obxectivo é desvincular o crecemento económico dos efectos negativos do transporte. As metas que se conseguirían son: fomentar os modos de transporte con baixas emisións de carbono, a eficiencia enerxética, a seguridade e independencia do abastecemento e loitar contra a conxestión do tráfico.

O BNG aposta polo transporte público como un auténtico servizo de interese xeral que poida converterse na alternativa ao automóbil privado. As claves son a frecuencia, rapidez, seguridade, comodidade, accesibilidade, o custe acaído, as redes eficientes e a facilidade de conexión. O transporte público permite, non soamente afrontar os retos ambientais senón tamén superar algúns desafíos no eido da cohesión social como o illamento das periferias urbanas.

É preciso potenciar e transformar as infraestruturas ferroviarias e portuarias de San Diego cara a implantar redes que lles dean prioridade ás mercadorías e ao desenvolvemento dunha auténtica cultura de servizo ao cidadán que aproveite o que xa existe e rehabilite o transporte ferroviario de mercadorías e o desenvolvemento do transporte marítimo e por vías navegábeis.

Por outra banda, as pesadas cargas administrativas que pesan sobre o sector do transporte crean custos ocultos que resultan especialmente difíciles de soportar no caso das pequenas e medianas empresas. O propio concepto de desenvolvemento sostíbel implica crear condicións de crecemento económico que garantan simultaneamente unhas condicións de traballo dignas e unhas profesións cualificadas para unha actividade socialmente responsable e que non resulte nociva para o medio.

ACTUACIÓNS

- Apostar polo transporte colectivo metropolitano e sustentábel
- Elaborar un plano estratéxico de tránsito e transportes urbanos e metropolitanos de xeito que se reduza o uso de vehículos particulares e se incrementen as políticas de humanización.
- Promover un Servizo Público Metropolitano de Transportes Marítimos.
- Ampliar e mellorar as redes.
- Deseñar A Coruña como unha cidade cunha mobilidade urbana sostíbel, a través do correspondente plano de mobilidade.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para poñer en marcha un tren metropolitano de cercanías, utilizando as vías actualmente en desuso, que inclúa Ferrolterra e Carballo; fundamental para o transporte de persoas e mercadorías.
- Estudar alternativas ao metro lixeiro como o metrobus.
- Integrar o sistema de transporte e comunicacións metropolitanos co exterior.
- Dar prioridade absoluta á Estación intermodal. Aínda que o BNG propugnou sempre que San Diego era a solución idónea, optouse por San Cristovo. É por isto que haberá que comunicar ambas e utilizar as vías de ferro de San Diego, e as liñas de tranvía actuais con modernos tranvías de superficie, e trazar ademais liñas de autobuses entre barrios no canto das lineais actuais.

- Mellorar o transporte público colectivo en canto rutas, frecuencias, gratuidade dos transbordos e unha verdadeira conexión entre os barrios da cidade e os distintos medios de locomoción: bus, tren, metro lixeiro e barco.
- Fomentar a utilización de vehículos eléctricos e potenciar a infraestrutura acaída para que funcionen.
- Levar a cabo unha permanente co sector dos e das taxistas para garantir unha maior calidade no servizo, tanto no que ten a ver coa planificación, coa sinalización e coa capacidade das paradas de taxis, como na información sobre as obras e como lles afectan no desenvolvemento do seu traballo.
- Axilizar e modernizar os trámites administrativos do colectivo do taxi co Concello.
- Crear un Servizo Municipal de Mobilidade.
- Establecer plans de actuación para conseguir un novo modelo de transporte no que se evite a sobreutilización do vehículo privado cara a un reparto modal máis equilibrado para viaxeiros e mercadorías.
- Ampliar os estacionamentos para bicicletas privadas nos principais lugares de encontro ou destino. Estes estacionamentos poderían ser parcialmente cubertos.
- Revisar a concesión da Compañía de Tranvías da Coruña para establecer uns prezos axeitados e mellorar os seus servizos.
- Investir en medios de transportes colectivos alternativos de propulsión con enerxías sustentábeis ou menos contaminantes.
- Ampliar e apostar decididamente pola rede de camiño de ferro do tranvía e do metro lixeiro.
- Establecer de prezos acaídos dos medios de transporte públicos para as persoas con menos recursos: desempregadas/os, terceira idade, non activas/os.
- Cambiar o modelo radial do transporte público por outro baseado na comunicación entre os distintos barrios.

1.3.1.6.- Carril bici

O carril bici debe formularse como un vial que favoreza: a mobilidade das persoas pola cidade, a sostibilidade, pois os desprazamentos en bici non contaminan acusticamente e non emiten gases á atmosfera, e o fomento de hábitos de vida saudábeis. O carril enténdese como unha infraestrutura non só para a práctica deportiva ou de lecer, senón tamén para o transporte de persoas na propia cidade e noutras localidades do área metropolitana, de xeito que quen opte pola bici poida desprazarse ao traballo, á universidade, a mercar no pequeno comercio ou a calquera outra actividade.

É por iso que quedarmonos só cunha proposta de carril bici costeiro-perimetral carecería de sentido. Así, só estaríamos a favorecer o deporte ou o lecer da xente mais non unha mudanza na mobilidade das persoas no seu quefacer diario.

Entendemos que hai que comezar a estudar e trazar roteiros urbanos que promovan esta mobilidade, por exemplo: o triángulo Universidade - estación de autobuses - estación de ferrocarril, os accesos aos polígonos industriais e as saídas da cidade, entre outros.

Somos conscientes de que a creación dunha auténtica rede de carril bici na cidade levaría o seu tempo, poderíanse habilitar espazos nos autobuses urbanos para transportar as bicicletas de xeito que sexa unha alternativa real. Por exemplo: non existe carril bici á universidade mais se o autobús universitario dispuxer dun espazo para poder introducir nel a bicicleta, podería un cidadán desprazarse en bici até a praza de Pontevedra ou a Catro Camiños e alí tomar o bus universitario para logo desprazarse polo campus en bicicleta.

ACTUACIÓNS

- Poñer en marcha un carril-bici metropolitano.
- Poñer en marcha un carril-bici entre a cidade, a universidade e as estacións.
- Poñer en marcha un carril-bici entre a cidade e os Polígonos Industriais.
- Poñer en marcha un carril-bici de saída da cidade.
- Adecuar os buses para o transporte de bicicletas en determinadas liñas, durante o período transitorio.

1.3.1.7.- Aeroporto

Os aeroportos non se conciben na actualidade exclusivamente como provedores dun servizo público senón como axentes económicos capaces de impulsar a economía da súa contorna. Os aeroportos galegos constitúen unha infraestrutura relevante para o desenvolvemento económico e social de Galiza, un elemento clave da súa vertebración territorial.

Malia esa relevancia, a maior parte das competencias sobre a planificación e a xestión aeroportuaria aínda recaen no Estado. Este, a través de AENA, coa forte presión de IBERIA e por intereses comerciais, deseñou un modelo de xestión radial, onde o aeroporto de Madrid constitúe a referencia central na maioría das conexións aéreas. É ilustrativo indicar que do total de voos que cada día teñen a súa orixe ou destino nun aeroporto galego, preto do 50% son conexións con Madrid.

Este modelo centralista e unipolar que contrasta co sistema de xestión descentralizada en toda Europa, acentúa a condición periférica de Galiza e impide que articulemos un sistema aeroportuario integrado. Ao tempo, amosa a súa ineficacia pois non permite incrementar a oferta de conexións de frecuencias e, con iso, tamén o número de pasaxeiros que utilizan eses aeroportos en detrimento doutros, en concreto o de Porto pola súa proximidade con Galiza.

Na Galiza, artellouse un mecanismo de cooperación, no cal ademais de AENA participan a Xunta de Galiza, os concellos e axentes sociais

representativos de intereses económicos, co fin de mellorar o mapa de rutas aéreas en Galiza. Este instrumento apenas permite avanzar na revisión a fondo do modelo de xestión aeroportuaria no camiño de transformar o sistema centralista e unipolar cara a un novo en rede, que se asente nun policentrismo e que permita diversificar as rutas aéreas a partir da cooperación, complementariedade e especialización dos aeroportos galegos e contribúa á intermodalidade coas infraestruturas portuarias e o ferrocarril. En realidade, convértese nun pretexto para seguir lexitimando a competencia central sobre os aeroportos, limitándose a conseguir logros e obxectivos a curto prazo, como introducir rutas complementares e dilatar o debate sobre a necesaria transferencia aeroportuaria a Galiza. Para alén de como está deseñado, o Comité de Rutas non ten capacidade executiva nin, polo tanto, capacidade de manobra.

Aínda así, con esa limitación, no seo deste Comité tense abordado a mellora das rutas aéreas na época estival coa participación de concellos onde o BNG ten responsabilidades de goberno. O BNG avogou por un consenso onde saíse beneficiada Galiza no seu conxunto, e con iso todas as cidades galegas, logo de asumir como punto de partida o mantemento do mapa de rutas do verán de 2010 xunto coa negociación posterior de novos voos complementarios nos tres aeroportos galegos. A Comisión Técnica do Comité de Rutas atinxiu este consenso, que asumiron todas as institucións alí representadas, en base do crecemento do tráfico nos aeroportos galegos en 2010 con respecto ao de 2009.

Porén, na xuntanza do Comité de Rutas onde se debía ratificar esa proposta consensuada, a Xunta de Galiza, a través da persoa titular da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, presentou una alternativa unilateral que non concitou o consenso de ningunha das cidades onde se asentan os aeroportos. Dese xeito, a Xunta rachou co pacto previo e, no canto de xogar un papel principal cara a unha maior coordinación dos tres aeroportos galegos, trasladou unha proposta para competiren entre si e non complementárense. O Goberno galego demostrou con esa actuación que non ten vontade de traballar en serio pola complementariedade dos tres aeroportos galegos e vén de provocar un caos absoluto na planificación de rutas aéreas para impor a súa visión unilateral na que tamén desliza o seu favoritismo por unha determinada liña aérea e deixando en papel mollado un consenso previo.

Por todo iso, o BNG avoga por redefinir o modelo de xestión aeroportuaria con base nas seguintes:

ACTUACIÓNS

- Reclamar unha vez máis a transferencia da competencia sobre os aeroportos galegos á comunidade autónoma para xestionalos conxuntamente coas autoridades locais e mesmo con organismos semipúblicos como as cámaras de comercio, co fin de artellar un sistema aeroportuario integrado galego, baseado na especialización e

- na complementariedade dos tres aeroportos galegos. O traspaso competencial debe abranguer, como mínimo:
- A planificación das infraestruturas aeroportuarias.
 - O proxecto, a execución, a dirección e o control dos investimentos nas infraestruturas e nas instalacións dos aeroportos galegos.
 - A ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación e administración dos aeroportos públicos de carácter civil en Galiza e dos servizos adscritos a estes.
 - A participación na dirección, na execución e no control dos investimentos nas infraestruturas e nas redes de sistemas de telecomunicacións aeronáuticas e de control da circulación aérea en Galiza.
- En tanto non se produza a transferencia retomar a coordinación de todas as administracións no seo do Comité de Rutas cara a planificar o mapa de rutas aéreas en 2011 e acordar:
 - A aprobación dun mapa de rutas para o 2011 que teña como obxectivo de partida o mapa de rutas da temporada de verán de 2010.
 - A asunción por parte do Comité de Rutas da proposta que consensuou a súa Comisión Técnica.
 - Reclamarlle á Xunta de Galiza o retorno a unha posición de consenso e que retiren a súa aposta unilateral de negociar a través de Turgalicia o mapa de rutas estival en 2011.
 - Alén do obxectivo concreto relativo á planificación no vindeiro ano, comezar a xestionar desde unha perspectiva integrada as terminais aeroportuarias galegas co obxectivo de:
 - Garantir as conexións cos catro grandes sistemas aeroportuarios europeos que permiten as conexións con todo o mundo: Londres, París, Amsterdam e Frankfurt.
 - Reforzo das conexións con Barcelona e Lisboa.
 - Reforzo das rutas con Bruxelas e Roma e coas principais cidades do Estado: Bilbao, Valencia, Sevilla, Alacante, etc.
 - Incrementar as conexións internacionais directas, especialmente as transoceánicas onde a diáspora galega ten unha forte presenza, segundo a situación dos aeroportos galegos.
 - A potenciación do tráfico de mercadorías, coa especialización dun dos tres aeroportos galegos e a dotación dunha alfándega co fin de captar tráfico internacional.
 - Apoiar a instalación de bases e centros permanentes das principais compañías aéreas para asentar unha estrutura estábel de operacións de transporte aéreo.
 - Diseñar e dotar dunha rede de conexións intermodal entre os tres aeroportos e as cidades galegas: en primeiro lugar, a través de servizos de lanzadeiras por estrada; a medio prazo, tamén por medio do ferrocarril e/ou do metro lixeiro.

1.3.2.- Coordinación da planificación urbanística

A falta de coordinación na práctica dos instrumentos de planificación territorial, urbanística e sectorial ten dificultado a constitución de soportes básicos para un desenvolvemento socio-económico sustentábel. A comarca da Coruña non escapa a estas graves eivas na irracionalización do territorio, nas políticas de vivendas sociais, na protección do medio ou na optimización dos recursos. O BNG tenderá, desde os concellos da comarca, a definir criterios de coordinación dos proxectos relacionados coa ordenación territorial. Só desde esta urxente colaboración entre os distintos concellos superaremos o actual caos urbanístico e de infraestruturas viarias.

O BNG promoverá que os concellos da comarca aproben planos xerais de ordenación municipal, tamén favorecerá e impulsará instrumentos conectados de planeamento intermunicipal. Desde a perspectiva dun Plano director de ordenación territorial comarcal se garantirá unha política urbanística como instrumento de interese xeral na que prevalecerá o interese público, a coherencia, a transparencia, a participación, a sustentabilidade, a racionalidade, o equilibrio territorial e a equidade tanto nas cargas como nos beneficios. Esta política urbanística metropolitana terá como obxectivos ordenar o territorio de xeito coherente, planificar as infraestruturas básicas e protexer e recuperar os valores ambientais e culturais. Desde a colaboración seremos capaces de crear un desenvolvemento económico sustentábel e unha importante mellora na calidade de vida dos habitantes da comarca.

1.3.3.- Políticas Comarcais de Medio Ambiente

A política ambiental que se debería desenvolver no Concello non tería sentido senón se entende en clave metropolitana e guiada por dous obxectivos, a preservación e protección da contorna e a súa posta en valor como piar do desenvolvemento local e, en particular, rural.

A grave situación de contaminación e degradación da Ría do Burgo, provoca graves prexuízos para toda a cidadanía e impide ademais un acaído desenvolvemento do enorme potencial en actividade marisqueira xeradora de emprego. Necesita, pois, un plano de rexeneración medioambiental e unha limpeza integral para o disfrute, o lecer e a recuperación dos bancos marisqueiros.

O BNG promoverá, como competencia metropolitana, a xestión do ciclo da auga a través da elaboración dun plano da auga que garanta as redes de abastecemento, a potabilidade e calidade da auga ao tempo que impida o seu malabaramento e fomente o seu aforro. A Lei de augas promulgada polo PP co único obxectivo de recadar fondos non atende en absoluto ao importante, a xestión do ciclo da auga e por isto haberá que poñer os medios na comarca para que esta necesidade sexa atendida.

Ademais o tratamento dos vertidos procedentes da recollida dos Residuos Sólidos Urbanos (RSU) ten que entenderse sobre a base da aposta de coordinación e cooperación metropolitana nun marco institucional: O Consorcio das Mariñas ou a Área Metropolitana.

1.3.4.- Turismo

O turismo constitúe un dos factores de ocupación do tempo libre máis importantes na actualidade, ao tempo que representa unha fonte de ingresos e actividade económica de suma importancia.

A remodelación do Consorcio de Turismo para dotalo dun maior peso político e incrementar a cohesión do sector turístico foron medidas de urxencia que levou a cabo o BNG na súa responsabilidade de goberno e que concluíron na elaboración do Plano director de turismo.

Este Plano, que a través da análise da situación da actividade formula unha estratexia competitiva, é a folla de ruta que definiu a liña estratéxica: a elaboración da marca da cidade orientada a captación de turismo familiar, de parella e congresos, complementada coa incorporación das novas tecnoloxías.

Necesítase, ademais, unha actuación en clave metropolitana polo que cómpre apostar polo Plano de dinamización do produto turístico da Coruña e área metropolitana, aposta decidida para conseguir o seu completo desenvolvemento en colaboración co resto dos municipios da Área.

A Coruña preséntase como unha cidade con amplas posibilidades de converterse nun destino recoñecible pola súa calidade, a innovación e a sustentabilidade económica, ambiental e social. Os eixos que marcarán a estratexia do BNG para consolidar a cidade como referente no sector serán a promoción en toda España e internacionalmente a través de campañas de desestacionalización e diversificación territorial dos fluxos turísticos, a cooperación público-privada coa colaboración de todos os sectores implicados, a profesionalización e as redes de cooperación.

ACTUACIÓNS

- Implementar o Plano director e reforzar o posicionamento do destino A Coruña como habitual na mente do turista co obxectivo de fidelizar aos visitantes.
- Apostar decididamente polo completo desenvolvemento do Plano de dinamización do produto turístico da Coruña e a súa área metropolitana no marco do Consorcio das Mariñas.
- Implantar os criterios de transversalidade. Todo evento capaz de xerar visitas á cidade ten que estar coordinado cun ente de xestión metropolitano.
- Habilitar axudas ao fomento da calidade da oferta turística, para conseguir a certificación de calidade e a garantía na oferta turística da Coruña.

- Continuar realizando promocións turísticas singulares e específicas para os habitantes da Coruña e a súa área de influencia máis próxima: espectáculos, ofertas gastronómicas, hoteleiras, circuitos culturais, etc.
- Continuar coas promocións específicas para a fin de semana con ofertas singulares para captar turistas de Galiza e doutras comunidades limítrofes.
- Continuar coa promoción exterior da oferta da cidade da Coruña e o seu contorno.
- Seleccionar e singularizar acontecementos novos para a atracción turística da cidade: festivais, acontecementos culturais, deportivos, flota de barcos turísticos.
- Poñer en valor a Cidade Vella para uso turístico.
- Revitalizar as principais festas tradicionais da cidade.
- Potenciar o ecoturismo.
- Ampliar a captación de turismo marítimo.
- Crear de rutas turísticas en relación coa contorna que teñan como centro de durmida a cidade da Coruña.
- Promover A Coruña como cidade de congresos e exposicións.
- Construír un albergue xuvenil que pertenza ás redes internacionais de albergues fomentando un turismo de xente moza activo, cultural, deportivo e de coñecemento entre distintas realidades xuvenís do mundo.
- Diseñar e implantar actividades turísticas de todo tipo relacionadas co mar.

1.4.- Uso eficiente dos recursos públicos

Son os recursos públicos para o BNG uns bens que hai que tratar con extremo control, buscando a eficiencia máxima, facendo un uso estrito e solo en caso necesario dos mesmos. E non estamos a falar solo de cartos senón de todos aqueles bens que posúe o Concello e que son imprescindíbeis para o normal funcionamento da Institución, porque os que non o son sobran.

Así, o BNG comprométese a racionalizar o uso do parque móbil municipal axustándoo unicamente as necesidades estritamente reais, modelando o seu volume e características ao preciso, buscando sempre a rendibilidade económica fuxindo da ostentación innecesaria. Do mesmo xeito procederáse a facer inventariado de todos os bens, mobles e inmobles, utilizando as ferramentas que proporcionan as novas tecnoloxías (Xis), non solo para determinar o seu número, valor e características, senón tamén para situalos xeograficamente permitindo un maior control.

E nese escenario inclúense tamén as canalizacións. É preciso ter coñecemento de todo o que hai baixo o chan e que cando se levante unha rúa se aproveite para canalizar con vistas ao futuro documentando un proceso que

posibilite ofrecer canais ás distintas operadoras sen que sexa preciso volver a romper o construído, circunstancia que se da con moita frecuencia.

1.4.1.- Concesións, Usos e Aproveitamentos de bens mobles e inmobles

Considera o BNG necesaria a redacción dun Regulamento para usos dos espazos públicos do Concello, incluíndo o inventariado dos bens municipais de todo tipo, non solo na súa contía, senón tamén no seu estado e na súa ubicación. Isto inclúe as canalizacións coa precisa definición de todo canto hai baixo chan e as súas características, aproveitando posibles levantamentos para obras para dotar dunha infraestrutura que evite novos levantamentos, posibilitando incluso o alugueiro deste espazo as empresas.

Por outra banda promoverase desde o Concello o uso para a cidadanía de edificios pertencentes a outras administracións e que están sendo infrautilizados, tales como o Cuartel de Atocha ou o antigo edificio da cárcere, entre outros.

Ademais adquirese o compromiso de consultar á veciñanza, ao pequeno e mediano comercio e á hostalaría dos lugares afectados a respecto de intervencións relativas a usos e aproveitamentos nas vías públicas e mobiliario urbano.

ACTUACIÓNS

- Explotar, sacándolle o máximo proveito, os recursos SIX (Sistemas de Información Xeográfica) implantados nas áreas de Urbanismo, Medio Ambiente e Infraestruturas, promovendo a cooperación entre os distintos departamentos e actuacións. Isto sería de moita utilidade aforrando tempo e traballo nas programacións futuras avanzando ademais en moitas actuacións sobre as infraestruturas da cidade.
- Elaborar un plano integral do tendido das instalacións: chegar a contar cun tendido planificado, separado e ben cartografado.
- Poñer os medios precisos para solucionar o problema existente coa subministración de auga nalgúns puntos de barrios da cidade procurando e vixiando as correctas actuacións de EMALCSA neste senso.
- Establecer unha política de inspeccións axeitada para vixiar o cumprimento das normativas municipais e dos prazos na concesión e límite das licencias de obra e urbanísticas.

1.4.2.- Persoal

O Concello de A Coruña é unha institución pública que debe ofrecer á cidadanía servizos públicos de calidade. Un dos elementos principais para tal

efecto é contar con persoal preparado e motivado. Ese será pois un dos principais obxectivos da política de Persoal do BNG no Concello. Por suposto a publicidade, transparencia, igualdade e obxectividade na contratación serán outros.

ACTUACIÓNS

- Asinar o Convenio Colectivo.
- Realizar unha RPT (Relación de Postos de Traballo) negociada cos sindicatos.
- Establecer unha taxa máxima de interinos.
- Crear a figura de Xerente de persoal.
- Racionalizar os efectivos destinados en cada unidade administrativa, adecuando estes á carga de traballo que soporte cada unidade.
- Racionalizar os procedementos administrativos co fin de acurtar o máis posible os tempos de tramitación dos expedientes co conseguinte aforro de tempo e diñeiro tanto para a administración como para os administrados.
- Adecuar o complemento de “especial dedicación” ás necesidades reais dos servizos.
- Poñer en marcha un procedemento público e transparente para a totalidade de adscricións provisionais aos distintos postos vacantes no que se tenda a que a situación de provisionalidade sexa o máis curta posible.
- Desenvolver real e efectivamente a carreira profesional.
- Poñer en marcha un protocolo de actuación para actuar nos casos de denuncias por calquera tipo de acoso laboral.
- Adoptar e medidas tendentes á conciliación da vida laboral e familiar entre o persoal do concello.
- Centralizar os servizos administrativos.
- Requirir nos procesos selectivos de persoal do concello un dominio oral e escrito da lingua galega acorde coas necesidades do posto, que deberá ser demostrado no propio proceso selectivo.
- Desenvolver accións de promoción e de formación continua para mellorar o uso da nosa lingua, de forma oral e escrita, por parte de todo o persoal ao servizo do concello.

1.5. Goberno Aberto.

Non tería sentido un novo modelo transformador da administración local no concello si este non incluía a doutrina política de Goberno Aberto. Os temas de goberno e administración pública teñen que estar accesibles a toda a cidadanía en canto a transparencia creando espazos permanentes de participación e colaboración cidadán.

En similitude co concepto de software libre ou software de código aberto, orixe da súa denominación, o goberno aberto debe proporcionar a posibilidade de involucrarse directamente no proceso de gobernar. Temos que pasar dunha democracia representativa a unha democracia participativa.

A utilización, non exclusiva, de ferramentas electrónicas cara a consecución deste obxectivo enlaza e completa a idea de administración electrónica, na que todos os veciños e veciñas teñen o dereito de comunicarse telematicamente coa administración, non soamente para facer as súas xestións nas institucións, senón para participar da labor xestora.

1.5.1.- Modernización da Administración Local

Debe a Administración Local modificar a súa estrutura cara a un novo modelo de organización territorial, máis tamén a súa organización e os seus medios materiais, adaptándose á utilización eficiente e eficaz dos novos instrumentos proporcionados polas tecnoloxías de información e comunicación. Téñense que poñer así mesmo os medios acaídos para a veciñanza os teñan a súa disposición e ademais dispoñan dos coñecementos precisos para a súa utilización sendo motivados no seu uso.

O obxectivo ten que ser unha administración transparente, organizada, áxil na súa resposta, na que non sexa necesaria a presenza física para a realización de xestións e se dispoña dos coñecementos precisos para poder aproveitarse diso.

Unha das claves para unha administración local moderna é a busca dunha nova concepción de servizo público compatible cos procedementos tradicionais, onde o achegamento do cidadá se poida lograr desde distintos puntos de vista có obxectivo último de facilitar e axilizar os propios requirimentos destes. As TIC son instrumentos indispensables e por elo non se deben escatimar investimentos neste sector, porque os resultados sempre redundarán nun beneficio para a veciñanza e a curto, medio e longo prazo un aforro importante cun incremento notable da eficacia e eficiencia.

Ademais a implantación paulatina de software de código aberto en todo o concello será unha sinal de identidade política do BNG. O Software libre implica un aforro importante de medios económicos, levando como consecuencia beneficiosa a utilización de formatos libres para os documentos xerados en contraposición dos formatos propietarios que ligan a determinadas empresas multinacionais e obrigan aos receptores a dispoñer desas aplicacións pechadas. Por último isto suporá un pulo importante ás empresas locais que poderán dispoñer dese código aberto e adaptalo a posteriores modificacións, evitándose ademais que o posible peche de determinados provedores lastre a utilización de determinados dados.

ACTUACIÓNS

- Actuar como axente dinamizador na utilización das novas tecnoloxías, implicándose en todo o relacionado coa Sociedade da Información, xa sexa como axente activo ou como colaborador doutros axentes.
- Realizar planos, cursos, xornadas e foros dirixidas tanto ao persoal do concello, nas súas escalas básicas e especializadas, como aos cargos electos.
- Impulsar a realización de actuacións informativas e formativas sobre a utilización das novas tecnoloxías entre a veciñanza.
- Integrar a utilización intensiva de Sistemas de Información Xeográfica para uso dos distintos departamentos e como servizo a cidadanía.
- Promover e utilizar o software de código aberto no concello.
- Establecer Rexistros auxiliares dos Rexistros centrais nos Centros Cívicos.
- Reorganizar internamente a administración local baixo os principios de eficacia, eficiencia e austeridade.
- Simplificar os sistemas de traballo e dos seus procedementos para facelos áxiles e adecuados á demanda que deben satisfacer. En especial, farase unha revisión dos procedementos de outorgamento de licencias e autorizacións polo de comunicacións previas que habiliten o exercicio de actividades.
- Poñer a disposición da cidadanía cartas de servizo, nas que se informe dos servizos que se prestan, dos compromisos na prestación, dos trámites básicos de cada procedemento administrativo municipal, así como dos dereitos dos usuarios/as e veciños/as en relación con eles.
- Realizar unha campaña publicitaria onde se expliquen as subvencións ás que se poden acceder e as distintas normativas.

1.5.2.- Administración electrónica

A Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos xa obriga as administracións a dotarse de ferramentas que permitan aos cidadáns a tramitación electrónica de procedementos, pero aínda que así non fose o BNG entende como fundamental a posta en funcionamento desta funcionalidade. As vantaxes son moitas e non solo a comodidade de non desprazarse evitando ademais as molestas colas senón que o tratamento electrónico da información diminuírá os tempos de resposta aumentando a eficiencia dos procedementos co conseguinte aforro en cartos e medios. O BNG traballará así mesmo para que a totalidade da poboación teña acceso a este dereito, poñendo os medios para que aqueles que, xa sexa por falta de medios económicos ou de formación, vexan imposibilitado o acceso.

ACTUACIÓNS

- Habilitar os Centros Cívicos, dotándoos dos medios precisos e do persoal formado necesario, para que sexa posible a realización de trámites electrónicos por parte das persoas con dificultades de acceso a estas tecnoloxías.
- Comprometerse a estender a administración e a tramitación electrónicas á totalidade de procedementos administrativos posibles de realizar por esta vía.
- Integrar paulatinamente as bases de datos municipais e o acceso ás doutras administracións a fin de evitar a continua presentación de documentación por parte dos interesados.
- Implantar progresivamente o software libre e estándares abertos nos sistemas informáticos municipais.
- Elaborar un plano marco de mellora da calidade administrativa e dos servizos locais que definirá as liñas estratéxicas, obxectivos e medidas para optimizar os niveis de prestación de servizos e atinxir maiores cotas de calidade no actuar das administracións locais.
- Avanzar na liña de tramitación electrónica dos procedementos, do pagamento de facturas, da contratación administrativa e a licitación electrónicas a través de plataformas virtuais creadas para tales efectos.
- Realizar campañas de información e formación cara a posibilitar o uso da administración electrónica e fomentar a súa utilización.

1.5.3.- Participación Cidadá

A participación social é o alicerce da política municipal do BNG, como medio para facer a acción de goberno o máis acaída posíbel ás demandas e necesidades da cidadanía e, ao mesmo tempo, acadar o apoio social necesario para a súa realización. É preciso pasar do modelo de democracia representativa ao de democracia participativa.

Xa que logo, o BNG non limitará a participación social á consulta previa sobre os proxectos municipais, senón que procurará implicar no posíbel aos colectivos sociais interesados na súa elaboración e execución, a través dos mecanismos máis idóneos en cada caso.

O BNG, consonte a súa acreditada traxectoria, seguirá a institucionalizar en todos os concellos a participación social, creando e pondo en marcha normas e órganos que garantan o dereito das veciñas e veciños a intervir nos asuntos que sexan do seu interese, individualmente ou a través de entidades representativas.

Para o BNG a participación social non é simplemente un lema, senón que vai máis alá e contribúe a afortalar o movemento social organizado, aumentar a conciencia e a corresponsabilidade da sociedade a través da súa participación na toma de decisións, e en suma, democratiza a vida municipal, convertendo aos concellos nunha institución ao servizo da cidadanía.

Por iso, é compromiso do BNG promover os mecanismos contemplados na lexislación vixente, e outros que os complementen, co obxectivo de institucionalizar a participación social na vida municipal

ACTUACIÓNS

- Mellorar e optimizar, real e efectivamente, o Rexistro Municipal de Asociacións, como instrumento para o recoñecemento e verificación da representatividade das entidades sociais que participan no ámbito do Concello, que permitirá designar interlocutores, conceder axudas con criterios máis obxectivos e, en suma, aplicar unha política non clientelar nin arbitraria.
- Establecer, mediante as ferramentas precisas, un xeito de comunicación bidireccional permanente e transparente entre o Concello e a veciñanza, a través do cal se chegue á participación efectiva desta nos procesos de decisión, colaboración e control do propio Concello.
- Aprobar un Regulamento Orgánico Municipal que estimule e facilite o acceso á información municipal e a participación dos veciños e veciñas nos órganos municipais, nomeadamente o Pleno.
- Afondar na progresiva participación veciñal na elaboración do orzamento municipal como modelo de xestión pública onde a cidadanía participa de maneira directa e voluntaria na asignación dos recursos económicos municipais e na transparencia no destino do gasto público.
- Impulsar o movemento asociativo, apoiando o afortalamiento das organizacións sociais e o aumento da súa representatividade, como vía para avanzar nunha acción de goberno realmente transformadora das condicións de vida dos cidadáns e cidadás.
- Crear os instrumentos e órganos de participación máis acaídos, tanto a nivel territorial como sectorial, asignándolles competencias claras e co compromiso de ter en consideración as recomendacións e suxestións acordadas no seu seo.
- Procurar a colaboración co tecido asociativo no mantemento e xestión de espazos e locais públicos, cando sexa posíbel.
- Trasladar publicamente os proxectos de obras públicas á veciñanza, ao pequeno e mediano comercio e á hostalaría afectadas, de xeito que teñan coñecemento efectivo das súas características así como da súa materialización con anterioridade a súa execución, có obxecto de que fagan as súas propostas cara a ser atendidas, garantindo dese xeito a participación veciñal para minimizar as molestias derivadas da realización das obras e optimizar o resultado final.
- Poñer en marcha os mecanismos precisos para facer posible novas formas de participación dos veciños no deseño e difusión das políticas municipais.

- Confeccionar un Regulamento para o uso dos Centros Cívicos que permita a súa utilización por parte de colectivos sociais e a programación de actividades.
- Crear unha Oficina Específica para reclamacións por motivos procedimentais, cara a mellora na prestación de servizos e control do cumprimento dos prazos de tramitación.
- Retransmitir en directo os plenos a través da propia web do Concello da Coruña.

2.- O CONCELLO DA CORUÑA COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO LOCAL E A PROMOCIÓN DO EMPREGO

No contexto actual de estancamento económico, é imprescindible unha implicación do concello na redefinición do modelo produtivo, avanzando cara un novo modelo de desenvolvemento económico local sustentábel que recupere o dinamismo da actividade económica e o emprego.

O desenvolvemento económico no concello da Coruña será unha prioridade para o BNG, partindo para iso dunha análise rigorosa da situación do tecido económico local e das condicións específicas existentes, co obxectivo final da consolidación e a transformación do sistema produtivo local para atinxir maiores niveis de emprego.

O concello ten unha importante función nesta área, implementando liñas políticas de actuación, ben directa, na creación e fomento de tecido produtivo local, ou ben indirecta, orientadas a resolver problemas estruturais como a mellora dos transportes e as comunicacións, a dotación de solo empresarial e de centros de formación ocupacional, mellorando a cualificación da forza de traballo e impulsando a difusión da cultura empresarial, a información técnica ou a mellora da capacidade empresarial.

2.1.- A aposta pola creación de emprego de calidade e de formación desde o Concello de A Coruña

Os concellos exercen competencias en materia de promoción do emprego e a formación, en colaboración con outras administracións. O BNG apostará para que, ante unha situación de crise como a que estamos a vivir e que se manifesta especialmente no elevado desemprego, o concello da Coruña xogue un papel máis activo na procura de novos xacementos de emprego, na axeitada xestión dos fondos destinados á formación de traballadores e traballadoras, e mesmo na creación de emprego público vinculado a servizos básicos para a poboación. A tal efecto levaranse a cabo as seguintes:

ACTUACIÓNS

- Reclamar a supresión da limitación á creación de emprego público destinado á creación, reforzo e ampliación de servizos públicos locais.
- Apostar pola creación de emprego nos servizos públicos locais, situándoo en niveis similares á media dos Estados do entorno europeo, como vía para crear emprego estábel e dirixido aos sectores de poboación que presentan taxas máis altas de desemprego (mulleres, mozas e mozos)

- Creación, apoio e mantemento do emprego autónomo ou en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais; así como a difusión e fomento do cooperativismo e da economía social como vías para procurar unha ocupación laboral.
- Integración laboral dos emigrantes retornados.
- Continuar a potenciar os servizos de acollida, información e orientación socio-laboral municipais.
- Continuar a potenciar a formación para o emprego dirixida aos/ás traballadores/as desocupados/as e ás persoas demandantes de primeiro emprego sen titulación a través do Centro Municipal de Emprego. Unha formación ocupacional orientada ás necesidades do mercado de traballo local, reorientada ao sistema produtivo e que mellore a empregabilidade das persoas destinatarias.
- Continuar a fomentar desde o concello as modalidades de formación-emprego (obradoiros de emprego, escolas-obradoiros...)
- Apoiar os centros especiais de emprego para a inserción laboral de persoas discapacitadas.
- Intensificar a colaboración cos servizos públicos de emprego para canalizar axudas para a contratación de desempregados pola corporación local ou en empresas que colaboren co concello.
- Promover a sinatura de convenios coas empresas locais para a mellora da ocupación laboral a través da concertación coas asociacións empresariais.
- Potenciar as feiras tradicionais, como elementos dinamizadores da vida económica do concello.
- Inclusión e avaliación, nos procedementos de contratación administrativa do concello para a selección da mellor oferta, alén dos criterios económicos, outros criterios relativos ao emprego (estabilidade laboral das empresas ofertantes, creación de postos de emprego estábel relacionados coa obra ou servizo contratado e contribución no acceso ao emprego de persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos).

2.2.- Fomento do tecido produtivo local

Entre as liñas de actuación directa por parte do concello, o BNG impulsará as seguintes:

ACTUACIÓNS

- Crear sementeiras de empresas, mediante a oferta municipal de locais adecuados, de baixa renda, por un tempo determinado, até que se consolide a iniciativa ou se amose a súa inviabilidade.
- Recuperación da artesanía, potenciada a través das escolas-obradoiro e casas de oficio. Prestación de servizos aos artesáns sobre novas tecnoloxías e materiais.

- Mellorar os equipamentos sociais así como as actividades de hostalaría e as infraestruturas turísticas, elevando a calidade residencial do noso concello.
- Aproveitar o patrimonio arquitectónico en desuso.
- Aplicar plans coordinados de promoción do turismo e do comercio local, a fin de estimular a actividade comercial das zonas tradicionais da Coruña.
- Impulso ao dimensionamento das empresas ligadas á divulgación da lingua e cultura nacionais, reservando dentro dos orzamentos de cultura e festas do concello unha parte importante para eventos producidos por empresas de servizos culturais galegas co obxectivo de afianzar esta industria cultural.
- Defender o aforro galego ao servizo de Galiza e dos galegos. Defensa da caixa de aforros pública e ao servizo do país, que financie aos particulares e os traballadores e non ós bancos privados que renuncian a financiar a economía produtiva.
- A posta en funcionamento do Porto Exterior non pode significar a desaparición da actividade económica do Porto actual como lugar de actividade comercial e de pesca que xera riqueza. Este Porto constitúe un importante pilar económico para A Coruña e a súa comarca polo que o BNG seguirá apostando pola súa promoción, o seu uso mixto, a creación de novas actividades e o mantemento daquelas que non poderán ser desenvolvidas, dadas a súas características, no Porto exterior.
- Realizar as xestións pertinentes coas entidades competentes para a instalación no Porto dun depósito de carburante para autoabastecemento dos transportistas e defensa do abaratamento das peaxes nas autoestradas.

2.3.- Ordenación das actividades económicas

Desde a perspectiva de estimular a actividade económica, incidindo na mellora das estruturas que sustentan a actividade, acometeranse as seguintes

ACTUACIÓNS

- Poñer en práctica unha política real de defensa do solo empresarial orientada a corrixir tanto as deficiencias dos polígonos existentes como as consecuencias urbanísticas da desarticulación do tecido empresarial, para revalorizar o espazo e acadar melloras na:
 - Accesibilidade ás redes de transporte e comunicación.
 - Calidade ambiental como factor de atracción diferencial.
 - Integración efectiva das unidades produtivas e dos servizos produtivos para crear efectos sinérxicos no interior e no entorno.

- Ordenación interna: dotación de infraestruturas (viarias, enerxía e auga, saneamento, depuración e redes de telecomunicacións de banda larga), equipamentos e servizos básicos (limpeza, correos, hostalaría, transporte ou avanzados (xurídicos, financeiros, comerciais, técnicos), imprescindíbeis para o funcionamento do parque empresarial.
- Promoción da accesibilidade económica a este solo empresarial.
- Rehabilitación de zonas que impulsen o comercio e hostalaría locais.
- Recuperar medio ambientalmente os espazos degradados, converténdoo en espazos públicos preparados para a realización de actividades económicas.
- Recuperar o banco marisqueiro da zona da contorna do emisario de Bens, zona totalmente degradada que conta cunha grande riqueza mariña.
- Actuacións comúns de promoción, apoio institucional e actuacións diferenciadas de acordo as distintas necesidades que cada tipo de empresa poda ter, cara a creación de postos de traballo.
- Reforzar o asesoramento legal e económico e a titorización á hora de pór en marcha un plan empresarial, así como o incremento das axudas na tramitación da constitución das empresas e das exencións fiscais no inicio da actividade, alén da posibilidade de que o Concello poida actuar como avalista en casos moi concretos.
- Potenciar a relación entre os viveiros de empresas que actualmente operan na cidade: o do concello, o da universidade e o da fundación Paidea, aproveitando o solo industrial dispoñíbel na Coruña.
- Avanzar na liña de tramitación electrónica dos procedementos, do pagamento de facturas, da contratación administrativa e a licitación electrónica a través de plataformas virtuais creadas para tales efectos.
- Establecer contratos programa para o desenvolvemento de actividades, con axudas condicionadas a unha serie de obxectivos que deberán cubrir as empresas dos mozos e mozas empresarias.
- Crear a cidade da tecnoloxía a través de actuacións conxuntas con outras administracións públicas, sinaladamente a Universidade da Coruña.

2.4.- Emprego verde. Sustentabilidade

Aposta o BNG por avanzar cara a unha economía fundamentada na sostibilidade para o que é preciso un cambio estrutural do modelo produtivo actual que faga ademais fronte a crise económica. Son múltiples as posibilidades que presenta o escenario de hoxe en día para un maior desenrolo destas ocupacións e outras emerxentes que xorden dos novos modelos de produción e consumo sostíbeis. É precisa unha economía máis ecoeficiente e máis integrada no medio ambiente, axustada ás capacidades de carga dos ecosistemas e na que se dea pulo aos bens e servizos ecosistémicos.

O investimento ambiental e a protección do medio ambiente non supón un obstáculo para o desenvolvemento socioeconómico senón que, pola contra, é rendible, beneficioso para todos e mesmo é unha poderosa ferramenta de creación de emprego.

A Estratexia Europea de Desenvolvemento Sostible cita a importancia de crear unha economía próspera, innovadora, rica en coñecementos, competitiva e eficiente desde o punto de vista ecolóxico que dote de altos niveis de vida e un emprego pleno e de calidade. A saída da crise ten que ser a entrada nunha nova economía social de mercado sostible, máis intelixente e máis respectuosa co medio ambiente, na que a nosa prosperidade se fundamentará na innovación e nunha mellor utilización dos recursos tendo como motor o coñecemento. Unha economía baseada no coñecemento, conectada, sostible e máis inclusiva, capaz de medrar de xeito rápido e sostible e de xerar altas taxas de emprego e progreso social.

Promoveremos un goberno no Concello máis transparente, socialmente participativo, responsábel, eficaz e coherente, no que se considere o plano da sustentabilidade como unha política transversal que abrangue a todas as demais e sexa fonte xeradora de emprego.

ACTUACIÓNS

- Desenvolvemento Planos de fomento do consumo responsable e a produción sostible.
- Potenciar a rehabilitación urbana sostible como xeradora de emprego verde.
- Fomentar o emprego verde na xestión complexa, integrada e eficiente da Auga e a xestión e tratamento dos residuos.
- Desenvolvemento unha formación orientada á cualificación e adaptación dos traballadores ás novas tecnoloxías e a cultura da sustentabilidade.
- Comercio xusto nas compras públicas.
- Implantación efectiva das axendas locais 21
- Desenvolvemento programas que traian como consecuencia unha efectiva redución das emisións contaminantes.
- Concepción dos Puntos Limpos como lugares que xeran riqueza e emprego a través da reciclaxe e da recuperación e como lugares onde se leven a cabo tamén actuacións de Mercado de Residuos.
- Apoiar e promover a creación de industrias de reciclaxe, de recuperación e optimización de recursos e de estudo de residuos para o deseño de novos xeitos de reciclaxe e fomento da redución na orixe, sinaladamente nos polígonos industriais.
- Fomentar as ocupacións ambientais de emprego verde. Nomeadamente:
 - Tratamento e depuración de augas residuais.
 - Xestión e tratamento de residuos urbanos.
 - Produción de enerxías renovábeis.
 - Xestión de espazos naturais protexidos.

- Servizos ambientais a empresas e entidades (consultarías, enxeñerías e auditorías ambientais)

2.5.- Polígonos Industriais

En época de crise, cómpre levar a cabo políticas non só en defensa dos nosos sectores estratéxicos, senón tamén das infraestruturas estratéxicas da Coruña, como é o caso dos nosos polígonos industriais. Entendemos que estes teñen que estar dotados das mesmas estruturas e servizos que o resto da cidade. Ademais, e dadas a súas características especiais, requírese que todas as competencias relativas aos Polígonos Industriais sexan coordinadas e xestionadas por unha soa Concellaría.

ACTUACIÓNS

- Concentrar todas as competencias relativas aos Polígonos Industriais nunha soa Concellaría, para os efectos de facilitar e axilizar a xestión e a resolución de todas as súas necesidades.

Agrela

Na actualidade no Polígono de Agrela desenrolan a súa actividade máis de 600 empresas que dan emprego a uns 12.000 traballadores no propio Polígono. É parte importante do desenrolo económico da cidade, sendo polo tanto preciso un importante esforzo na mellora da calidade das instalacións, infraestruturas e servizos, proporcionando un maior valor engadido a actividade desenrolada.

ACTUACIÓNS

- Mellorar a circulación viaria.
- Repoñer as beirarrúas deterioradas.
- Dotar de servizos, alcantarillado e alumeado público, e mellorar as infraestruturas na área comprendida entre as zonas de O Bosque e O Martinete.
- Mellorar e ampliar o servizo de transporte de autobuses urbanos.
- Estudar a viabilidade do emprego do camiño de ferro Porto-Refinaría, que atravesa o Polígono e que está inactivo, de cara á implantación dun servizo de tren de cercanías como medio de transporte.
- Reparar o firme nalgún dos viais.
- Mellorar e repoñer o alumeado público.
- Mellorar e ampliar o servizo de limpeza.
- Ampliar o novo punto de apartación a outro tipo de residuos.
- Correcta sinalización e nomenclatura das rúas do Polígono.
- Construír unha pasarela para cruzar a estrada de Carballo, á altura da rúa Newton.

- Humanizar o Polígono con novas zonas axardinadas, plantación de árbores e colocación de bancos.
- Colocar nas principais entradas ao Polígono un panel co plano do mesmo.
- Revisar as zonas onde se necesita acometer obras de soterramento de liñas de media tensión e eliminación de transformadores obsoletos.

Pocomaco

Existen 376 empresas instaladas no Polígono que crean uns 5.000 empregos directos e uns 2.000 indirectos. A diferenza de Agrela que é público, Pocomaco é privado. É necesario pór en valor o Polígono de Pocomaco co fin de que conte cos servizos e dotacións precisas para un óptimo funcionamento das empresas alí instaladas e logre así atraer a máis.

ACTUACIÓNS

- Mellorar a accesibilidade e mobilidade. Tendo en conta que a actividade primordial do Polígono é a comercial, nomeadamente as empresas de alimentación, transporte e distribución de mercadorías os principais problemas son o do acceso e o da mobilidade.
- Dotar dunha vía alternativa de acceso ao Polígono de Vio que evite o paso por Pocomaco.
- Apoio do Concello para a instalación do Edificio Social.
- Dotación para o polígono de POCOMACO dunha liña específica de transporte urbano. Contactos permanentes coa Asociación para analizar os percorridos e cabeceiras.
- Abertura da saída da rotonda da avenida da Universidade no seu enlace coa avenida ao polígono de POCOMACO, xa rematada pero co acceso cortado.
- Potenciar a viabilidade do emprego do camiño de ferro que atravesa o polígono de cara a implantación dun servizo de tren de cercanías como medio de transporte.

Vio

A posta en marcha deste novo Polígono Industrial é unha oportunidade para que non se repitan actuacións que leven como consecuencia o déficit de infraestruturas dos Polígonos existentes. Na correcta planificación e dotación de infraestruturas deste Polígono estará fundamentado o seu éxito.

ACTUACIÓNS

- Realizar un estudo, previo a súa apertura, sobre os seus accesos e solución aos mesmos.

- Estudar a viabilidade da prolongación das vías ferroviarias desde Pocomaco a Vío.
- Dotación das infraestruturas precisas para o correcto desenvolvemento das súas actividades empresariais.
- Crear un Centro de captación de Empresas.
- Poñer os medios precisos para que as parcelas sexan accesibles en prezo / m2 ás empresas, cara a facer posible a súa instalación.

2.6.- Comercio e Hostalería

É este un importantísimo sector que afecta enormemente non solo a economía e ao emprego da cidade, senón tamén ao seu propio pulso de vida. O Comercio e a Hostalaría tradicionais manteñen viva a cidade dotándoa de enerxía vital e favorecendo e aumentando a calidade de vida dos coruñeses e das coruñesas. Necesariamente ten o concello que facer unha consulta previa ao sector en todas as súas actuacións e as intervencións administrativas que lles afecten e o BNG comprométese a que así sexa.

Comercio tradicional

O Pequeno e Mediano Comercio ten un valor estratéxico, social e económico fundamentais na propia concepción da cidade da Coruña e o seu desenrolo humano e sostíbel. O comercio tradicional é un dinamizador da economía comarcal e como tal forma parte do proxecto de país que defende o BNG.

É preciso por en valor as súas características de proximidade, especialización e trato máis humano polo que ten de directo e de coñecemento persoal. Así o entendeu o BNG na Xunta cando foi o único que deu axudas para melloras urbanas nos sectores comerciais da cidade, caso das rúas Torreiro ou Barcelona por exemplo, subvencións suprimidas agora polo partido popular no goberno autónomo.

Ademais o comercio tradicional é fundamental no modelo de concello de barrios con espazos urbanos compactos, seguros, relacionais e sustentábeis, nos que se eviten desprazamentos da poboación, a prol dunha sociedade máis igualitaria e nos que se contribúa á preservación do medio ambiente. Pola contra, unha cidade fundamentada en grandes superficies, baleirá as nosas rúas, diminuindo a vida cidadá e consecuentemente á da propia cidade xerando un atranco irreparábel para a calidade de vida da veciñanza polo proceso de desertización que provocan as grandes superficies comerciais. Estas ademais non xeran emprego, destrúen un emprego estable, levando ao peche ao pequeno e mediano comercio, substituíndoo por un traballo en precario.

É precisa a inclusión transversal da actividade comercial do pequeno e mediano comercio como sector estratéxico en todas as políticas e accións municipais e no propio modelo urbanístico cara a dotar de vida aos barrios e a cidade. Este modelo ten que potencialo creando os espazos e a mobilidade precisas cara a súa utilización e viabilidade práctica.

Por outra banda necesitanse medidas fiscais e de protección social que garantan a sostibilidade dun traballo a maioría das veces autónomo. Este é un sector estratéxico que necesita da actuación integral das tres administracións (Concello da Coruña, Xunta de Galiza e Goberno Central). Lonxe de atallar a crise do pequeno e mediano comercio, a Lei galega impulsada recentemente polo PP agrava os seus problemas, xa que non ten en conta o urbanismo comercial, a ordenación do territorio, o impacto sobre o emprego e a protección dos consumidores entre outras cousas, deixando por outra banda completamente desprotexido o galego no ámbito comercial.

Elimina esta Lei un instrumento fundamental para ordenar o comercio desde unha perspectiva supramunicipal, o Plan Sectorial de Establecementos comerciais, un instrumento que tería como finalidade ver onde hai saturación comercial, condicionar os accesos, as prazas de aparcamento, en definitiva, o urbanismo comercial. A Lei foi feita a medida e ao ditado dos intereses das grandes superficies comerciais e non responde ás demandas e necesidades dos pequenos comerciantes e do comercio tradicional.

ACTUACIÓNS

Participación do pequeno e mediano comercio nas políticas municipais

- Dado o seu carácter transversal, consulta previa preceptiva por parte do Concello da Coruña no deseño e na execución de todas aquelas actuacións e intervencións municipais en que estea implicada a actividade do pequeno e mediano comercio.
- Integrar o pequeno e mediado comercio como actividade estratéxica a protexer e a dinamizar nun plano de urbanismo e de mobilidade sustentábel.
- Poñer en marcha un Plano integral de apoio ao pequeno e mediano comercio atendendo a súa realidade en cada barrio da nosa cidade.

Promoción da venda no pequeno e mediano comercio

- Desenvolver unha normativa de baixos comerciais (complexizadora e heteroxénea) orientada á busca da rexeneración do pequeno e do mediano comercio dos barrios en que se atopa.
- Elaborar unha listaxe de baixos comerciais, incluíndo os baleiros e en desuso, para a súa oferta en réxime de aluguer controlado, de modo que permita a revitalización das actividades do pequeno e do mediano comercio.

- Incentivar ás persoas propietarias dos baixos comerciais para que oferten os mesmos en réxime de aluguer accesíbel e gravar ás persoas propietarias de baixos comerciais que permitan o deterioro e abandono das súas propiedades, sempre coa finalidade de favorecer a súa posta en valor e uso por parte do pequeno e do mediano comercio como medio para acadar a revitalización das súas actividades.
- Realizar políticas de bonificacións e exencións fiscais municipais nas actividades do pequeno e do mediano comercio.
- Realizar programas de formación, apoio, reforzo e dotación de medios ao pequeno e mediano comercio.
- Elaborar unha listaxe de establecementos comerciais de arraigada tradición na nosa cidade de cara a súa protección integral e posta en valor.
- Apoiar, promover e defender todas aquelas iniciativas do pequeno e do mediano comercio que incidan en iniciativas da venda de produtos de consumo responsábel.

Promoción do consumo no pequeno e no mediano comercio como opción responsábel

- Realizar campañas municipais dirixidas á compra no pequeno e no mediano comercio como opción de consumo responsábel que garante, mediante o tecido das redes da economía doméstica e dos mercados locais da pequena produción e consumo, a vitalidade dos barrios e dos espazos públicos tradicionais da nosa cidade.
- Elaborar un plano municipal de consumo no pequeno e no mediano comercio atendendo á realidade de cada barrio, que facilite e faga cómoda a compra nos seus establecementos con incentivos ás persoas que consuman en establecementos comerciais desta natureza tales como servizos de canguros en zonas concretas, rebaixas no prezo polo uso do transporte público e nos aparcadoiros privados e sorteos periódicos de premios, entre outros moitos.
- Intervencións municipais con apoio dos sectores implicados que permitan estreitar directamente o consumo nos establecementos do pequeno e do mediano comercio co consumo nos establecementos da hostalaría dos nosos barrios e co turismo da nosa cidade.

Hostalaría

Do mesmo xeito que o comercio tradicional, a hostalaría forma parte da propia vida social, económica e mesmo turística da Cidade. Serven os mesmos argumentos e actuacións expresadas con anterioridade pero ademais hai que considerar que a normativa en virtude da que se levan a cabo inspeccións a certos locais de hostalaría é incoherente, xa que a interpretación e a aplicación da mesma dá pé a actuacións moi discrecionais que están a provocar inseguridade entre moitos hostaleiros e hostaleiras.

Cómpre adaptar a ordenanza en vigor á normativa vixente en Galiza e á realidade na nosa cidade en virtude de tres argumentos legais: a norma é moi complexa redactada dun xeito que produce inseguridade na súa interpretación e aplicación, trátase dunha norma obsoleta e desfasada no tempo e o análise con outras ordenanzas municipais de Galiza e doutros puntos do Estado non resiste a comparación.

ACTUACIÓNS

- Actualizar a ordenanza municipal de ruídos adaptándoa as esixencias do vixente decreto da Xunta de Galicia e as do resto de normativas vixentes no Estado nas que se contempla a posibilidade de música ambiental nos bares, recoñecendo que os criterios realmente válidos son os dunha correcta convivencia entre o dereito ao descanso e a actividade da hostalaría. Habilitación da posibilidade de actuacións de artes escénicas e música ao vivo.
- Estabelecer na Ordenanza tres condicións
 - Non superar unha cota máxima de decibelios.
 - Establecer un control dos límites sonoros en determinadas franxas horarias mediante a instalación de sonógrafos.
 - Identificación dos locais como espazos con música ambiental como criterio de calidade do local.
- Preservar o dereito da cidadanía á intimidade e ao descanso, conxugándoo co dereito dos hostaleiros e hostaleiras a desenvolver a súa actividade.
- Revisar a actual ordenanza municipal sobre terrazas de cara a lograr unha maior axilización na tramitación das solicitudes formuladas.

2.7.- Universidade

O Concello da Coruña debe manter unha estreita colaboración coa súa Universidade para o aproveitamento dos medios e recursos de que dispoñen ambas institucións, con resultados útiles para o conxunto da cidadanía. Estudos recentes sobre o impacto das universidades na súa contorna mostran que o efecto máis importante, con moita diferenza, é o derivado do seu labor docente formando os recursos humanos de alta cualificación para os máis diversos sectores de actividade, tanto no eido privado coma no público. É a cantidade e a calidade dos titulados que saen das universidades o que máis amplos e sostidos efectos ten sobre o dinamismo económico e sobre a capacidade innovadora dun territorio.

Por iso, a Universidade da Coruña é algo máis que unha institución internacional académica e de investigación, é un polo de atracción, de divulgación e promoción en todos os sentidos de Galiza, da comarca, da área metropolitana e da Coruña no intercambio de profesorado, de estudantado e de persoal administrativo e de servizos.

É necesario que a Universidade conte, tamén co apoio do Concello da Coruña, con infraestruturas propias. Na actualidade non hai en toda a Universidade da Coruña ningunha residencia universitaria pública. É prioritario que a Universidade da Coruña conte cun sistema de residencias públicas que atenda prioritariamente as necesidades dos estudantes e, dentro deste colectivo, dos que teñen un menor nivel de renda. Unha residencia pública na nosa cidade lle daría solución ao aloxamento para o alumnado e docentes e persoal de administración e servizos que chegan de fóra. A Universidade ten que asumir a xestión da residencia como servizo público para garantir que os distintos colectivos universitarios, especialmente o estudiantado, poida facer uso das instalacións e poida hospedarse nelas con independencia da súa capacidade económica.

A Universidade da Coruña potencia a cooperación científico-tecnolóxica con institucións diversas e alianzas de tipo estratéxico con outras entidades do contorno socioeconómico, en que figuran os concellos. O propósito é establecer mecanismos efectivos de transferencia de tecnoloxía e difusión dos resultados de investigación, potenciar as prácticas de estudantes e recién diplomados e licenciados en empresas, impulsar a incorporación dos seus titulados no tecido empresarial e promover o espírito emprendedor e a creación de empresas de base tecnolóxica. A Universidade da Coruña actúa neste sentido como unha institución de coñecemento multidisciplinar con grupos que ofertan e transfiren ao seu contorno socioeconómico un amplo espectro de coñecementos e tentan dar resposta ás demandas da sociedade, razón pola que cumpre potenciar a presenza de centros tecnolóxicos da Universidade na nosa cidade e garantir a presenza efectiva da Universidade da Coruña en parques empresariais, tecnolóxicos ou iniciativas semellantes da nosa cidade e da nosa comarca.

A problemática da accesibilidade aos campus da Universidade da Coruña non é un problema secundario e debe de ter unha resposta no ámbito do transporte nas súas diferentes modalidades: un transporte público eficaz, económico e sustentábel, a racionalización do transporte privado, a accesibilidade ferroviaria e peonil e a existencia de carrís-bici son medios de acceso que hai que ter en conta no deseño dos campus, para impulsar formas de desprazamentos suaves ou de débil impacto ambiental fronte a modelos que impulsan desprazamentos con graves problemas. Isto esixie un estudo detallado e o compromiso para acadar solucións integrais e duradeiras coa Universidade da Coruña.

As relacións entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña deben establecerse sobre a base da necesidade de que as infraestruturas universitarias sexan xestionadas e financiadas de xeito público. Mais tamén sobre a base de termos presentes en todo momento que as intervencións por ampliación do Campus nas aldeas da Parroquia de San Vicenzo de Elviña deben garantir o dereito da veciñanza a vivir con dignidade no lugar. Non ten sentido expropiarlles aos veciños as súas terras e as súas casas para a construción

dunha área residencial privada e con ánimo de lucro, no lugar dunha área residencial universitaria concibida como un servizo público e xestionada pola universidade.

ACTUACIÓNS

- Promover e apoiar unha Residencia Universitaria Pública na Coruña, respectando e garantindo o dereito dos veciños e das veciñas a vivir no lugar.
- Promover e apoiar o Parque Tecnolóxico Universitario, respectando e garantindo o dereito dos veciños e veciñas a vivir no lugar.
- Colaborar coa Universidade cara a creación de cátedras-empresa baseadas na colaboración en proxectos de investigación que redunden en beneficio da cidade e da comarca e que permitan aos estudantes conciliar a súa actividade investigadora coa mellora da súa formación.
- Pular polo establecemento de servizos directos aos campus da Coruña e de Ferrol, negociados coas compañías concesionarias dos servizos regulares de transporte nos concellos da comarca.
- Aumento da frecuencia nas horas-punta, da ampliación das liñas para que accedan a todos os campus e do mantemento do servizo especial en setembro, tras o acordo coas compañías de autobuses urbanos.
- Bono-bus mensual con tarifa plana, no transporte urbano e no interurbano, negociado coas instancias correspondentes e con financiamento parcial por parte da Universidade para os estudantes con menor nivel de renda
- Procurar a mellora das comunicacións entre A Coruña e Ferrol, con especial atención á liña ferroviaria e promover a posta en funcionamento de trens de proximidade utilizando o apeadeiro de Elviña.
- Mellorar os accesos aos campus, incorporar o carril bus e os accesos peonís.
- Asinar un convenio marco para o fomento das relacións da Universidade da Coruña co Concello para a realización de actividades de promoción económica, culturais ou formativas de interese artístico-histórico, lingüístico, etnográfico, económico, ambiental...
- Asinar un Convenio coa Universidade que regule todo o relativo as infraestruturas desta que dependen da Administración Local.

2.8.- Mar

Entendemos que a cidade da Coruña naceu no mar e é unha cidade fundamentalmente mariñeira na que ao longo da historia o mar sempre foi o motor do seu crecemento. A cultura mariñeira está presente en todas as manifestacións culturais da Coruña e non se pode entender a cidade sen enmarcala no seu entorno mariño tanto cultural como económico polo que

BNG sempre tivo especial interese na defensa de todo o relacionado con este tema e seguirá a traballar intensamente no seu desenvolvemento. É por elo que se levarán a cabo as seguintes

ACTUACIÓNS

- Potenciación, apoio, defensa e promoción das actividades de pesca, marisqueo, percebe e baixura en todos os seus ámbitos de actuación.
- A raíz do traslado da actividade pesqueira, da maioría da flota de baixura coruñesa, da Dársena da Mariña ao porto de Oza, cómpre dotar de servizos á nova Dársena, especialmente en todo o relativo a transporte, mobilidade e equipamentos portuarios.
- O BNG impulsará os produtos da Confraría de Pescadores, colaborará coas súas actividades e se erixirá como garante dos colectivos de baixura, marisqueo e percebe.
- Aposta decidida por recuperar a cultura do mar.
- Apoiar a petición ao Concello do colectivo de mariscadores e mariscadoras dun local onde podan desenvolver as súas actividades de control, pesado e clasificación, e que dispoña ademais de zonas de vestiarios e de reunións.
- Celebrar actividades lúdicas de exaltación dos produtos da pesca de baixura.
- Avanzar na execución do saneamento integral da ría do Burgo e da planificación racional dos seus usos.
- Recuperar o banco marisqueiro e pesqueiro da zona da contorna do emisario de Bens, zona totalmente degradada e que conta cunha grande riqueza mariña.
- Plano de eliminación de verquidos da cidade ao mar para garantir a continuidade dos recursos de fauna e flora mariña, nomeadamente nas zonas da desembocadura do río Monelos, na Dársena, no Dique de abrigo, nos Pelamios, en Punta Herminia e na zona de San Roque.
- Defender a modificación do reparto de cotas pesqueiras, nomeadamente do lirio, pescada e cigala.
- Definir un Plan de viabilidade do sector.
- Defender o dereito dos mariñeiros galegos a vivir do seu traballo e non das axudas.

3.- A CORUÑA, CIDADE DE BARRIOS

O dereito á cidade e a cidade como lugar de dereitos atopan a súa materialización natural nos barrios como espazos específicos para poñer en valor dinámicas de transformación social. Por iso, o BNG quere que A Coruña siga a ser unha cidade de barrios, onde os veciños e veciñas participen desta proximidade que redundará nunha calidade de vida maior e onde cada un dos barrios da cidade poda dispoñer dos servizos precisos, do desenvolvemento económico necesario e das infraestruturas precisas. Barrios non solo comunicados có centro senón tamén entre si, procurando actividade entre eles, económica, social e de mobilidade, e barrios que teñen que conservar as súas características urbanas ou rurais segundo o caso e postas en valor mediante actuacións adaptadas a cada un.

3.1.- Política de Proximidade

Todas as políticas afectan á Cidadanía pero querémonos referir como de proximidade a aquelas que atinxen ao propio barrio onde vive unha persoa. Así, a primeira e fundamental actuación de proximidade que quere levar a cabo o BNG na Coruña é precisamente a de ter en conta a veciñanza en todas aquelas actuacións municipais que lles afecten directamente polo lugar onde viven, ademais de garantir neste propio lugar a aplicación daquelas ordenanzas municipais que redunden na mellora da súa calidade de vida. Con ese modelo de comportamento, levaranse a cabo as seguintes actuacións.

3.1.1.- Vías Públicas, Obras Públicas, Parques e Xardíns

ACTUACIÓNS

- Recollida de augas pluviais e fecais por separado, eliminando as baixantes de pluviais que rematan directamente sobre as beirarrúas.
- Poñer os medios precisos para a eliminación do tendido eléctrico aéreo polas fachadas. Así mesmo, esixencia de eliminación en prazo, dos postes de luz de obra unha vez rematadas estas nas edificacións.
- Estudo e cartografado dos tramos de fibrocemento que aínda existen na rede de abastecemento de auga de cara á súa paulatina substitución por outros materiais máis sustentábeis.
- Realizar as xestións precisas para que, na medida do posíbel, se retiren as instalacións de cables de alta tensión de enerxía eléctrica en superficie que percorren os barrios rurais, procurando o seu soterramento.

3.1.2.- Circulación Viaria

ACTUACIÓNS

- Implantar, segundo estudo, a “Zona 30” ou doutros elementos de

especial protección para peóns alí onde se requira, e nomeadamente en zonas próximas a colexios, institutos e centros de saúde.

- Presenza policial nas zonas e franxas horarias de maior intensidade de tráfico.
- Realizar campañas de seguridade vial.
- Realizar controis de emisión de gases, ruidos e fumes dos vehículos.

3.2.- Monte Alto

ACTUACIÓNS

- Plano integral de pavimentación e acondicionamento de beirarrúas no barrio facendo as intervencións de xeito paulatino, empezando polas mais urxentes, pero sen esquecer nunca as carencias xerais. Facer unha programación plurianual, no tocante a esta transformación.
- Solución aos problemas dos cruces viarios recorrendo entre outras medidas a instalación de espellos nas confluencias de rúas.
- Elevar os pasos peonís nos tramos onde os vehículos adoitan acadar máis velocidade da permitida.
- Recolocar os pasos peonís naqueles lugares que sexa necesario, elixindo sitios iluminados de perfecta visibilidade onde non se poña en perigo a seguridade dos peóns.
- Estudar a eliminación de bolardos que non impidan o aparcamento e que fagan incómodo o paso de peóns nas beirarrúas nas zonas máis estreitas.
- Acondicionar, mellorar e manter regularmente os parques e espazos públicos do barrio, tendo en conta as necesarias dotacións e actualización do seu moblaxe, no marco dun plan de rexeneración de espazos públicos.
- Elaboración de solucións acordadas coa veciñanza ao problema do aparcamento do barrio xerado por plans xerais de ordenación urbana que favoreceron a creación de edificios sen aparcadoiros, e a redución de prazas de aparcamento por ensanchamento das beirarrúas. Para tales efectos, contemplar a recuperación da xestión dos aparcadoiros existentes no barrio, a obrigatoriedade de garantir, canto menos, unha praza de aparcamento por vivenda nova construída e a realización de estudos de viabilidade de novos aparcadoiros.
- Mellora do transporte público actual no barrio a respecto de liñas e de frecuencias, recuperando liñas de buses especiais para comunicar o barrio con lugares estratéxicos da cidade.
- Rehabilitación do cárcere como espazo de usos destinado á cidadanía.
- Suspensión definitiva do plan de vivendas previsto na Agra de Santo Amaro e acondicionamento da súa contorna.
- Poñer en marcha un Plano de limpeza, conservación e mellora permanente da península da Torre e da cidade deportiva como espazos

- de ocio da cidadanía, mantendo o conxunto escultórico presente na mesma que nalgúns casos se atopa en lamentábeis condicións.
- Catalogación de continuos de edificación, fachadas con trazos similares continuas, que teñan interese polas súas calidades arquitectónicas e ambientais.
- Plano municipal de apoio ao pequeno comercio e hostalaría do barrio.
- Dotar dun rexistro auxiliar no Centro Cívico do barrio para a tramitación administrativa.
- Apoiar e promover o papel do movemento social do barrio.
- Apoiar e promover as actividades culturais do barrio.
- Redistribución e dotación de novas zoas de carga e descarga que garantan a non ocupación de pasos de peóns ou beirarrúas.
- Mellorar o funcionamento do sistema de puntos limpos itinerantes.
- Estender a instalación dunha iluminación eficiente e sustentábel en todo o tecido urbano do barrio.

3.3.- Cidade Vella e Pescaría

ACTUACIÓNS

- Rehabilitar os edificios e espazos públicos da Cidade Vella. No tocante a rehabilitación de vivendas, revisión das ordenanzas para aumentar a súa aceptación polos particulares, respectando a normativa de protección, pero renovando ou acondicionando os interiores ás necesidades vitais de benestar e accesibilidade.
- Finalizar no prazo de tempo máis breve posible as obras de dotación de infraestruturas, iniciadas en 2004, incluída a eliminación dos cabos de telefono e electricidade das fachadas.
- Poñer en marcha o novo PEPRI a fin de garantir a protección dos bens monumentais, espazos públicos e elementos singulares patrimoniais á par que facilitar a restauración de vivendas.
- Poñer en marcha un plano de peonalización que inclúa a posta en valor dos espazos desocupados polos vehículos, garanta a dotación de aparcamento en superficie ás persoas residentes e a accesibilidade ás vivendas e negocios e teña en conta as necesidades de aparcamento das institucións sociais con presenza no barrio. Este plano debe ser realizado coa participación das persoas residentes na zona.
- Ampliar a área de protección ambiental aos entornos monumentais da Cidade Vella.
- Revisar a situación e cumprimento de licencias e horarios de apertura dos locais de copas para evitar que o descanso nocturno das persoas residentes se vexa ameazado.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións correspondentes para a dotación dun Centro Cívico cun Centro de Día para persoas

maiores nas dependencias do edificio do antigo Goberno Militar, para o cal se farán as oportunas xestións co Ministerio de Cultura.

- Realizar as xestións oportunas co Ministerio de Defensa de cara a que as dependencias do cuartel de Atocha pasen a ser de todos os coruñeses e as coruñesas.
- Estudar e executar un plano de comercio que aposte pola creación de novos proxectos emprendedores e consolide os actuais, poñendo en valor de cara aos visitantes a identidade do lugar.
- Renovar e coidar os espazos axardinados, en particular a Praza da Fariña e o Xardín de San Carlos.
- Intermediación perante a Autoridade Portuaria para que esta esixa á empresa concesionaria do aparcamento do Parrote que aborde a construción dos aparcamentos previstos nas bases do concurso na zona das Ánimas para dar servizo, entre outras ás persoas traballadoras e usuarias do hospital Abente e Lago e Reitoría da Maestranza.
- Conservar e poñer en valor as murallas do baluarte do Parrote.

3.4.- Ensanche

ACTUACIÓNS

- Realizar as xestións oportunas coa Consellería de Sanidade para garantir un Centro de Saúde á altura das necesidades da veciñanza .
- Elaborar un Plano integral de tránsito e mobilidade na zona do Ensanche e optimizar os aparcadoiros soterrados que existen na actualidade.
- Apoiar e promover o Comercio e Hostalería do Ensanche, fomentando iniciativas como o Soho da zona do Orzán.
- Elaborar un catálogo das casas modernistas de toda a zona e programas específicos para a súa rehabilitación urxente. Seguimento daquelas casas que amosen deficiencias na súa conservación e adopción de medidas específicas que incidan na responsabilidade social da propiedade.
- Poñer en valor o centro da cidade con medidas específicas de actuación nas que tamén se contemple roteiros urbanos de interese urbanístico.
- Recuperar para a cidade do porto, mediante a apertura de certas zonas en certos horarios, como reclamo turístico e con visitas guiadas para o coñecemento das súas actividades.

3.5.- Labañou e San Roque

ACTUACIÓNS

- Realizar as xestións oportunas coa UdC para a integración no conxunto urbano da zona do Campus de Riazor.

- Realizar as xestións oportunas coa Deputación da Coruña para o acceso público ás instalacións que ten no barrio.
- Rematar a urbanización da zona de San Roque con actuacións tales como asfaltado, remate de beirarrúas, sinalización viaria, rede de sumidoiros e adecuación urbana ao entorno.
- Rematar a rehabilitación do entorno do grupo das vivendas do Carme co arranxo do campo de fútbol e da pista de fútbol sala ao carón da avenida de Pepín Rivero.
- Mellorar o transporte público actual no barrio a respecto de liñas e de frecuencias, recuperando liñas de buses especiais para comunicar o barrio con lugares estratéxicos da cidade.
- Ampliar ao barrio o carril - bici e os puntos recollida de bicicletas co obxecto de facer efectivas as políticas destinadas á mobilidade ecolóxica e non contaminante.
- Negociación dun convenio de colaboración coa UdC, aproveitando as súas instalacións e os centros cívicos, para a creación de puntos de información, asesoramento, axuda e apoio á constitución de PeMES no barrio enfocados a políticas de I + D + i. Descentralizar o viveiro de empresas coa creación de PIEs (puntos de información empresarial).
- Estudar a viabilidade de aparcadoiros na zona que evite o atasco de tráfico provocado pola concentración de centros educativos.
- Rehabilitación de vivendas Grupo de María Pita e Pardo de Santallana
- Ampliar os xogos infantís na praza da Tolerancia e nas pistas polideportivas do grupo do Carme.
- Reparar as beirarrúas en Grupo María Pita, Grupo Pardo Santallana e arredores de Cidade Escolar.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para equipamentos xeriátricos.

3.6.- As Roseiras

ACTUACIÓNS

- Habilitar espazos específicos para a mocidade, contemplando a tales efectos a transformación do espazo de Aventura Park na Praza Elíptica.
- Regularizar o uso dos espazos e adaptación do horario ás necesidades veciñais.
- Dotar dun rexistro auxiliar ao Centro Cívico do barrio para a tramitación administrativa.
- Establecer liñas de axudas para que as organizacións sociais do barrio contén con espazo para a realización das súas actividades.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes de cara a habilitación de espazos para maiores e para o establecemento dun Centro de día no barrio.
- Realizar as xestións oportunas coa empresa Petrogal cara a

urbanización do camiño de terra e barro, da súa propiedade, situado entre a praza da nosa Señora das Roseiras e a rúa Simón Bolívar.

- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes de cara a implantación dun viario de acceso á terceira Rolda.
- Reorganización do cruzamento entre as rúas Manuel Azaña e Rodríguez Castelao cunha glorieta e cambio ou substitución dos colectores de vidro e papel soterrándoos e afastándoos do bordo da beirarrúa por dificultar a visibilidade dos condutores no cruzamento.
- Ampliación da rúa Simón Bolívar en dous carrís e beirarrúas máis anchas en ambos os lados da rúa.
- Camiño de paso cruzando a mediana na rúa Emilio González López entre os números 25 e 27 para dar acceso ás paradas de bus dando continuidade aos pasos de peóns xa existentes.
- Eliminar as pedras da área infantil do parque substituíndoas por material que se axuste á normativa.
- Realizar un estudo sobre a seguridade da tirolina e a posible conveniencia da súa substitución ou non por outros xogos.
- Habilitar un carril-bici desde a estrada do Portiño enlazando co xa existente do paseo marítimo.
- Incluír para a súa limpeza e mantemento por parte de parques e xardíns a parcela existente entre os números 34 e 36 da rúa Emilio González López e tapar polo seu perigo a focha existente en devandita parcela e que leva varios anos mal valado.
- Mellora nas entradas e saídas de todos os colexios do barrio para garantir a seguridade vial estudantil e para regular o tráfico, incluíndo a ampliación da estrada dos Fortes coa inclusión de unha beirarrúa máis ancha no lado do colexio Calasanz, pedindo a colaboración do centro por si fora preciso utilizar parte dos seus terreos.
- Nesa ampliación incluíríase unha rotonda entre Alfonso Rodríguez Castelao e a Estrada dos Fortes, onde hai moito tráfico as horas de entradas e saídas dos Colexios.
- Realizar actuacións de dinamización no barrio para fomentar a instalación de comercios e servizos administrativos.
- Realizar as xestións oportunas diante da Xunta de Galiza para estudo, proxecto e construción dun centro de Formación Profesional dalgunha rama sen presenza na cidade. A tal efecto considerar a parcela prevista para equipamento docente nas Roseiras onde ademais o concello disporía de partes para aparcamentos e zonas deportivas de uso veciñal.
- Rexeneración da praia do Portiño e melloras nas vías de comunicación de acceso á mesma.
- Selar o antigo vertedoiro de Bens.
- Mellorar as vías de comunicación de acceso a San Pedro de Visma desde As Roseiras.
- Reorganizar e adecuar as paradas dos buses con retranqueos, accesibilidade para persoas con discapacidade, cambios de localización

- e colocación de máis pantallas informativas.
- Musealización das galerías dos canóns do Monte de San Pedro.

3.7.- San Pedro de Visma

ACTUACIÓNS

- Asfaltar os camiños do Loureiro.
- Trocar os pasos de peóns por outros que sexan sobreelevados, retirando os badenes instalados de goma. Substitución do badén por un sobreelevado de asfalto na estrada que vai o Parque de Bens, para evitar a contaminación acústica.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes e empresas subministradoras para soterrar todo o cableado eléctrico e de telefonía do barrio.
- Construír beirarrúas na estrada de subida o parque de Bens, na baixada que vai dende o centro cívico ao colexio e na baixada ata o Portiño. Ampliación das beirarrúas existentes naqueles tramos nos que sexa preciso.
- Estender a instalación dunha iluminación eficiente e sustentábel en todo o tecido urbano do barrio, incluíndo puntos de luz cara ao Portiño.
- Instalar pluviais de recollida de augas para garantir un tránsito peonil digno naquelas rúas onde sexa preciso, nomeadamente nas de Río e San Pedro.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para prever o enlace do núcleo de San Pedro de Visma coa terceira Rolda.
- Establecer unha rotonda no cruce de rúa San Pedro de Visma coa baixada do Parque de Bens de análogas características á situada en Catro Ventos.
- Promover unha Área multiusos lúdico-deportiva fronte o Centro Cívico.
- Dotar dun rexistro auxiliar no Centro Cívico do barrio para a tramitación administrativa.
- Seguimento da limpeza e desbroce das fincas coa adopción de medidas específicas que incidan na responsabilidade social da propiedade.
- Establecemento de sinais de tráfico de ceda o paso nos cruces das rúas Río con San Pedro de Visma.
- Mellorar o transporte público actual no barrio a respecto de liñas e de frecuencias, que permita unha comunicación rápida coa cidade.
- Rexeneración da praia do Portiño e melloras nas vías de comunicación de acceso á mesma.
- Mellorar as vías de comunicación de acceso a San Pedro de Visma.
- Recuperar as fontes do lugar.
- Reordenar e renomear o rueiro do barrio.
- Recuperar a toponimia do parque de Bens cos nomes tradicionais da zona, colocando sinais de madeira nos diversos lugares e fincas.

3.8.- O Portiño

ACTUACIÓNS

Alén das actuacións estruturais previstas no apartado de Inclusión Social deste programa electoral:

- Habilitar e acondicionar un espazo infantil.
- Habilitar e acondicionar o local social como espazo onde poder dar cursos formativos e dar saída aos mozos e mozas do barrio.
- Instalar iluminación eficiente e sustentábel.
- Construción de beirarrúas e pavimentación das rúas, contemplando o asfaltado nas vías de comunicación.
- Mellorar o sistema de limpeza e de recollida de lixo, asegurando ademais os contedores e colocando papeleiras.
- Substituír as árbores que están enxoitas por outras autóctonas.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes e empresas subministradoras para que a veciñanza poda dispor de conexións de televisión e internet.
- Realizar campañas periódicas de desratización.
- Mellorar o transporte público e nova marquesiña do bus.
- Realizar as actuacións necesarias para garantir o acceso a unha vivenda e hábitat dignos nun contexto normalizado.

3.9.- A Agra do Orzán

ACTUACIÓNS

- Habilitar un espazo destinado a un centro para actividades de acción social para o barrio da Agra do Orzán.
- Defensa do Parque da Agra, integrando no conxunto urbano a zona verde co peche das mazás de edificios baixo o criterio irrenunciábel do mínimo impacto urbanístico.
- Rematar a urbanización entre o Ventorrillo e San Pedro de Visma seguindo criterios dun urbanismo sustentábel e humanizador.
- Habilitar parques e zonas de senderismo en todo o espazo urbano non urbanizado existente entre a Agra do Orzán, Ventorrillo, A Silva, Cances, Pena Moa, Agramela e Bens. Potenciar estes camiños tradicionais e estas zonas como espazos de lecer e esparcemento.
- Rehabilitar a praza das Conchiñas.
- Mellorar o transporte público para que permita conectar o barrio co resto da cidade, sinaladamente entre o Ventorrillo e a Agra do Orzán

que comunique as Conchiñas, o centro de saúde, o novo centro Ágora e a piscina da Agra.

- Estudar a viabilidade para a recuperación da proposta de demolición da ponte da rolda de Nelle, converténdoo nunha rúa máis no seu tramo da Agra do Orzán.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes e empresas subministradoras para a construción de garderías no barrio que favorezan a integración das nenas e nenos na lingua e cultura do noso país.
- Garantir que o futuro Centro Cívico Agora sexa tamén un espazo de carácter social e exclusivamente público.
- Utilizar as parcelas públicas colindantes co Observatorio Meteorolóxico para zona verde de uso colectivo e público, de acordo coa dirección do Observatorio, mantendo en calquera caso o funcionamento do mesmo.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para rematar a construción da terceira Rolda de Circunvalación, que partindo da rotonda de Manuel Murguía, permitirá a redución da maioría do tránsito da Rolda de Outeiro, tránsito alleo ao barrio da Agra do Orzán.
- Arranxo progresivo das rúas do barrio da Agra do Orzán, xa que desde a súa creación non se repararon.
- Estudar a viabilidade da conversión das Roldas de Outeiro e Nelle en Bulevares, cando funcione a 3ª Rolda de circunvalación.
- Defensa das prazas de aparcamento en superficie no barrio, e reposición das eliminadas aproveitando as obras realizadas no barrio, desbotando a implantación da ORA. Creación de prazas de curto estacionamento para facilitar a mobilidade de nenas, nenos e maiores.
- Recuperar o Muíño da Agramela, coa súa reubicación centrada no barrio da Agra do Orzán.
- Realizar un plano de rehabilitación de vivendas, integral ou parcial, do barrio da Agra.
- Recuperar o acueducto de Montaigú, no campo da Burra (Zona Observatorio).
- Dotar de infraestruturas de carácter deportivo ao barrio da Agra do Orzán.
- Garantir a presenza de Servizos Sociais públicos, que permitan atender as necesidades básicas crecentes das veciñas e veciños, en especial dos mais desfavorecidos (muller, infancia, familia, xuventude, terceira idade e minorías étnicas) do barrio.

3.10.- Ventorrillo, Penamoa, A Silva e Cances

ACTUACIÓNS

- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para

empregar espazos do María Barbeito fóra das horas lectivas para actividades da asociación, como por exemplo empregar a pista polideportiva do patio para fútbol sala.

- Construír un paso elevado pola rúa Jaime Hervada.
- Habilitar espazos para o estudo no Agora.
- Dotar dun rexistro auxiliar no Agora para a tramitación administrativa.
- Estudar a posibilidade da creación de outro tipo de infraestruturas para o aparcamento de vehículos, de cara a habilitación de espazos para resolveren os problemas de aparcadoiro do barrio.
- Senda verde que conecte o barrio coa Agramela, Visma, Bens e o Portiño.
- Recuperar e poñer en valor a Fonte de Cances e da Arqueta próxima do Agora.
- Habilitar a pista de tenis para a realización doutras actividades deportivas.
- Melloras no uso do pavillón do Ventorillo para o seu emprego por parte dos equipos deportivos do barrio.
- Mellorar as conexións do transporte público urbano coa Universidade e cos hospitais.
- Rematar as beirarrúas.
- Soterrar os contedores do lixo.
- Aplicar as actuacións estruturais previstas no apartado de Inclusión Social deste programa electoral en Penamoa.

3.11.- Os Mallos, Sagrada Familia e Vioño

ACTUACIÓNS

- Facilitar a accesibilidade aos servizos sociais e cívicos do barrio achegándoos ás distintas zonas (Sagrada Familia, Mallos, Falperra, Vioño).
- Aumentar a oferta de actividades e das prazas que hoxe en día existen no Centro Cívico.
- Realizar os trámites oportunos coa Consellería de Educación e os claustros dos IES e CEIPs do barrio para o uso colectivo das súas instalacións.
- Mellorar o transporte público urbano para dotar ao barrio de liñas de comunicación co centro de saúde, co centro cívico e cos demais servizos dos que se ten dotado ao barrio.
- Estudar a posibilidade da creación de outro tipo de infraestruturas para o aparcamento de vehículos.
- Realizar un estudo sobre as prazas libres (sen vender ou alugar) que hoxe en día existen nos aparcamentos da rolda de Outeiro de cara á optimización e rendabilidade do seu uso por parte da veciñanza.

- Rehabilitación urbana no núcleo central do barrio (Mallos e Falperra) primando a dotación de espazos diáfanos que humanicen o barrio.
- Aproveitamento dos escasos lugares abertos para dotalos de axardinamento, arborado e espazos verdes (prazas e avenidas).
- Apoiar e promover o comercio e a hostalaría do barrio con actuacións específicas.

3.12.- Os Castros, A Gaiteira, Oza e As Xubias

ACTUACIÓNS

- Creación e impulso da Área Comercial dos Castros.
- Apoiar e promover os locais comerciais situados no pasadizo da futura Avenida de Oza até a rúa da Mercedes, investindo en infraestruturas que faciliten a accesibilidade.
- Apoiar e promover as actividades do asociacionismo de barrio no marco dun programa de axudas baseado nos principios de igualdade e axilidade, que permita o financiamento de actividades e gastos correntes.
- Realizar actividades específicas de formación para o emprego, atendendo á realidade da cada colectivo do barrio afectado polo desemprego.
- Mellorar as infraestruturas do barrio, sinaladamente as que teñen que ver co suministro de auga.
- Mellorar o transporte público no marco dun plano de mobilidade, que contemple os usos alternativos ao vehículo privado como medio de transporte (ferroviario, metro lixeiro e marítimo).
- Abrir o porto ao barrio como espazo da veciñanza e da cidadanía.
- Revisar a drenaxe do parque Europa, que no inverno asolágase con relativa frecuencia.
- Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para a recuperación do Faro de Oza, pechado e sen proxecto de apertura á cidadanía por estar baixo o control do Porto.
- Rehabilitar e dignificar a antiga Casa do Concello de Oza, situada na rúa Montes. Creación do Museo de Oza no que se lembren os seus Alcaldes e gobernos municipais e ás súas actas, hoxe no Arquivo Municipal da Coruña.
- Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para a recreación do Castelo de San Diego.
- Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para a construción das paseos fluviaais, onde a orografía urbana o permita, de Monelos e Quintás.
- Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para a rehabilitación e restauración da capela de Oza.
- Poñer en valor as fontes naturais que emanan ao abeiro do novo Parque

- de Oza e arredores, emerxendo, na actualidade, á superficie en pésimas condicións e sen solución de sumidoiro e canalización.
- Nova instalación de pavimento da rúa da Gaiteira ao estar xa levantado nalgunha zona. Evitarase a colocación de lousa, estética no mesmo grao que antifuncional xa que o seu asentamento é moi complicado, o que dá lugar ao continuo levantamento.
 - Colocar beirarrúas no conxunto do barrio, nomeadamente na rúa González Chas, e nas zonas aínda por urbanizar.
 - Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para a dotación dun Centro de Día e dunha gardería municipal, aproveitando para tales efectos a edificacións xa existentes de propiedade pública no barrio.
 - Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para dotar de máis medios materiais e persoais a Biblioteca González Garcés, e tamén para o aproveitamento do material descatalogado da biblioteca para a súa doazón a asociacións e entidades do barrio e da cidade.
 - Levar a cabo unha actuación inmediata para a eliminación dos puntos negros do túnel dos Castros e Casabranca.
 - Actuación na rolda de Outeiro no seu tramo desde a zona dos Castros á Cubela.
 - Mellorar o ordenamento do tráfico na rúa da Mercedes e na rúa Antonio Ríos.
 - Mellorar o transporte público para que permita a comunicación con zonas específicas do barrio tales como peirao de Oza e o centro do SERGAS).
 - Ampliar o carril - bici ao longo da cidade, estudando sobre plano as posíbeis zonas, principalmente Avenida de Oza, Catro Camiños, estrada do Porto e zona dos Castros e Oza.

3.13.- Castrillón

ACTUACIÓNS

- Nas zonas con maior condicionamento orográfico, nomeadamente Castrillón e Avenida dos Caídos, substitución, dentro do posíbel, de escaleiras por ramplas, e colocación de varandas e pasamáns.
- Aprobación definitiva do proxecto de urbanización e requirimento á “Xunta do Polígono” para a súa urbanización do Polígono H9.11 “Fariña Ferreño” dedicando unha parcela de 9.000 m² a Residencia Terceira Idade.
- Construír entre o Concello e a propia “Xunta do Polígono” a praza que xorde tras a urbanización na Rúa Fariña Ferreño.
- Realizar no polígono APE H9.01 "Parque de Oza" as seguintes actuacións:

- Construír Piscina e Polideportivo
- Aprobar Proxecto de Compensación
- Aprobar Proxecto de Urbanización
- Urxir á xunta do APE a urbanización da mesma incluíndo a zona verde de 6.000 m² que xorde entre as Rúas Antonio Ríos e Avenida dos Caídos.
- Executar a parte do viario da rúa Oleoduto, próximo ao Parque de Eirís, entre a Avda. Casanova de Eiris e Estrada da Pasaxe que lle corresponde ao Concello
- Habilitar espazos para resolveren os problemas de aparcadoiro, preservando ao tempo a existencia de zonas verdes e aproveitando para tales efectos os espazos que fiquen baleiros como consecuencia do traslado de certas infraestruturas ao porto exterior.
- Desenvolver sendas verdes que permitan conectar o Parque de Eiris co Parque de Oza.
- Protexer a parte do antigo Camiño Real que pasaba polo barrio.
- Estudar a posible localización de ramplas e/ou escaleiras mecánicas nas zonas con maior pendente do barrio.
- Estudo dunha liña de metro lixeiro que conecte a Estación Intermodal co CHUAC pasando polo barrio.
- Desenvolver un Festival de Folclore Galego no inverno que sirva para potenciar traballos de investigación sobre o noso folclore
- Mellorar o transporte público do barrio con redución das frecuencias das liñas.

3.14.- Matogrande, Elviña, O Birloque, San Cristovo, Someso e Martinete

ACTUACIÓNS

- Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para a creación dunha oficina de correos no barrio de Elviña.
- Construción, nos tramos que aínda faltan, e ampliación das beirarrúas na estrada AC0512 na avenida do Birloque e na avenida de Martinete.
- Construír beirarrúas no entorno de Someso e Martinete, sobre todo nas proximidades da área de ocio que recentemente se ten aberto.
- Habilitar aparcadoiros en superficie en Matogrande.
- Mellorar na frecuencia e comunicación do transporte público no Birloque.
- Habilitar a sinalética das rúas no Birloque.

3.15.- Eirís

ACTUACIÓNS

- Instalar fontes de auga no conxunto de parques e xardíns e, nomeadamente, na pista de skates da zona de Eirís.
- Mellorar o transporte público para que comunique co CHUAC e que tamén permita conectar os Castros e os centros comerciais periféricos. Necesidade do aumento das frecuencias das liñas intermetropolitanas de buses, con achega de acordos co municipio de Culleredo, e non so as relativas á liña que une a cidade co aeroporto, senón que tamén con liñas a Fonteculler, A Corveira, Vilaboia, O Burgo e Culleredo.
- Abrir a rotonda sobre do túnel de Eirís e actuación inmediata na nova regulación viaria para o acceso á avenida de Monelos e a rúa Cernadas e Rolda Camilo José Cela.
- Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para o establecemento dun Centro de Saúde.
- Estudo pormenorizado da zona para a elaboración dun plano de mobilidade viaria, incluíndo nova dotación de infraestruturas se fosen necesarias, de cara á adecuación da zona ás súas necesidades.
- Construír pasarelas para peóns que conecten Eiris con Palavea.
- Dotación e reparación no seu caso de toda a rede de sumidoiros no barrio.
- Apoiar e promover a aldea de Eirís coma área verde da cidade.
- Instalar unha rede de sumidoiros para as casas do lugar que carezan delas.
- Abrir a rúa Terranova de Eirís ata a Avda. de Monelos.
- Solicitar ó Ministerio de Fomento os usos do terreo sobre o falso túnel de Eirís entre a zona da Avenida de Monelos coa rúa Jerónimo Vázquez Franco e a Avenida de Lamadosa.
- Ampliar o campo de fútbol para que cumpra coas medidas regulamentarias e a dotación de vestiarios.
- Baños públicos axeitados no parque de Eirís.
- Abir na parte que corresponda ao Concello a rúa Oleoducto na zona de Eirís ata Casablanca.
- Cubrir todas as necesidades de mantementos como alumeado, limpeza e colocacións de nomes das rúas.
- Reconstruír as fontes e pazo de Valparaíso en Eirís, do século XVII.
- Recuperar o patrimonio cultural material e inmaterial do lugar (uxío carré, lesta meis, topónimos, fontes...).

3.16.- Barrio das Flores e Monelos

ACTUACIÓNS

- Realizar un proxecto de dinamización do barrio das Flores, aumentando a vida do barrio con actuacións sociais, culturais, económicas e de lecer. Ademais, accións que supoñan a posibilidade de actuacións comerciais no interior.
- Recuperar os espazos comúns deteriorados e posta ao servizo do barrio dos espazos desocupados para a realización e desenvolvemento de actividades por parte da asociación veciñal.
- Apoiar e promover a realización das actividades por parte dos movementos sociais e veciñais do barrio.
- Mellorar o transporte público colectivo.

3.17.- Pedralonga, A Pasaxe e Monte Mero

ACTUACIÓNS

- Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para o establecemento dun Centro de Saúde atendendo ao crecemento de poboación e para a creación dunha gardería no Centro de Primaria de Pedralonga.
- Solicitud de pasarela peonil, para acceso de Pedralonga a Palavea, que comunique ambos barrios á vez que facilite o acceso dos veciños de Pedralonga ao Centro Comercial Alcampo.
- Crear un Centro Social para o Barrio de Pedralonga aproveitando o terreno público de 300 m² do antigo lavadoiro en completo abandono na actualidade.
- Habilitar unha rede de saneamento público e sumidoiros en todas as casas.
- Levar a cabo a limpeza e o control de vertidos do Río de Quintas. Construción ao seu carón dun paseo de uso público, cas instalacións necesarias (bancos, papeleiras..).
- Plano de rehabilitación das Casas de Sta. Cristina.
- Racionalizar o acceso os edificios 93, 95, 107, 109, 111 de Pedralonga, para deixar sempre paso o camión do lixo, os bombeiros ou ambulancias.
- Control de tráfico e pasos de peóns e instalación de bandas rugosas.
- Asfaltar o camiño de Monte Mero ao Centro Educativo dos Maristas. E revisar e ampliar a iluminación e asfaltado de caminos e rúas.
- Mellorar na dotación de mobiliario urbano (papeleiras, contedores de residuos selectivos, paradas de bus,..).
- Realizar un rueiro dos barrios cos seus correspondentes letreiros que

- identifiquen cada unha das rúas.
- Habilitar espazos para parque infantil e para reunións e ocio dos maiores da zona.
- Recuperar a toponimia e microtoponimia do barrio.
- Habilitar espazos para as distintas entidades do barrio.
- Crear a zona verde do Monte Mero.

3.18.- Palavea e Santa Xema

- Crear as zonas verdes de Santa Xema.
- Construír pasarelas para peóns que conecten Palavea con Santa Xema e Santa Xema coa Pasaxe.
- Reforzar as frecuencias das liñas intermetropolitanas de buses nomeadamente as liñas que teñen parada no centro comercial de Palavea (Alcampo), e principalmente cos municipios de Culleredo e Oleiros, liña que une a cidade co aeroporto, e liñas de Fonteculler, A Corveira, Vilaboa, O Burgo, Culleredo, Santa Cristina, Santa Cruz, Bastiagueiro, Perillo e Montrove.
- Recuperar a oficina de correos no barrio de Palavea.
- Dotar dun rexistro auxiliar ao centro cívico de Palavea.
- Necesidade de educadores/as de rúa para que traballen coa mocidade (moita desta está sen escolarizar).
- Barreiras sonoras que arreden ás leiras e aos predios e casas das vías que arrodean o barrio de Palavea.
- Mellorar os accesos ao barrio.
- Conservar e manter os xardíns das leiras e predios.
- Pavimentar Palavea Vella.
- Necesidade dunha iluminación acaída e sustentábel para todo o barrio.
- Colocar máis papeleiras no barrio.
- Sanear o río Quintas.
- Recuperar a casa do Curro de Palavea para usos veciñais (sinalan usos de horta).
- Recuperar e manter o patrimonio material do lugar: fonte, pombal e lavadoiro.
- Habilitar e humanizar o Campo da Pena.
- Recuperar os camiños e potenciar das sendas
- Habilitar espazos en Palavea para a práctica de deportes.
- Recuperar a toponimia e microtoponimia do barrio.
- Ordenar o tráfico (estradas, beirarrúas, zonas peonil...) en Palavea Vella.
- Instalar beirarrúas en Alfonso Molina entre Edelmiro Rodríguez e a Ponte Pasaxe.

3.19.- Bens

ACTUACIÓNS

- Instalar beirarrúas pola estrada que vai de Mazaído a San Pedro de Visma.
- Praza pública no núcleo de Bens, contemplando a recuperación do inmobiliario existente para o seu uso pola veciñanza.
- Sistema de recollida de augas pluviais.
- Melloras para facilitar o paso de vehículos de emerxencia naqueles lugares que rexistran dificultades de acceso.
- Asfaltar os camiños de Comeanda e sanear as cunetas.
- Arranxar o camiño que vai desde o local social ao núcleo de Mazaído.
- Mellorar o transporte público, contemplando a prolongación da liña dos buses de San Pedro de Visma até Bens.
- Instalar pasos de peóns na estrada principal de todo o núcleo urbano.
- Mellorar o camiño peonil ata a praia de Bens.
- Promover a inserción laboral da veciñanza nas empresas cuxo impacto ten afectado ao lugar.
- Levar a cabo un plano de recuperación do patrimonio cultural material e inmaterial do lugar.
- Apoiar e promover as actividades da veciñanza en relación coa Refinaría.

3.20.- Nostián

ACTUACIÓNS

- Conservar o solo do pobo no novo Plan Xeral como solo rústico.
- Instalar beirarrúas entre Nostián, Meicende e a parada do autobús en San Xosé.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para o reasfaltado da estrada entre Nostián e Meicende.
- Neutralizar o impacto negativo da estrada do novo Porto Exterior sobre o pobo, mediante o estudo doutras alternativas.
- Reducir a contaminación, ruídos e cheiros das industrias, así como controis deses niveis ambientais e acústicos prexudiciais para a saúde dos nosos veciños.
- Levar a cabo un plano Integral de Rehabilitación do pobo e recuperación dos camiños tradicionais.
- Restaurar e conservar o Castro.
- Recuperar o camiño peonil ata a praia de Bens.
- Habilitar espazos para a práctica física e deportiva no lugar.

3.21.- Mesoiro e Vio

ACTUACIÓNS

- Realizar as xestións oportunas para a habilitación dun espazo destinado como local social en Mesoiro.
- Mellorar o sistema de canalizacións, con separación de augas fecais e pluviais.
- Realizar as xestións oportunas coas Administracións competentes para mellorar a regulación do tráfico ao paso por Mesoiro.
- Estudar a viabilidade dun paseo fluvial naqueles tramos de Mesoiro onde sexa posíbel.
- Recuperar, poñer en valor e uso o patrimonio cultural, material e inmaterial, do lugar de Mesoiro.
- Mellorar as redes de comunicación no transporte público que conecten as zonas de Feáns e Mesoiro Vello co CHUAC, o Teresa Herrera e o centro de especialidades do Ventorrillo.
- Realizar as xestións oportunas para a instalación dunha parada que cubra a zona de Mesoiro, Novo Mesoiro e Feáns.
- Colocar unha mediana separadora de calzadas desde a rotonda da estrada de Feáns - Mesoiro ate a primeira rotonda do Polígono de Novo Mesoiro na denominada rúa Illas Sisargas.
- Colocar unha mediana separadora de calzadas desde a segunda rotonda ate a terceira rotonda do Polígono de Novo Mesoiro na avenida denominada Novo Mesoiro.
- Colocar illas alzadas onde estas, na actualidade, só están indicadas mediante sinalización vertical na calzada en todo o Polígono de Novo Mesoiro.
- Colocar bandas rugosas na totalidade de pasos para peóns en todo o Polígono de Novo Mesoiro.
- Colocar a sinalización horizontal de indicación de "zona 30" en todas as entradas e saídas das rotondas do Polígono de novo Mesoiro.
- Acordar coas administracións correspondentes o arranxo das estradas de acceso ao municipio desde Arteixo e Culleredo.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para dotación de instalacións e infraestruturas que garantan servizos públicos adaptados ás necesidades do barrio.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para o remate dos tramos pendentes e ampliación de beirarrúas na estrada AC0512 na rotonda de POCOMACO, avenida Mesoiro e avenida de Feáns e na que parte da avenida de San Cristovo e que chega ao límite do termo municipal por Arteixo.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para podas máis sistemáticas das zonas públicas non urbanizadas, monte, e zonas rurais e semirrurais. Seguimento e control da poda daquelas

- parcelas non públicas das mesmas características.
- Construír un paseo fluvial na contorna do camiño de Campos.
- Construír novas áreas de lecer e xogos para nenas e nenos, aproveitando tamén o novo parque construído entre o barrio de Novo Mesoiro e polígono de POCOMACO.

3.22.- Feáns

ACTUACIÓNS

- Realizar as xestións oportunas para a dotación dunha parada de taxi que cubra a zona de Mesoiro, Novo Mesoiro e Feáns.
- Recuperar e adecentar os camiños tradicionais contemplando a súa ampliación mesmo con cunetas.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para a mellora e ampliación das beirarrúas, especialmente naqueles lugares onde non existen.
- Realizar as xestións oportunas para ampliar e mellorar o espazo do centro cívico.
- Realizar as xestións oportunas coas administracións competentes para a realización de melloras nas instalacións do colexio Manuel Murguía que sirvan tamén para uso de actividades da veciñanza.
- Mellorar e actualizar os pasos de peóns para que garantan un tránsito peonil de calidade.
- Melloras con actuacións diversas no campo da festa que permitan o lecer da infancia e dos maiores.
- Promover o uso da polideportiva de Novo Mesoiro por parte da veciñanza do lugar.
- Recuperar, poñer en valor e uso do patrimonio cultural, material e inmaterial, do lugar.
- Na Urbanización Breogán:
 - Dotar á Urbanización de zonas comúns de lecer, para adultos e cativos.
 - Establecer a Urbanización como zona 30.
 - Completar a sinalética mediante a instalación na entrada da urbanización dun panel cun plano desta e os nomes das rúas.
 - Adoptar as medidas oportunas para que os propietarios das fincas urbanas manteñan as mesmas en condicións de seguridade e salubridade. E tamén para que os propietarios de fincas urbanas non construídas e co terreo varios metros por debaixo do nivel da calzada realicen as obras necesarias para acabar cos perigos existentes para peóns e vehículos
 - Adoptar as medidas oportunas para que os propietarios dos montes, fincas rústicas e terreos anexos á Urbanización manteñan os mesmos nas condicións as que obriga a Lei.
 - Arranxar as beirarrúas e ampliación no seu caso para garantir

- unha boa accesibilidade peonil a Feáns.
- Manter as infraestruturas viarias.
- Correcta iluminación en eficacia e eficiencia da Urbanización.
- Adecuación da estrada do cemiterio e realización das necesarias actuacións para que a vexetación non sexa un obstáculo para a iluminación pública e un perigo para a circulación vial.

3.23.- San Vincenzo de Elviña

ACTUACIÓNS

- Realizar un plano de rehabilitación integral de San Vincenzo de Elviña.
- Realizar un plano de rehabilitación integral do Castro de Elviña.
- Realizar un plano de protección tipolóxica de vivenda en barrios singularmente conservados, como O Souto (Castro) e Aldea de Abaixo (Elviña).
- Rehabilitar o espazo público do Cruceiro.
- Realizar un plano de protección dos núcleos e a súa contorna, cara a respectar a súa tipoloxía, a fin de evitar a súa degradación.
- Recuperar a corre道ira tradicional que une os dous núcleos: o Camiño de Sarmelos.
- Instalar beirarrúas na estrada de Castro.
- Instalar un pavimento acaído á natureza dos propios núcleos, para que quede claro que hai un tránsito peonil e que debe ser respectado.
- Habilitar conexións para peóns con Matogrande.
- Defender o val de Elviña para que non sexa entendido como un territorio a expropiar e transformar. É un espazo natural, parte dun elemento cultural ligado as propias aldeas, co valor engadido de ser unha paisaxe cultural.
- Realizar modificacións na ampliación do Campus Universitario. Desafectación das casas que quedan entre o camiño de Sarmelos e a estrada de Castro de Elviña.
- Modificar o proxecto do Parque Tecnolóxico a fin de que non impliquen destrución de vivenda.
- Diseñar unha nova rede viaria. O actual deseño levou o ruído e a polución dos coches a lugares que foran sempre verdes.
- Modificar o plano especial de protección do Castro de Elviña para que todo aquilo que non se vaia a escavar quede fora expropiación.
- Conservación do Patrimonio:
 - Monte en solo rústico de especial protección en estado de abandono.
 - Camiños tradicionais en desuso e en proceso de degradación.
 - Agras de cultivo parcialmente abandonadas na contorna de protección do BIC de Castro de Elviña.
- Reparar o custo social e económico das expropiacións.

- Realizar un estudo sobre os beneficios de incentivar actividades silvícolas e agrarias.
- Recuperar e reforzar a identidade cultural.
- Sinalización da toponimia: rueiro tradicional, sinalización dos lugares, catalogo e sinalización da toponimia en solos rústicos.
- Recuperar a toponimia e microtoponimia nos lugares urbanizados ou rebautizados.
- Catalogar correctamente os bens etnográficos de Elviña.
- Estabelecer unha liña de axudas e subvencións para a recuperación dos bens etnográficos, ligado á rehabilitación dos núcleos e da súa contorna.
- Rematar a rede de sumidoiros e a de pluviais en Castro de Elviña.
- Realizar as xestións oportunas coas Administración competentes para garantir unha conexión coa terceira rolda cara ao aeroporto.

3.24.- As Revoltas

ACTUACIÓNS

- Habilitar partidas orzamentarias para o acondicionamento da zona.
- Reordenación urbana e revisión dos plans urbanísticos actuais para a nova construción de vivendas e o control dalgúns veciños que recorren á edificación por vía de feitos consumados có conseguinte deterioro da situación urbanística no lugar.
- Regularización das normas urbanísticas xa que na actualidade o baleiro legal existente non permite a venda de parcelas.
- Plan de rede de sumidoiros.
- Instalación de beirarrúas.
- Limpar as fosas sépticas ata na zona de Palavea e río Quintás, eliminación dos focos de augas fecais en superficie detectados na zona e saneamento integral.
- Realizar un novo planeamento do percorrido e frecuencia das liñas dos autobuses urbanos para favorecer o transporte público e evitar o uso do vehículo privado.
- Realizar as xestións oportunas para a habilitación dun espazo destinado como local social.

3.25.- Santa Margarida

ACTUACIÓNS

- Levar a cabo un plano de rehabilitación integral do Parque de Santa Margarida, que inclúa actuacións de acondicionamento das zonas axardinadas, do alumeadado tanto en eficacia como eficiencia

enerxética, das zonas de paseo e descanso eliminando os obstáculos que impidan a mobilidade, de mantemento, conservación e inclusión de novas especies arbóreas que incrementen a riqueza forestal do parque.

- Dinamizar o Parque con actividades sociais, físico-deportivas e de comercio responsábel, que lle dean vida.
- Dotar da infraestrutura necesaria ao centro cívico veciñal para garantir o normal desenvolvemento das súas actividades.
- Mellorar a seguridade vial para garantir unha mobilidade peonil en rúas concretas do barrio, eliminando os perigos actualmente existentes.
- Apoiar e promover o pequeno e mediano comercio do barrio.

4.- O CONCELLO DA CORUÑA COMO PIAR DO BENESTAR

As políticas de benestar e de carácter social, públicas e de calidade, son un piar fundamental do noso proxecto de país e, por tanto, do noso proxecto para A Coruña. Nun contexto de crise económica que afecta á maioría da poboación, é fundamental aumentar as partidas orzamentarias do concello destinadas a gasto social, particularmente no eido dos servizos sociais en liña co obxectivo de acadar arredor do sete por cento dos orzamentos como vén recollido na vixente Lei de servizos sociais, como xeito de paliar os efectos que está a causar no conxunto da sociedade, especialmente naquelas persoas que, ante unhas taxas de desemprego en constante aumento, son máis susceptíbeis de sufrir unha situación de exclusión social e pobreza.

4.1.- Servizos Sociais e políticas de Benestar

A promoción do benestar dos cidadáns é unha das principais razóns de ser das administracións públicas nas sociedades avanzadas. Desde a constitucións dos denominados estados do benestar, os poderes públicos asumiron como responsabilidade propia a garantía duns estándares mínimos de vida e da cobertura dos riscos sociais e vitais, da igualdade de dereitos e oportunidades no desenvolvemento vital e da promoción de valores que contribúan a cohesión social. Os servizos sociais, xunto coa atención sanitaria, a educación, a vivenda e as prestacións de garantía de ingresos, son un dos piares básicos deste sistema de benestar.

4.1.1.- Servizos Sociais Comunitarios

O Concello da Coruña ten realizado ao longo dos últimos anos un importante esforzo en materia de servizos sociais, que se reflicte tanto a nivel orzamentario, como nas dotacións de persoal e equipamentos sociais ao servizo dos cidadáns. Neste sentido, pódese afirmar que constitúe un referente no conxunto do país.

Sen embargo, este esforzo en dotacións, equipamentos e recursos humanos non se corresponde, cando menos de forma suficiente, na calidade do servizo, na oferta de prestacións ou, en definitiva, nos resultados alcanzados en relación co benestar dos cidadáns. As listas de espera e a demora na atención ao cidadán ou a persistencia das problemáticas de infravivenda son algúns exemplos desta incongruencia entre medios dispoñibles e resultados obtidos.

O compromiso do BNG para a próxima lexislatura é o de activar o conxunto dos recursos municipais, poñendo a excelencia dos servizos ao servizo do benestar dos cidadáns.

ACTUACIÓNS

Mellora da atención ao cidadán

- Eliminar as listas de espera na atención primaria. Atender todas as demandas de entrevista nun prazo máximo dunha semana.
- Poñer en marcha unha oficina de información social -presencial, telefónica e telemática- de atención inmediata.
- Ampliar o servizo de información e atención primaria ás 24 horas, 365 días ao ano.

Modernización e calidade

- Definir un catálogo de prestacións e servizos sociais municipais, coa regulación das condicións para o seu exercicio.
- Modernizar os servizos sociais comunitarios. Implantación de novas tecnoloxías da información e a comunicación para a xestión interna e a relación cos cidadáns.
- Diseñar e implantar un sistema de indicadores sociais que permita realizar un seguimento dos niveis de benestar social e avaliar a efectividade das políticas locais.

Participación

- Constituír o Consello Local de Servizos Sociais, como órgano de participación, asesoramento e consulta.
- Implantar a xestión participativa e non lucrativa no programa de actividades socioculturais, en colaboración co tecido asociativo da cidade, garantindo a pluralidade na xestión e desenvolvemento da programación.
- Articular un sistema local de servizos sociais que integre de forma efectiva os servizos de titularidade municipal e os desenvolvidos polas entidades sociais sen fin de lucro do territorio.

4.1.2.- Inclusión Social

A exclusión social é un proceso que vai debilitando o vínculo entre o individuo e o resto da sociedade. Estes vínculos son de tipo económico, laboral, social, persoal ou espacial. A complexidade deste fenómeno determina que a súa prevención e a loita contra o mesmo deban ser exercidas por todos os departamentos da administración de xeito transversal, incorporándoas como valor nas súas políticas. Resulta imprescindible, para un aproveitamento eficaz dos recursos dispoñibles, a coordinación de todos os sectores implicados, tanto no deseño das estratexias como na súa execución.

Na cidade da Coruña o tema da inclusión social ten unha especial relevancia no caso concreto de colectivos de persoas vulnerábeis tales como a comunidade inmigrante e a comunidade xitana. Na Coruña reside a quinta parte da poboación xitana galega, e aínda que nos últimos anos estase a vivir un avance importante no proceso de integración, o proceso de realoxo dos habitantes do asentamento chabolista de Penamoa evidenciou a forte discriminación que aínda sofre este colectivo así como a indefensión xurídico-administrativa que padecen, pondo de manifesto a urxente necesidade da intervención dos poderes públicos.

Corresponde aos poderes públicos en xeral, e ao Concello da Coruña dentro das súas competencias, realizaren políticas de cohesión social dirixidas especialmente a inserción sociolaboral dos colectivos mais vulnerábeis, por isto desde o BNG asumimos o compromiso de:

ACTUACIÓNS

Planificación

- Elaborar un “Plan Integral de Inclusión Social do Concello da Coruña”, fundamentado nunha análise da realidade social sobre a que se vai a intervir, con coñecemento das particularidades de cada colectivo para determinar os diferentes niveis de necesidades, establecendo en función das mesmas, liñas estratéxicas de actuacións coordinadas. O devandito plan municipal debe elaborarse coa participación activa, nas distintas fases do proceso, de tódolos sectores implicados: diagnóstico, desenvolvemento de actuacións e avaliación.
- Crear unha Oficina Municipal de Inclusión Social.

Acceso ao traballo

- Fomentar o acceso ao traballo das persoas excluídas ou en risco de exclusión social.
- Fomentar o acceso a formación cara a incrementar os niveis de competencia.
- Favorecer a reserva de solo industrial local para proxectos sociais e empresariais que impulsen a inclusión laboral de colectivos en situación de exclusión social.
- Promover a responsabilidade social empresarial có obxectivo de que as empresas ordinarias se impliquen tanto na contratación das persoas en risco de exclusión como na escolla de provedores de produtos e/ou servizos entre as empresas de inserción.
- Inclusión de cláusulas sociais na contratación administrativa de servizos ou obras, dando preferencia a entidades sen ánimo de lucro para favorecer a integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social.

- Apoiar e promover as empresas de inclusión social.
- Velar nestas empresas polo cumprimento do principio de igualdade de retribucións para igual traballo.

Acceso á Vivenda

Na nosa cidade hai persoas que non poden disfrutar do dereito a vivenda por non ter posibilidades de cubrir axeitadamente as súas necesidades máis básicas e fundamentais dada a súa pertenza a colectivos excluídos e marxinados, o que lles leva a vivir en asentamentos precarios. Un primeiro obxectivo ten que ser pois a normalización deste dereito, un segundo que todos os individuos vexan respectada, coñecida e valorada a súa cultura e un terceiro acadar a corresponsabilidade social das intervencións.

ACTUACIÓNS

- Articular medidas que contrarresten as dificultades que por razón de orixe, sexo, etnia, cultura ou relixión, poidan ter estes colectivos para acceder a vivendas de aluguer ou compra.
- Crear unha Oficina Municipal de Vivenda.
- Combater as pautas racistas e discriminatorias da cidadanía e dos poderes públicos.
- Estabelecer medidas específicas de reforzo que favorezan a mellora da súa calidade de vida ata acadar o disfrute dunha igualdade de oportunidades no acceso normalizado á vivenda.
- Achegar, cara ao seu coñecemento, aos colectivos excluídos e marxinados.
- Crear e visibilizar espazos sociais, culturais e lúdicos de relación interculturais.
- Reforzar os recursos humanos do concello, con coñecemento das culturas minorizadas.
- Poñer en marcha ferramentas coparticipadas e un esforzo conxunto dos poderes públicos e a cidadanía.
- Aproveitar as sinerxías entre varios colectivos sociais, favorecendo o traballo interdisciplinar e coordinado e potenciar a capacidade de presión e de denuncia co fin de que cada un dos actores asuma a súa parte de corresponsabilidade social.
- Transparencia na información dos procesos e na utilización e inversión dos fondos.
- Crear un órgano de traballo de carácter consultivo e de coordinación e seguimento.

Asentamentos precarios

No proceso de erradicación do chabolismo e de asentamentos precarios levado a cabo polo concello da Coruña, as problemáticas sociais non foron ben

determinadas nin tampouco ben tratadas, debido fundamentalmente á ausencia de programas de intervención social estables no tempo e a falta de implicación no proceso das partes afectadas.

A día de hoxe seguen pendentes de solución os asentamentos precarios de Penamoa, Ponte da Pasaxe, O Portiño e As Rañas. A problemática de cada un destes asentamentos é moi distinta, polo que dende o BNG coidamos que antes de iniciar ningunha acción concreta é preciso realizar un estudo rigoroso da situación actual e elaborar un “Plan integral de Inclusión Social” para cada un dos asentamentos que contemple itinerarios personalizados de inserción integral deseñados en colaboración e coordinación coas familias afectadas, entidades e concellarías implicadas.

ACTUACIÓNS

- Elaborar un Plan integral de Inclusión Social para cada un dos asentamentos, logo dun traballo previo de identificación e diagnose das problemáticas e necesidades en coordinación coas familias afectadas, e as entidades e concellarías implicadas.
- Posibilitar a participación activa da poboación a quen vai dirixido.
- Fomentar a implicación das distintas organizacións sociais especializadas nas diferentes áreas de intervención.
- Participación das diferentes áreas da administración implicadas.
- Sensibilizar, mediante proxectos comunitarios, a toda a cidadanía na necesidade de resolver a problemática dos asentamentos precarios desde a igualdade, o respecto mutuo e a interculturalidade, cos seguintes obxectivos:
 - Vivenda: Garantir o acceso a unha vivenda e hábitat dignos nun contexto normalizado.
 - Formación: Mellorar as condicións de acceso ao emprego da poboación a través da educación e a formación.
 - Emprego: Apoio e promoción de mecanismos de incorporación laboral.
 - Educación: Facilitar e garantir o acceso á educación.
 - Sanidade: Posibilitar hábitos sanitarios que melloren as súas expectativas de vida.
 - Participación: Favorecer procesos de participación en organizacións comunitarias que favorezan a convivencia intercultural.

4.1.2.- Persoas con Discapacidade

Entende o BNG a discapacidade como vector transversal de atención preferencial en todas as liñas de acción política do Concello. Esta acción política desenvolverase con arranxo aos principios, valores e mandatos da

Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade aprobada polas Nacións Unidas en 2006 e asinada e ratificada polo Estado.

ACTUACIÓNS

- Aprobar un plano de inclusión no Concello das persoas con discapacidade, que articule toda a política da Entidade nesta materia.
- Revisar e modificar toda a normativa local para adecualala ó novo marco normativo instaurado de acordo coa Convención Internacional antes citada.
- Poñer en marcha campañas de sensibilización, concienciación e educativas dirixidas a todos os grupos de poboación do concello sobre a realidade das persoas con discapacidade en colaboración coas entidades do terceiro sector de base asociativa especializadas.
- Incluír de oficio en todos os pregos de contratación administrativa cláusulas sociais que prioricen ás empresas licitadoras que fagan esforzos de responsabilidade legal e social contratando persoas con discapacidade.
- Asumir o compromiso de non contratar, asinar convenios ou conceder subvencións a empresas ou entidades que non cumpran a cota legal de reserva de emprego para persoas con discapacidade establecida legalmente ou as súas medidas alternativas.
- Sometemento das subvencións que o Concello entrega a Entidades públicas ou privadas para a realización de obras ou proxectos de construción e infraestrutura o requisito previo de acreditación do cumprimento da lexislación vixente sobre accesibilidade e eliminación de barreiras que sexa aplicable.
- Incorporar ás Ordenanzas de Inspección Técnica de Edificios (ITE) requisitos de accesibilidade, de modo que todos os edificios que deban reformarse en virtude dunha ITE inclúan a obriga de accesibilidade.
- Cumprir coa cota legal de reserva de emprego e compromiso para alcanzala ó longo do mandato da Corporación. Acadarase o obxectivo do 2% de empregados públicos con discapacidade. Polo tanto, hai que elevar do 5% ó 7% a cota de reserva mínima nas oposicións ou outras probas de acceso para persoas con discapacidade na Corporación local, así como adoptar medidas de reserva específicas para persoas con discapacidade intelectual.
- Cumprir rigorosamente coa lexislación que obriga a que todas as páxinas de Internet públicas sexan accesibles para persoas con discapacidade.
- Promover o emprego para traballadores/as con algunha discapacidade.
- Crear un cartón de aparcamento para as persoas con mobilidade reducida. Permitirá á persoa discapacitada, ou ao condutor ou condutora que a acompañe, aparcarse sen ser multada nas zonas restrinxidas do concello: estacionar nas prazas reservadas para este

colectivo, nas zonas de carga e descarga e tamén de xeito gratuíto nas zonas de Ora.

- Eliminar as barreiras arquitectónicas nos aparcamentos da cidade e adoptar as medidas necesarias para garantir a accesibilidade e mobilidade nos mesmos.
- Apoiar os programas de atención específica que desenvolven as distintas entidades do terceiro sector de base asociativa especializadas con persoas con discapacidade física, psíquica ou/e sensorial.

4.1.4.- Dependencia e Poboación Maior.

A atención ás situacións de dependencia é un dos principais retos que están a afrontar os servizos sociais nos últimos anos. O progresivo envellecemento da poboación e os cambios nas estruturas sociais e familiares esixen unha resposta dos poderes públicos para garantir unha adecuada atención e calidade de vida desta poboación.

Na cidade da Coruña viven mais de 45.000 persoas maiores de 65 anos (un 18% da poboación), das que case 9.000 precisan de algún tipo de axuda ou atención na súa vida diaria. A promulgación da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e da Lei de Servizos Sociais de Galicia supuxeron un importante avance na cobertura das necesidades desta poboación. Sen embargo, as limitacións nas dotacións orzamentarias e a deficiente xestión da implantación dos servizos por parte da administración autonómica está a frustrar as expectativas dos cidadáns.

Desde o BNG entendemos que a atención ás persoas dependentes debe ser unha prioridade do goberno municipal, non só polo dereito a unha adecuada calidade de vida deste importante sector da poboación, senón tamén pola incidencia que ten nas dinámicas vitais, sociais e laborais das persoas obrigadas a coidalas.

ACTUACIÓNS

Dependencia

- Crear o teléfono da dependencia que informará en liña de recursos e situación de expedientes.
- Reducir nun 50% dos prazos efectivos de valoración das situacións de dependencia por parte dos servizos sociais municipais.
- Incrementar progresivamente a cobertura do servizo de teleasistencia ata a súa universalización á finalización da lexislatura e ampliar a localización fóra do domicilio.
- Incrementar nun 50% os niveis de cobertura do servizo de atención domiciliaria.
- Acondicionar cinco centros de atención de día para persoas semidependentes en centros cívicos municipais, cun total de 250 prazos.

- Poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a construción de dúas residencias para persoas dependentes.
- Habilitar programas de cohabitación para persoas maiores que vivan soas.
- Desenvolver recursos de respiro familiar.

Vida activa

- Poñer en marcha da “Tarxeta +”, con descontos para as persoas maiores en todos os servizos e programas municipais.
- Establecer prezos acaídos nas tarifas de uso dos medios de transporte público.
- Reforzar os programas de xantar a domicilio e bono restaurante.
- Potenciar a oferta de actividades para as persoas maiores na rede de centros cívicos municipais, con especial atención a aquelas destinadas ao fomento dos hábitos de vida saudable, de adquisición de habilidades para a vida independente e de relación social.
- Poñer en marcha un programa de fomento do acceso da poboación maior á oferta de programas e servizos culturais e deportivos de titularidade municipal.

4.1.5.- Persoas con adiccións

Para o BNG resulta de vital importancia realizar tarefas de prevención de drogodependencias e outras adiccións desde o Concello, como administración máis próxima á cidadanía e mellor coñecedora das distintas problemáticas sociais locais. Prestarase, ademais, apoio a programas de atención específica que desenvolvan as distintas entidades do terceiro sector de base asociativa especializadas en dependencias e adiccións.

ACTUACIÓNS

- Elaborar un plano municipal de prevención de drogodependencias e outras adiccións.
- Crear un observatorio de drogodependencias e outras adiccións coa participación directa dos organismos e entidades que teñan relación con estas realidades na nosa cidade.
- Fomentar e apoiar ás actividades de sensibilización, atención, concienciación e educación das entidades do terceiro sector de base asociativa especializadas neste ámbito dirixidas a todos os grupos de poboación do concello, aproveitando para tales efectos espazos públicos municipais tales como os centros cívicos.
- Establecer prezos acaídos nas tarifas do uso dos medios de transporte público que faciliten achegarse ás unidades asistenciais de drogodependencias aos usuarios e ás usuarias destas, así como facilitar as paradas das unidades móbiles.

4.1.6.- Infancia

En relación á infancia é preciso atender a situacións derivadas da falta de conciliación da vida familiar e laboral, ao tempo que garantir a atención a situacións específicas de dificultade social. Resulta necesario, ademais, asegurar a escolarización evitando o absentismo escolar.

ACTUACIÓNS

- Ampliar os servizos de atención á infancia como recurso de conciliación para as familias, adaptando espazos específicos nos centros cívicos onde for posíbel.
- Impulsar á creación de novas escolas infantís integradas na rede galega como servizo público de atención á infancia de idades comprendidas entre os 0 e 3 anos.
- Reforzar a escolarización temperá dos nenos e das nenas en situación de risco social garantindo a súa escolarización.
- Desenvolver programas de axuda no fogar para a infancia e de diminución do absentismo escolar.
- Apoiar na atención educativa daquela poboación infantil e adolescente con baixo rendemento ou risco de abandono escolar.
- Colaborar e apoiar ás entidades que traballan con infancia e adolescencia en dificultade social.

4.1.7.- Doenzas pouco frecuentes

As doenzas pouco frecuentes son aquelas que teñen unha baixa incidencia na poboación. Para ser considerada como tal, cada doenza específica só pode afectar a un número limitado de persoas. Concretamente, cando afecta a menos de 5 de cada 10.000 habitantes. Non obstante, as patoloxías pouco frecuentes afectan a un grande número de persoas, xa que segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), existen preto de 7.000 doenzas pouco frecuentes que afectan ao 7% da poboación mundial. En total, estimase que no Estado español existen máis de 3 millóns de persoas con doenzas pouco frecuentes. Por iso, calquera persoa pode sufrir unha patoloxía pouco frecuente en calquera momento da súa vida.

É obxectivo do BNG visibilizar a situación na que se atopan tanto as persoas que padecen enfermidades pouco frecuentes como os seus propios familiares. Faise preciso reclamar para estas persoas un tratamento equitativo, igualdade e que non sexan discriminadas na súa condición de doentes.

ACTUACIÓNS

- Apoiar programas de atención específica que desenvolven as distintas entidades de doenzas pouco frecuentes.
- Poñer en marcha actividades de coñecemento e sensibilización sobre a realidade destas doenzas en colaboración coas entidades de doentes e familiares.
- Equidade para os doentes na asistencia social e sanitaria.
- Equidade nos dereitos sociais básicos das persoas doentes e as súas familias: saúde, educación, emprego e vivenda.
- Equidade nos tratamentos, terapias e medicamentos orfos necesarios para a abordaxe da súa enfermidade.

4.2.- Medio Ambiente

É desde a perspectiva de desenvolvemento sostíbel da actuación local onde cómpre poñer o punto de mira no medio ambiente e na defensa da natureza. Trátase de entendela globalmente nas relacións da especie humana coa súa contorna e polo tanto afecta á cultura, ensino, urbanismo, lecer, desenvolvemento, mobilidade, enerxía, consumo responsábel e todas as demais áreas de influencia humana. En definitiva trátase de minimizar e acadar o equilibrio na pegada ecolóxica.

O BNG aplicará no concello unha política ambiental guiada por dous obxectivos: a conservación e protección da contorna e a súa posta en valor como esteo do desenvolvemento sostible local e, en particular, rural.

O marco de actuación será a Axenda 21 Local, impulsando desde o BNG a súa implantación, recolléndose os obxectivos xerais deste programa, o desenvolvemento sustentábel e a participación cidadá, a través dos seus instrumentos, a auditoría ambiental e o plano de acción local.

Ademais do exercicio efectivo das competencias municipais incluídas na lexislación en materia de protección ambiental, o BNG impulsará actuacións de planificación urbanística e ordenación territorial encamiñadas a evitar ou eliminar situacións de contaminación ambiental (atmosférica, vertidos, acústica, electromagnética e lumínica), así como a elaboración de planos de usos permitidos, incentivos para a relocalización de actividades industriais en espazos reservados para estas actividades ou a racionalización do transporte.

En xeral, as políticas ambientais e de conservación do medio natural impregnarán todas as accións municipais de xeito interdisciplinar, e se intentará converter ás instalacións municipais en referentes para a cidadanía de coidado do entorno e boas prácticas ambientais.

Así mesmo, o BNG deseñará actuacións en materia de educación ambiental, no seu caso en cooperación con outras administracións, a través de campañas de sensibilización e educación ambiental dirixidos especialmente aos sectores sociais con máis incidencia no medio e fomentando instalacións como aulas da natureza, centros de interpretación e similares.

Ademais o BNG comprométese a que o Concello da Coruña asine o Pacto Europeo dos alcaldes por unha enerxía local sustentábel e consecuentemente presentará un plan de acción enerxético sostíbel, documento clave onde se definirá o xeito de acadar o obxectivo de redución do CO2 para o 2020 expresado no Pacto. O Plan incluirá accións relativas tanto ao sector público como ao privado.

ACTUACIÓNS

- Elaborar un plano da auga metropolitano que se ha guiar polos seguintes obxectivos:
 - Evitar a mala utilización da auga, promovendo o seu aforro nos fogares e instalacións públicas mediante campañas de sensibilización e a modificación das ordenanzas fiscais para gravar o consumo real incentivando o aforro do recurso.
 - Divulgar unha campaña de educación ambiental que conteña como mensaxe central o uso racional da auga e a prevención da contaminación, incorporándoa no sector público, sistema educativo, entidades non lucrativas e empresas.
 - Promover un uso racional das augas co establecemento de medidas de aforro e racionalización dos recursos hídricos.
- É obxectivo do BNG o saneamento integral do concello, o que implicará a posta en marcha das seguintes medidas:
 - Deseño e execución de redes de sumidoiros, con separación de augas pluviais e fecais.
 - Disposición de medidas de recomendación construtiva de vivendas e urbanizacións para o aforro no uso das augas potábeis, reutilización das augas, permitindo a absorción hídrica natural dos solos e a redución das augas residuais.
 - Creación de infraestruturas para o tratamento das augas residuais, tendo en conta no seu deseño o menor impacto ambiental posíbel e, alí onde for factíbel, procedementos de depuración de carácter extensivo (tratamento de lagoaxe, filtros verdes e zonas húmidas en xeral).
 - Abordar, sempre que sexa viábel, tratamentos que tendan á reutilización da auga para usos produtivos.
- Velar, no que atinxe ao abastecemento enerxético, para que as empresas fornecedoras do servizo cumpran coas súas obrigas e garantan a subministración a toda a poboación.
- Regular e, no seu caso, xestionar medidas de supresión ou minoración dos impactos paisaxísticos e dos riscos para a saúde: trazados de liñas de alta tensión, localización dos centros de distribución, soterrado das liñas de media tensión en núcleos de poboación e de baixa tensión que afecten a conxuntos histórico-artísticos e monumentos.

- Promover programas de aforro e eficiencia enerxética con planos de mellora da iluminación pública e en xeral no consumo enerxético municipal.
- Estabelecer convenios para instalacións térmicas e fotovoltaicas nos edificios públicos municipais, converténdolas en referencia para a cidadanía das boas prácticas ambientais.
- Fomentar entre a poboación, sempre que sexa posíbel, as enerxías limpas e alternativas facilitando asesoramento técnico ou de xestión de subvencións.
- Facilitar a mobilidade peonil, ampliando os seus espazos de uso, fronte á motorizada.
- Potenciar o transporte colectivo e o uso da bicicleta mediante o deseño de redes, novos carrís bici e aparcadoiros e outras medidas de promoción. Especialmente, fomentarase en colaboración coas administracións responsábeis plans de ferrocarrís de proximidade en áreas urbanas e metropolitanas, fronte a alternativas privadas máis caras e contaminantes.
- Favorecer e facilitar a intermodalidade dos transportes.
- Incrementar, protexer e coidar espazos de uso público que sirvan como lugares de convivencia e lecer (prazas, parques, xardíns, zonas peonís...). e dotar a aqueles espazos urbanos degradados de novos usos para a comunidade como o fomento de hortas comunitarias. En colaboración coas administracións responsábeis, procurarase especialmente os usos públicos efectivos dos terreos situados no espazo público litoral, e a súa posta en valor para un turismo sostíbel.
- Elaborar planos para a rexeneración integral de zonas urbanas e periurbanas singularmente degradadas.
- Diseñar planos de mellora das infraestruturas e do medio nas zonas máis afectadas polo medre da “urbanización”, a fin de evitar a desintegración dos núcleos de poboación tradicionais e ordenar axeitadamente os novos núcleos.
- Elaborar e executar un Plan de protección do patrimonio medioambiental que incluírá medidas para o seu inventariado, a súa preservación e vixilancia e de restauración e posta en valor ambiental, social e económica.
- Catalogación de roteiros xa existentes e, establecemento e deseño de novos percorridos, fomentando a conservación e emprego dos camiños antigos, e integrando outras actividades como o seu uso mediante cabalos ou bicicletas.
- Optimizar, poñer en valor e integrar os recursos culturais e ambientais existentes a través de puntos de información, instalacións museísticas, xacementos, lugares de interese paisaxístico ou ambiental. Incorporación do labor de voluntariado ás actividades do patrimonio cultural e ambiental.
- Actualizar o inventario do patrimonio natural, e cultural asociado, apoiando a cultura e o emprego dos recursos de xeito tradicional.

- Apoiar e promover iniciativas de recuperación e divulgación do patrimonio marítimo de A Coruña.
- Redactar o Plan de Acción Enerxética Sostíbel incluíndo edificios municipais, infraestruturas, uso do chan e planificación urbana, fontes descentralizadas de enerxía renovable, políticas de transporte público e privado e mobilidade urbana e participación cidadán e da sociedade civil.
- Procurar un alumeado eficiente, racional e sustentábel. Reducir puntos de luz absurdos ou cunha grande contaminación lumínica.
- Crear aparcadoiros disuasorios á entrada da cidade, ben conectados cos diferentes barrios da cidade e da comarca.
- Defender a protección dos Espazos Naturais de Interese Local (ENIL) para a Ría do Burgo e a súa contorna, ademais de para a zona de Bens e O Portiño.
- Conservar as especies arbóreas autónomas nos principais parques, ademais da súa potenciación e novas plantacións.
- Crear un punto de educación ambiental e interpretación da natureza no Monte de San Pedro.
- Poñer a disposición dos usuarios de información nos Puntos Limpos sobre o custo enerxético e contaminación do recurso que se vai desbotar, tanto na fabricación como na eliminación.
- Realizar as xestións oportunas diante das administracións correspondentes cara a solucionar os puntos de verquidos inventariados e definidos pola Confraría de Pescadores de A Coruña.

Tratamento dos residuos sólidos urbanos

- Tratar os vertidos procedentes da recollida dos Residuos Sólidos Urbanos (RSU) sobre a base da nosa aposta de coordinación e cooperación supramunicipal no marco dun Consorcio das Mariñas integrado por todos os Concellos da comarca.
- Estabelecer unha nova política de xestión de residuos que supere o Plano SOGAMA, que ten unha incidencia negativa no medioambiente polas emisións producidas pola incineración, especialmente a de materiais derivados do petróleo, e sobre a calidade das augas das que se serve a comarca polos seus verquidos no río Barcés, abastecedor do encoro de Cecebre. Ademais dos problemas que supón a incineración, SOGAMA ten un macroverquedoiro, que causa graves problemas no río Lengüelle e no regato da Areosa e distintos problemas polo transporte por estrada dos RSU.
- Recuperar a Planta de Nostian como auténtico centro de tratamento de residuos, de compostaxe, reciclaxe e reutilización, onde todos os Concellos da comarca cumpran coas súas obrigas para a prestación dun servizo óptimo.
- Promover proxectos que teñan como obxectivo a redución, a reutilización e a reciclaxe ademais da compostaxe e autocompostaxe,

pondo en marcha medidas para incentivar a redución na xeración dos residuos sólidos urbanos (RSU).

- Potenciar a recollida selectiva mediante a separación da materia orgánica, promovendo a súa compostaxe, e doutros compoñentes de lixo, promovendo a súa reutilización e reciclaxe.
- Apoiar a creación de industrias de reciclaxe e a optimización de recursos e o estudo de residuos para o deseño de novos xeitos de xestión da reciclaxe e compostaxe.
- Promover os métodos de recollida de materiais de reciclaxe activos, con incidencia especial no comercio e nos residuos especiais, na reutilización e reciclaxe de fármacos, así como na recollida de aceites domésticos.
- Difundir en campañas de sensibilización social e de educación ambiental a redución, reutilización e reciclaxe, con especial incidencia no control e difusión do volume, procesamento e destino dos materiais reciclados, así como na promoción da redución das embalaxes nos produtos de consumo final.
- Impulsar proxectos de restauración ambiental e enriquecemento dos solos nos xardíns e montes en base á compostaxe.

4.3.- Sanidade

Se ben a xestión e a atención sanitarias non son competencias de ámbito local, si que os concellos, como entidades máis próximas aos usuarios destes servizos e como representantes deles, deben erixirse como garantes de que a sanidade continúe a ser pública, se respecten os seus principios (universalidade, equidade, gratuidade no momento da prestación, planificada por necesidades e con participación), e se tomen medidas para incrementar a súa calidade.

Nese sentido os concellos deberán demandar á Xunta a construción e reforma dos seus Centros de Saúde, alí onde sexa necesario, reclamando que se manteña o seu carácter público, tanto no seu financiamento como na súa xestión.

Por outra banda son os Concellos, pola proximidade á poboación, polo coñecemento das súas necesidades e pola convivencia dos axentes implicados nos programas de saúde, o lugar máis acaído para desenvolver programas de promoción de saúde que actúen sobre os determinantes sociais da mesma. Son tamén o lugar onde se pode actuar coas medidas de maior impacto sobre a saúde de responsabilidade de distintas concellarías (seguridade ambiental, dos servizos e alimentar, actuación sobre estilos de vida desde a infancia e proxectos de cooperación comunitaria entre veciños). As maiores alarmas sanitarias mundiais tiveron que ver coa saúde pública e os controis de industrias e servizos, que parcialmente son competencia dos entes locais. Lembrar o problema das vacas tolas, a gripe aviar ou máis recente o exceso de dioxinas en porcos.

Así pois as liñas nas que se fundamenta o programa sanitario municipal do BNG coruñés son a reclamación ao Goberno galego duns servizos sanitarios públicos suficientes e adecuados para as necesidades asistenciais da Coruña, tanto en atención primaria como hospitalaria, a posta en marcha de programas de promoción de saúde baseados na participación da comunidade e a inspección e avaliación da saúde ambiental e alimentar da cidade.

ACTUACIÓNS

- Defensa do sistema e dos servizos públicos sanitarios, demandando ante a administración competente unha dotación suficiente de recursos para que a cidadanía coruñesa reciba unha atención sanitaria de calidade.
- Defensa das familias con doentes con enfermidades pouco frecuentes para que reciban un trato xusto sen importar a rareza da súa doenza.
- Defensa da equidade para os pacientes destas doenzas na asistencia social e sanitaria, da equidade nos seus dereitos sociais básicos, saúde, educación, emprego e vivenda e da equidade nos tratamentos, terapias e medicamentos orfos necesarios para tratar a enfermidade.
- Diagnóstico de saúde comunitario en cada barrio.
- Poñer en marcha programas de promoción de saúde transversais que xeren calidade de vida e aumento de anos de vida saudables. Como mínimo se actuará en programas de:
 - Saúde materno infantil
 - Adolescencia e afectividade
 - Nutrición adecuada
 - Exercicio físico
 - Redución de risco vascular: tabaquismo
 - Persoas maiores, Discapacitados e as súas Coidadoras: Programa de envellecemento san, información e axudas para as coidadoras.
- Crear, como órgano estrutural de participación cidadá no ámbito da saúde, o Consello Municipal de Saúde no que estean representadas organizacións sociais con influencia nos determinantes sociais da saúde (asociacións de veciños, de doentes, de consumidores, de nais e pais, empresarios, sindicatos, grupos ecoloxistas, ensinantes, administración sanitaria e sociosanitaria)
- Promover actividades de investigación de saúde comunitaria en colaboración coa Universidade da Coruña e co Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC).
- Integrar a cidade da Coruña na Rede Europea de Cidades Saudables.
- Desenvolver completamente as competencias que lle asigna a Lei de Administración Local aos Concellos: auga e medio natural, policía mortuoria, condicións sanitarias de lugares de vivenda e convivencia humana, ruído...

4.4.- Ensino

O BNG entende a educación como unha ferramenta básica para loitar contra as diferenzas socioeconómicas, fomentando accións políticas que busquen a igualdade no acceso á oferta educativa e un mellor aproveitamento das potencialidades formativas do tecido educativo coruñés.

Para o BNG a política educativa debe conformar un dos piares fundamentais da actuación política dun goberno. Para isto é precisa unha visión da educación desde unha perspectiva global e transversal, en coordinación directa con todas as áreas de goberno municipal, con todas as institucións con responsabilidades no eido educativo, especialmente coa Xunta de Galiza, e coas asociacións e entidades que traballan no mundo educativo, fomentando un traballo coordinado e en rede, prestando unha especial atención ao uso dos recursos existentes (centros docentes e outras instalacións municipais como os centros cívicos ou as bibliotecas) para que as accións socioeducativas do concello estean coordinadas e cheguen a toda a cidadanía.

O goberno municipal non pode mirar para outro lado se o actual goberno da Xunta de Galiza esquece na súa política educativa o fortalecemento do ensino público ou evita desenvolver ou apoiar actuacións que aumenten as potencialidades do sistema educativo na Coruña. O BNG considera prioritario que desde o goberno municipal se compense cos seus recursos aspectos que complementen a educación de todas e todos os cidadáns.

ACTUACIÓNS

- Diseñar un plano de mellora do sistema educativo na cidade da Coruña, en coordinación cos todos os sectores da comunidade educativa e coa Xunta de Galiza. Este Plano será o guieiro da actuación política do goberno municipal durante toda a lexislatura.
- Abrir os centros fóra do horario escolar para uso das institucións por parte dos veciños e veciñas.
- Delimitar claramente as competencias das Administracións na programación das actividades extraescolares que axuden na conciliación familiar e laboral. Todo o peso da organización e da posta en marcha destas actividades non pode recaer nos pais e nais.
- Elaborar un Plan de eliminación de obstáculos que impidan a mobilidade, o acceso e a evacuación dos centros de ensino.
- Na planificación e nas intervencións urbanísticas e de mobilidade urbana do concello, ter en conta espazos para roteiros escolares que garantan, na medida do posible, o acceso do alumnado aos centros de ensino a pé.

Unha maior oferta educativa

Ampliación da oferta educativa, priorizando os sectores con máis carencias na actualidade:

- Ampliar a oferta educativa de escolas infantís públicas de 0-3 anos e negociar coa Xunta de Galiza o deseño dunha rede única, co obxectivo de equiparar a oferta educativa e atender a forte demanda neste tramo educativo.
- Negociar a ampliación da rede pública de centros de infantil e primaria.
- Ampliar a oferta de Bacharelato e de Formación Profesional, con aumento da oferta de ciclos formativos.
- Potenciar a formación ocupacional e continua, con programas específicos adaptados ás necesidades do tecido produtivo da comarca da Coruña.
- Coordinar cos sectores implicados a mellora da oferta dos programas de cualificación profesional inicial.
- Negociar a ampliación das ensinanzas artísticas na cidade: incremento da oferta de ciclos superiores de Artes, maior oferta de especialidades nos conservatorios dependentes da Xunta e mellora da oferta e da política de prezos da Escola Municipal de Música.
- Potenciar a oferta de idiomas con especial atención á Escola Oficial de Idiomas e a un mellor aproveitamento da rede de centros docentes.

Apoio social á Educación

- Realizar un programa de apoio á escolarización e de educación compensatoria para colectivos desfavorecidos.
- Realizar un plano de loita contra o fracaso escolar na educación obrigatoria, coa posta en marcha dun programa de apoio en coordinación cos centros educativos.
- Realizar un programa de bolsas municipais de axuda para a xente máis desfavorecida (material escolar, transporte, comedor, actividades extraescolares...)
- Realizar un programa municipal de actividades extraescolares nos centros educativos en colaboración coas asociacións de pais e nais.
- Realizar programas de actuación educativa para colectivos específicos: adultos, inmigrantes, pais e nais.
- Negociar o aumento da oferta educativa e asistencial para persoas discapacitadas.

Mellora dos recursos educativos

- Realizar un programa de mellora dos centros públicos de todos os niveis educativos, con especial atención ás novas necesidades formativas e de prestación de servizos socioeducativos (bibliotecas escolares, zonas deportivas, comedores, ...)
- Uso da rede de centros escolares fóra do horario lectivo para o seu uso social e para a dinamización da oferta cultural e educativa nos barrios.
- Apoio e dotación aos centros de material didáctico e de recursos educativos centrados na realidade social e cultural da Coruña e do conxunto de Galiza.
- Levar a cabo acordos de colaboración con institucións privadas e administracións públicas, nomeadamente coa Universidade, para impulsar a oferta educativa e o aproveitamento dos recursos materiais e humanos en beneficio de toda a cidadanía.
- Recuperar a concesión da Escola Municipal de Música e xestionala de xeito directo.
- Redefinir o proxecto educativo da Escola Municipal de Música, facendo fincapé na recuperación do noso patrimonio musical con programas de formación en música e instrumentos galegos.
- Dotar de máis medios a Escola Municipal de Música para diversificar a oferta educativa e estender as funcións da escola coa programación de concursos, certames, concertos e mostras que proxecte a aprendizaxe do alumnado desta escola.

4.5.- Mocidade

A opinión da mocidade e as súas necesidades obxectivas deben definir os contidos da política xuvenil no concello. Na actualidade, a crise económica e social que estamos a vivir, porfía aínda máis naqueles e naquelas que están en proceso de desenvolver os seus proxectos de autonomía persoal. As condicións de vida dos mozos e das mozas desenvólvense hoxe nunha situación de inestabilidade, precariedade e incerteza que dificultan que cheguen a ser autónomos e tomar con liberdade decisións que deben configurar o seu futuro ou proxecto vital. Cómpre, polo tanto, dar resposta a través de programas e actuacións interdepartamentais aos problemas de emprego, vivenda e formación desde unha óptica xuvenil e desde unha relación próxima.

Coa chegada do BNG ao goberno municipal creouse a Concellaría de Mocidade que desenvolveu unha serie de accións en distintos eidos (información xuvenil, dinamización e o lecer, creatividade, participación...) co obxectivo de dar resposta aos intereses da mocidade. Agora cómpre estabilizar programas e servizos e achegalos a un maior número de mozos e mozas dos distintos barrios da nosa cidade.

ACTUACIÓNS

- Crear un observatorio da mocidade na nosa cidade que forneza de coñecementos obxectivos sobre a realidade xuvenil.
- Crear un servizo de información, orientación e asesoramento laboral no Centro Municipal de Información Xuvenil en coordinación co Servizo Municipal de Emprego.
- Estender os programas de dinamización e lecer ao maior número posíbel de mozos e mozas e barrios, cunha proposta anual de actividades diversas, plurais e de múltiple alternativa.
- Desenvolver unha oferta de obradoiros para introducir aos mozos e ás mozas en disciplinas artísticas e culturais.
- Elaborar un censo de creadores xuvenís.
- Crear un prezo xuvenil para asistiren aos museos, teatros, festivais e demais actos culturais.
- Difundir a creación artística xuvenil promovendo espazos expositivos.
- Difundir os programas europeos para a mocidade e fomentar o seu uso.
- Promover e apoiar o asociacionismo non formal.
- Promover e apoiar as manifestacións culturais e artísticas tradicionais da cultura galega na que estean implicadas mozas e mozos.
- Axeitar espazos públicos para emprego dos mozos e das mozas que practican o skateboard ou outros deportes urbanos.
- Abrir salas de estudo en infraestruturas municipais cun horario ampliado en época de exames.
- Estabelecer un bono-bus estudantil universal para estudantes de secundaria, formación profesional e universidade.
- Elaborar unha diagnose sobre as dificultades de acceso a vivenda da xente nova no Concello da Coruña, que teña en conta a situación laboral da mocidade e o prezo de aluguer e o parque inmobiliario dispoñíbel.
- Reservar ate o 30% da vivenda de protección para os menores de 30 anos.
- Reforzar o servizo de vivenda do Centro Municipal de Información Xuvenil.
- Facer un albergue xuvenil público.
- Cubrir de xeito máis eficiente a xeografía da cidade con unha ou dúas liñas de bus universitario.
- Promover o transporte público ou privado non motorizado a través de campañas entre os/as máis novos/as.
- Habilitar espazos para a creación artística xuvenil.

4.6.- Inmigración

Na última década houbo unha aceleración importante nos fluxos migratorios, freada nos momentos actuais pola crise. Inmigración que se

diversificou moito en canto á súa orixe e que se fixo máis visíbel en determinados barrios da cidade.

Non se dexerga unha actuación nidia e continua verbo da poboación inmigrada por parte da administración local, deixando nas mans de entidades do terceiro sector e de colectivos de inmigrantes as accións para dar resposta ás necesidades de acollida, legais, administrativas, de acceso a servizos...

Cómpre que o concello impulse accións no eido da inmigración con carácter continuo e diverso, que vaian alén de superar barreiras culturais e dean resposta ás necesidades vitais que teñen estes homes e mulleres. Mais estas accións teñen que implicar a todas as áreas municipais e a outras administracións, e teñen que contar coas entidades que traballan no día a día coas persoas inmigradas.

ACTUACIÓNS

- Establecer unha coordinación entre todos os axentes sociais que traballan na cidade coa poboación inmigrante para acadar unha maior eficacia dos recursos e das accións.
- Crear un observatorio sobre a inmigración na nosa cidade.
- Reforzar as accións de acollida: guía de recursos e servizos nos idiomas da poboación inmigrada; desenvolvemento de instrumentos de acollida desde o servizo do Padrón municipal; cursos de lingua para promover a capacitación lingüística; coordinación da información e o asesoramento en temas legais; cursos de formación ocupacional; aulas de acollida; obradoiros de pais e nais...
- Promover a participación das persoas inmigrantes e apoiar ás súas entidades.
- Artellar medidas que favorezan a formación, o emprego e o acceso a vivenda.
- Potenciar os servizos municipais existentes neste eido.
- Sensibilizar á cidadanía da realidade da poboación inmigrada e desenmascarar pedagoxicamente prexuízos, rumores...
- Potenciar accións de relación en espazos públicos entre persoas de orixe inmigrante e persoas autóctonas.
- Colaborar con outras administracións e entidades sociais que traballen no ámbito da inmigración para garantir unhas condicións de vivenda digna.

4.7.- Igualdade

Unha das áreas de traballo nas que a entrada do BNG no goberno municipal da Coruña en 2007 supuxo un punto de inflexión foi a das políticas de Igualdade. En cumprimento do programa do BNG creouse unha concellaría específica que non existía anteriormente e que fixo que o concello da Coruña protagonizará políticas específicas e transversais con perspectiva de xénero. Exemplo delas é a posta en marcha dun Centro Municipal de Información ás

Mulleres, as melloras na casa de acollida e a creación de pisos de acollida, as actuacións de inserción laboral para mulleres, a creación dun servizo público de conciliación e as actuacións de visibilización das apartacións das mulleres á sociedade.

A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os Gobernos do estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positivas. O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego, o recorte nas pensións afectará mais negativamente ás mulleres cun promedio de menos anos de cotización e por ser maioría como perceptoras de pensións non contributivas, os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a mais mulleres a asumir de novo o papel de coidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica que poden impedir rachar situacións de convivencia de parella violentas. Un deterioro das condicións de vida das mulleres que as administracións públicas deben afrontar dende as súas competencias e no seu papel redistributivo. Compre mais que nunca darlle un novo pulo ás políticas de igualdade como políticas de xustiza social.

Non hai que deixar de traballar nos aspectos simbólicos da igualdade entre mulleres e homes como a visibilización das mulleres na cultura, o deporte, a ciencia e a súa presenza nos espazos públicos da cidade. Dándolle continuidade ao traballo educativo realizado, colaborando na creación dunha cultura non sexista entre a mocidade promovendo os “bos tratos” e a corresponsabilidade dende a infancia. Deberán, porén, reforzarse os aspectos económico-sociais das políticas de igualdade do concello da Coruña ante as situacións de emerxencia que está a provocar a crise económica tanto en actuacións específicas dirixidas ás mulleres como na incorporación da perspectiva de xénero en actuacións de carácter xeral.

ACTUACIÓNS ESPECIFICAS

Violencia de xénero

- Reforzar os sistemas de prevención e detección precoz, mellorando o acceso á información sobre recursos en espazos públicos como mercados ou centros sanitarios e educativos.
- Reforzar a formación do persoal do concello que fai atención ao público para información e detección precoz como garantía dun acceso eficaz e rápido aos recursos que as distintas entidades e administracións proporcionan ás vítimas de violencia de xénero.
- Crear un grupo estable de coordinación de recursos coa colaboración das administracións actuantes no territorio (estatal, galega e local) que

faga un seguimento das incidencias ou das melloras a incorporar en protocolos e recursos de atención ás vítimas de violencia de xénero.

- Promover a creación dunha rede social de apoio a vítimas de violencia de xénero que colabore a través do voluntariado no acompañamento non profesional e na visibilización pública do rexeitamento social da violencia de xénero.

Acceso ao emprego e representación

- Promover a autoorganización das mulleres e a súa participación social a través da creación do Consello Municipal das mulleres con presenza de asociacións femininas e vogalías da muller.
- A paridade será fundamental no establecemento de nomes para as novas rúas, distribuíndose equitativamente entre mulleres e homes.
- Impulsar un programa específico de emprego feminino considerando as competencias municipais que contará con:
 - Incorporación de cláusulas de discriminación positiva no acceso ao emprego público
 - Información específica de emprego para mulleres en busca de emprego
 - Información específica para empresas de beneficios pola contratación de mulleres
 - Información específica para emprendedoras e empresarias e promoción da creación de cooperativas
 - Incentivos a concesión de microcréditos e outras actuacións de financiamento de iniciativas empresariais lideradas por mulleres
 - Promoción e colaboración na posta en marcha dos plans de igualdade nas empresas da cidade
 - Actuacións concretas de promoción da contratación de mulleres
 - Actuacións específicas de formación para mulleres en busca de emprego

Corresponsabilidade e conciliación

- Reforzar o servizo de canguros municipal.
- Reforzar as medidas de conciliación en colaboración con outros axentes (escolas, empresas, sindicatos...) nomeadamente acompañando actuacións de busca activa de emprego.
- Crear un premio de boas prácticas de conciliación para pequenas e medianas empresas do concello.

Actuacións transversais

- Facer un estudo sobre o uso do tempo e do espazo na cidade en colaboración con sectores afectados (pequeno comercio, servizos administrativos, transporte...) para traballar nun uso eficiente dos

horarios de apertura ao público así como nun uso igualitario dos espazos públicos da cidade.

- Incorporar nos orzamentos de 2012 un informe completo de impacto de xénero no camiño de rematar o mandato con Orzamentos de Xénero que incorporen esta visión a todas as medidas dirixidas á cidadanía da Coruña
- Axuntar un informe de impacto de xénero naquelas ordenanzas que afecten directamente a persoas.

Mocidade

- Potenciar a inserción laboral das mozas eliminando as barreiras e estereotipos sobre a división sexual do traballo a través da oferta de cursos destinados a mulleres sobre profesións masculinizadas.
- Incentivar a práctica de deportes entre as mozas a través de campionatos populares.
- Fomentar actividades onde as mozas sexan suxeitas activas de creación cultural.

4.8.- Consumo

Os poderes públicos teñen que garantir a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo mediante procedementos eficaces a seguridade, a saúde o os lexítimos intereses económicos e sociais dos mesmos. Este Servizo público ten que poñerse a disposición de toda a cidadanía por igual e, posto que o Concello é a máis próxima a ela, debe prestalo.

Entende ademais o BNG que desde o concello téñense que impulsar políticas de concienciación sobre o consumo responsable onde o individuo tome consciencia de que a produción, distribución e consumo de alimentos, produtos e servizos afectan a toda a sociedade e polo tanto é preciso transformalas nun proceso xusto e beneficioso para todas e todos. O camiño e ir a unha economía social na que prevaleza o interese xeral diante do particular e na que a toma de decisións se realice mediante un proceso de democracia participativa.

Por outra banda, na busca da calidade de vida dentro deste modelo o BNG favorecerá a aparición e sostemento de establecementos de “slow food”, movemento internacional que promove o disfrute dos propios produtos e os xantares tradicionais, feitos cuns ingredientes cultivados de xeito respectuoso co medio ambiente e controlados en todo o proceso ata chegar a mesa.

Ademais darase o pulo necesario para o mantemento dos chamados Hortos urbanos. Este tipo de hortos, cedidos aos veciños en réxime de alugueiro e con unha arrendo simbólico, permite que os cidadáns, que así o desexen, poidan cultivar algunhas verduras para consumo persoal. Este

sistema revélase moi útil por varias razóns: para aliviar as economías familiares neste tempo de crise e paro, para manter o contacto coa terra por parte das familias inmigrantes, para crear e practicar costumes sans e produtivos, e para darlle saída ao consumo de comida ecolóxica eliminando os produtos químicos. Esta actividade complementaríase coa acaída formación dos interesados que o necesitaran.

ACTUACIÓNS

- A Oficina Municipal de Información ao Consumidor garantirá os seguintes dereitos:
 - A protección da saúde e seguridade.
 - A protección dos intereses económicos e sociais.
 - A información e educación en materia de consumo.
 - A representación, consulta e participación a través de asociacións de consumidores.
 - A reparación de danos e prexuízos.
- Converter a oficina de consumo do Concello tamén nunha oficina de fomento do consumo responsable e que apoie as iniciativas de comercio xusto vencelladas a novos modelos de consumo responsable.
- Continuar a realizar actividades divulgativas e formativas a respecto do consumo responsable.
- Realizar campañas de fomento de hábitos sostiúbeis.
- Poñer en valor e dignificar o rural. Establecer dinámicas de aprendizaxe do entorno rural desde unha perspectiva urbana cara a fornecer as relacións rurais-urbanas e a defensa do medio rural e os seus habitantes.
- Crear o selo de calidade que identifique aos establecementos que sigan as pautas do movemento de “Slow Food”, cara ao seu fomento e a súa contribución no aumento da calidade de vida sustentábel.
- Potenciar os Hortos urbanos.

4.9.- Urbanismo e Rexeneración Urbana

A cidade participada

Entendemos a cidade como un ente complexo, formado de relacións, dinámicas e desexos, tanto como de materia construída; polo tanto pensamos que non é posible nin interesante tentar controlala ou delimitala, pois, ao fin e ao cabo, esta complexidade é a súa riqueza e aquilo que pode permitir á súa cidadanía o senso de pertenza á mesma.

Pretendemos, polo tanto, ser un axente máis de enriquecemento, mellora e desenvolvemento da cidade, colaborando co resto dos axentes que participan dela. Para isto traballaremos dende o Concello os mecanismos e

ferramentas de participación cidadá, desde unha lóxica de xustiza social e desenvolvemento comunitario, co horizonte de acadar unha planificación participada da cidade.

Rexeneración urbana

A situación socioeconómica actual e as perspectivas de evolución futuras, demostran que non ten sentido o modelo de evolución urbana sostido ate o momento no planeta en xeral e na nosa cidade en particular, un modelo de crecemento desmesurado e especulativo, que fai que teñamos un parque de 20.000 vivendas baleiras mentres o futuro PXOM programa outras 34.000, un modelo que xera plusvalías a través da especulación do patrimonio construído e o solo edificable, un modelo nada sostible, nin medio-ambiental nin socialmente falando, con consecuencias como a destrución do pequeno comercio, a xentrificación, o desenvolvemento da especulación e a destrución do patrimonio, natural ou construído, ou a primacía do centro fronte aos barrios, coa conseguinte degradación dos mesmos, por iso cremos que a alternativa para a mellora da calidade de vida da nosa cidade pasa pola detección das oportunidades e posta en valor do patrimonio existente, isto é, a rexeneración urbana.

A rexeneración urbana é un proceso integral, no que deben participar diversos axentes, públicos e privados, que pretende recuperar e mellorar a calidade do hábitat humano, a través de distintas accións; en ámbitos como a intervención no patrimonio social, natural ou construído, o traballo coas dinámicas cidadás, ou a busca de alternativas ao modelo económico, entre outros.

O concello encargárase de promover e executar plans de rexeneración integral para a cidade no seu conxunto e os seus barrios en particular. Estes plans definirán actuacións concretas que catalicen melloras integrais, físicas, sociais ou económicas, dentro das áreas desmelloradas.

ACTUACIÓNS

- Desenvolver e executar plans de rexeneración integral para a cidade en conxunto e áreas identificables da mesma, como o Barrio das Flores, o Barrio de Monte Alto ou o da Agra do Orzán.
- Desenvolver e executar o novo PEPRI Cidade Vella-Peixería, complementando o mesmo con Áreas de rexeneración integral tanto para a Cidade Vella como para a Peixería.
- Revalorizar o patrimonio arquitectónico (histórico ou contemporáneo) e os espazos vacantes públicos degradados.
- Elaborar unha listaxe do patrimonio arquitectónico municipal e comunicar á cidadanía do mesmo para a posterior elaboración de propostas colaborativas que reactiven o que se atope infrautilizado.

- Desenvolver unha normativa de baixos comerciais (complexizadora e heteroxénea), orientada á busca da rexeneración dos barrios onde se atopan.
- Propondo medidas que loiten contra a xentrificación dos barrios para evitar deslocalizacións en función das rendas, fomentando a creación de áreas de diversidade social para evitar a súa guetificación.
- Elaborar unha listaxe de solares en desuso.
- Elaborar unha listaxe do parque de vivendas baleiras.
- Incentivar á rehabilitación e informar ás persoas propietarias dos seus dereitos e deberes, propondo e exercendo medidas de presión a aquelas persoas que permitan o deterioro e abandono das súas propiedades.
- Gravame ás persoas propietarias de vivendas e solares baleiros, para favorecer a revitalización urbana.
- Traballar na hibridación dos usos e capacidades dos tecidos rural e urbano, propoñendo accións e intervencións que enriquezan ámbolos dous respectando a súa riqueza e potencialidade.
- Crear un Instituto Municipal da Vivenda, co fin de:
 - Axudar a rexenerar o tecido urbano.
 - Aumentar e mellorar o parque de vivendas municipal, para aluguer de custo controlado, que axude a regular o aluguer medio na cidade, dirixida principalmente a colectivos desfavorecidos ou vulnerables, para este fin primaríase a recuperación do amplo parque de vivenda baleira ou en desuso na cidade.
 - Asesorar e facilitar mediante o asesoramento técnico, iniciativas de auto-construción e creación de cooperativas de vivenda, cun fin non lucrativo.
 - Adecuación das vivendas de nova planta, en canto ao seu programa e características, aos colectivos aos que vaian dirixidas e ás súas circunstancias.

Por outra banda débese continuar co desenvolvemento do PXOM, Plan Xeral de Ordenación Municipal, para dotarmos dunha ferramenta esencial para o crecemento da cidade.

A Importancia do Plano Xeral

Un Plano Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) é o documento básico para a construción dun modelo novo de cidade: a configuración física, as actividades e usos do territorio e, en definitiva, a habitabilidade e calidade de vida das persoas. A Coruña do futuro.

Acertar na definición dun novo PXOM é unha responsabilidade que non se lle escapa ao BNG, e por iso queremos dar a nosa opinión e contrastala coa sociedade neste proceso de información pública.

Na fase inicial o BNG votou a favor deste documento porque asume os postulados do urbanismo civilizado e sostíbel que sempre defendemos. Este

plano supón un cambio porque abre as portas á superación das políticas especuladoras do *vazquismo* e corrixe o urbanismo *desarrollista* que agravaron os planos xerais de 1985 e 1998.

Hoxe temos a oportunidade de que a cidadanía e os poderes públicos retomen o control dos procesos urbanísticos na cidade. Como tentou facer o proxecto de PXOM da primeira corporación democrática, presidida polo nacionalista Domingos Merino.

Este plano parte da realidade obxectiva da Coruña para desenvolver as súas potencialidades desde unha visión integradora coa área metropolitana, ofrecendo solucións para a mobilidade, a vivenda e o desenvolvemento económico, creando novos espazos urbanos de calidade.

Moitos dos obxectivos que se marcou o BNG para a revisión do PXOM están recollidos en grande medida no documento que está a información pública:

- Redución das densidades globais, que baixan de 146 a 125 vivendas/hectárea.
- Xusto reparto de cargas e beneficios, mediante o establecemento de áreas de reparto que equilibran os aproveitamentos urbanísticos.
- Contención nos solos urbanos consolidados, cunha rebaixa substancial das alturas nos barrios máis saturados que herdamos, indo a un equilibrio máis humano na relación entre ancho de rúa e alto da edificación.
- Polígonos nos solos urbanos non consolidados seguindo a mesma liña de contención e adaptación respectuosa á contorna urbana.
- Fomento da rehabilitación do construído e preservación do patrimonio.
- Ordenación do casco Histórico a través dun novo PEPRI xa en redacción.
- Planificación da accesibilidade metropolitana: impulso da 3ª ronda e nova estación ferroviaria de proximidade de San Diego, complementaria de cercanías de San Cristovo.
- Preservación dos montes do Val de Elviña e do Val de Mesoiro-Feáns como novos pulmóns verdes da cidade.
- Incremento dos espazos libres en centos de milleiros de metros cadrados.

O que o BNG pretende mellorar do PXOM

- A remodelación das áreas portuarias debe facerse a través do preceptivo Plano Especial dentro do PXOM e coa modificación dos Convenios asinados en 2004, todo dentro dun debate transparente e de acordo cos seguintes criterios:
 - Máximo respecto á actividade portuaria actual e futura, sen concesións fragmentadas antes da aprobación do novo plano especial, e desafección e reversión á cidade dos terreos gañados ao mar que non son necesarios para os usos portuarios.

- Evitar a privatización destes terreos e garantir que a toma de decisións conte co beneplácito das administracións local e autonómica.
- Redución da edificabilidade á estritamente necesaria para unha achega razoábel ao Porto Exterior, recuperación do 10% do aproveitamento para o Concello, retirada da non imputación de sistemas xerais ao ámbito e cesión do solo para a estación ferroviaria de cercanías de San Diego.
- Revisar os convenios asinados nestes últimos meses que vaian en contra das estratexias do Plano Busquets (Canteira das Rañas, Monte Alfeirán) promovendo actuacións públicas para a dotación de parques tecnolóxicos como os xa iniciados pola Universidade.
- Reformular o planeamento anterior que non estea definitivamente consolidado para adaptalo aos novos criterios de sostibilidade e calidade urbana que inspiran este novo PXOM.
- Recuperar e reverter os solos que polo seu valor estratéxico deban de ser preservados da acción urbanizadora, con especial atención á contorna da Torre de Hércules.
- Consecución de máis espazos libres e verdes, integrados na trama urbana, accesíbeis á poboación.
- Aposta pola recuperación e consolidación do solo industrial da cidade da Coruña.

4.10.- Actividade física e Deporte

A actuación do BNG en materia de política deportiva debe continuar respondendo ás demandas sociais catalizando e promovendo liñas de actuación deseñadas dende a análise da realidade e da especificidade concreta, atendendo ás demandas e necesidades do deporte convencional e/ou federado nos seus distintos niveis e desenvolvendo programas que procuren un grao de benestar social ao conxunto da cidadanía.

A actuación política en materia deportiva e de actividade física debe ser transversal. Debemos continuar no camiño dunha planificación das actividades, unha mellora e modernización das infraestruturas existentes, creación de novos espazos para a práctica deportiva e a actividade física e o fomento da participación social na programación e desenvolvemento da actividade.

Facilitarase ao conxunto da cidadanía o acceso á práctica da actividade física e exercicio independentemente do seu lugar de residencia, dotando á cidade de espazos e infraestruturas que así o permitan, optimizando infraestruturas educativas e abrindo novos espazos e ofertando escolas deportivas municipais que acheguen prácticas deportivas até hoxe de difícil acceso ao común dos cidadáns.

Deberanse crear instrumentos administrativos e/ou de xestión que faciliten o financiamento da actividade do deporte local e a celebración de

eventos deportivos de carácter internacional que actúen de estímulo do deporte de base.

Continuar no camiño da reorganización e afortalamiento do servizo municipal de deportes, da programación transversal da actividade física e práctica deportiva e a promoción do deporte feminino en calquera dos tramos de idade.

ACTUACIÓNS

Acción Institucional

- Crear unha fundación pública co obxectivo de establecer plans de axuda aos clubs e deportistas de proxección estatal e internacional.
- Constituír o Consello Municipal de Deportes como organismo asesor e promotor da actividade deportiva na Coruña con presenza das entidades deportivas locais.
- Xestión directa das infraestruturas e da programación, fixando obxectivos e avaliando resultados.
- Crear un observatorio de Estudos sobre a realidade da actividade física e o deporte. Proxectos I+D e I+D+i
- Definir e poñer en marcha dun Plan Estratéxico do Deporte na cidade de A Coruña para 2011-2015, que continúe e complemente as liñas desenvolvidas polo que remata no actual período.

Promoción

- Crear unha páxina Web como banco de recursos para a cidadanía.
- Programación deportiva para a integración sociocultural.
- Promoción de Actividade Física para a saúde nas empresas.
- Promoción de Actividade Física e Deportiva na comunidade educativa: C.E.I.P. e I.E.S.
- Promoción de Actividade Física nos Centros Cívicos.
- Estabelecer un programa de actividades e exercicio físico en espazos urbanos non convencionais.
- Promover a actividade física e a práctica deportiva feminina.
- Definir un programa de asesoramento público relativo ao exercicio e a nutrición. Estación de avaliación.
- Promover os xogos tradicionais galegos, nomeadamente A Chave, Os Bolos e A Billarda, dotándoos de infraestruturas, cando fora necesario.
- Apoiar, promover e defender as actividades relacionadas có Xadrez.
- Promover actividades físicas e deportivas adaptadas ás persoas con discapacidade, así como da participación destas nas actividades de programación xeral.

Infraestruturas

- Realizar as xestións oportunas diante das administracións correspondentes cara á apertura das Instalacións Deportivas dos Centros de Ensino I. E P. e dos Institutos de E.S. fora do horario lectivo para a actividade deportiva dos barrios e veciñanza en xeral.
- Construír novas infraestruturas específicas para: deportes náuticos (base náutica e escola deportiva municipal de Oza), Modulo de Ximnasia Rítmica e Artística, Modulo de Patinaxe, Circuito de BMX e Mountain Bike no Parque de Bens, Skate Places, Pistas de Tenis e Pádel.
- Rehabilitar, modernizar e racionalizar o consumo enerxético e eliminar as barreiras arquitectónicas en instalacións existentes:
 - Palacio dos Deportes: Climatización, Iluminación e Cuberta.
 - Vestiarios e Sala Anexa do Polideportivo de Labañou.
 - Polideportivas 1 e 2 de Riazor.
 - Frontón de Riazor.
- Colocar máis aparellos de ximnasia nos parques e xardíns para xente de todas as idades. Posibilidade de realizar diversas actividades físicas organizadas con monitores nos parques e praias abertos á participación de todo o mundo. Ou sexa práctica de actividades físicas en espazos non convencionais con asesoramento.

4.11.- Lecer

O lecer é unha experiencia integral da persoa e un dereito humano fundamental. Ten que ser percibido dun xeito satisfactorio, non obrigado. É unha experiencia humana libre, gozosa e cun fin en si mesma. Desde un punto de vista colectivo, o seu exercicio digno non pode ser alleo aos valores básicos da persoa, a cidadanía e a convivencia, o que nos permite falar dun ocio xusto, ético e inclusivo.

Con estas premisas ábrese un abano que ocupa moitas das nosas actividades, así podemos falar dun lecer cultural, dun lecer festivo, dun lecer deportivo, dun lecer recuperador das nosas costumes e historia, en fin, de tantos tipos como imaxinemos de intereses individuais e colectivos de esparcemento. En todo caso adquirese o compromiso de garantir o dereito ao lecer de toda a cidadanía e nomeadamente o das nenas e nenos e dos seus pais.

ACTUACIÓNS

- Recuperar as festas tradicionais nos barrios.
- Consolidar as festas populares como instrumento para unir e identificar un pobo, subliñando a importancia para a cidade de festas como o Antroido, San Xoán, as Festas de María Pita, as do Rosario e o Nadal.
- Impulsar o Antroido e San Xoán como sentida manifestación cultural con fondo acendo galego, seguindo a nosa tradición que cómpre manter e impulsar.

- Declarar o día de San Xoán como festivo local na cidade da Coruña.
- Organizar as celebracións de modo aconfesional e baixo o prisma de reafirmar a identidade cultural e a cohesión social.
- Incrementar o carácter participativo que deben de ter as festas de María Pita, descentralizándoas con actividades en cada barrio e pensadas para os diferentes públicos: infantil, mocidade e adultos.
- Consolidar o Festival Noroeste Pop Rock.

4.12.- Convivencia, Seguridade e Protección Cidadá

Convivencia

Vivimos nunha sociedade heteroxénea e complexa onde son necesarias unhas pautas ou normas moi básicas para poder convivir. É preciso asumir a propia responsabilidade e compromiso ético coa sociedade, en particular coa contorna inmediata, recoñecendo as inxustizas, identificando as causas e sendo críticos a hora de valorar as diferentes solucións.

Todos temos que sentirmos protagonistas de accións concretas de mellora da contorna, da convivencia e a cohesión social, facendo fronte aos retos con imaxinación e creatividade, desenvolvendo a sociabilidade e sentíndonos comunidade a partir da propia identidade, aceptando a diversidade como riqueza.

Hai que asumir o civismo e as boas maneiras como pautas de comportamento necesarias e positivas nunha comunidade acollidora e fraternal. Cabe respectar determinadas regras de xogo, como ter coidado co mobiliario urbano ou comunitario, manter a limpeza das rúas e prazas, observar as normas de circulación vial, ser responsábeis dos animais de compañía e non abandonalos, asumir deberes cidadáns que son para todos e limitar o ruído en determinados espazos ou momentos entre outras cousas.

Sentímonos dun territorio, ao que estimamos e co que nos identificamos, fuxindo da tendencia ao individualismo, os brotes de xenofobia e intolerancia e a ausencia de referentes éticos claros. Temos que provocar a descuberta positiva dos barrios, da poboación e dos seus recursos para os estimar e valorar, establecendo vencellos coa veciñanza.

ACTUACIÓNS

- Atención específica aos problemas de convivencia nos lugares ou ocasións de maior conflictividade. Colaboración nesta tarefa da institución municipal, as súas axencias e o tecido asociativo da cidade.
- Crear un órgano encargado de atender ás queixas e propostas que se realicen por parte da cidadanía en materia de convivencia, tanto referentes a problemas de conflictividade como á actuación das axencias municipais. Establecemento de mecanismos de avaliación dos resultados de atención a esas suxestións.

- Transformar a Xunta Local de Seguridade en Xunta Local de Convivencia, na que estean representados a institución municipal, as axencias policiais e o conxunto do tecido asociativo da cidade implicado en cuestións de convivencia. Posibilidade de descentralización do traballo da Xunta nalgún barrio ante circunstancias ocasionais.
- Estudar e implantar progresivamente o modelo de Policía de Proximidade, atendendo aos modelos que se teñen amosado como mais útiles en termos de xestión da convivencia.
- Implantar unha política de mediación e diálogo en relación cos problemas de ruídos, aos efectos de maximizar ao mesmo tempo os intereses medioambientais e de descanso cos do lecer.
- Potenciar as unidades municipais de atención ante a violencia de xénero. Incremento da atención á manifestación de feitos de racismo e xenofobia na cidade.
- Estabelecer un plano propio de formación permanente da policía municipal, impartido por profesionais en materia de xestión da convivencia de diferentes eidos, e no que se preste especial atención ás cuestións relativas a dereitos e liberdades, en consonancia co demandado polos principais sindicatos policiais.
- Minimizar as patrullas policiais de paisano, polas súas comprobadas disfuncións en materia de dereitos e de percepción colectiva da seguridade.

Seguridade

Hai comportamentos delictivos que escapan do ámbito local e que teñen que ser atendidos polas policía e xulgados competentes. Corresponde aos concellos a seguridade relacionada coas problemáticas sociais que derivan tanto de causas socioeconómicas como da actuación de individuos, moi concretos, de comportamentos patolóxicos antisociais. O modelo de grandes superficies comerciais que supostamente crea espazos seguros na periferia, deshumaniza os barrios da cidade. Defendemos o dereito á cidade e a cidade como espazo de dereitos para todos e non benestar solo para uns poucos. Hai que recuperar a cidade para garantir a igualdade.

Precísase, ademais, para atender as situacións de conflictividade social que podan derivar en violencia, unha policía formada especificamente que tome sempre como prioridade o dialogo e a negociación con todas as partes para a solución das situacións problemáticas.

ACTUACIÓNS

- Crear un órgano municipal encargado de recoller e canalizar as queixas, reclamacións, suxestións e propostas veciñais relacionadas coa seguridade cidadá, expresadas a través das asociacións de veciños,

comerciantes, taxistas, etc, e transmitir as á Policía Local, celebrando reunión periódicas nas que se daría conta das actuacións practicadas, resultados, previsións e seguimentos.

- Facer da Xunta Local de Seguridade, presidida polo Alcalde un órgano activo e funcional de coordinación das actuacións dos diversos Corpos e Forzas de Seguridade operantes no noso Concello.
- Cumprir co establecido na Disposición Adicional Décima da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que di que se potenciará a participación dos Corpos de Policía Local no mantemento da seguridade cidadá, como Policía de Proximidade, así como no exercicio de funcións de policía xudicial. A tales resultados, crearase a figura da Policía de Proximidade nos barrios e unha Unidade de Atestados do Criminal encargada de efectúa - las primeiras dilixencias en relación cos detidos.
- Control de horarios de peche dos establecementos de ocio e traballo coordinado cos técnicos municipais de medio ambiente para controlar os excesos de ruídos.
- Crear unha unidade policial de violencia de xénero, violencia doméstica e menores, en colaboración directa cos Servizos Sociais Municipais e con Igualdade.
- Apoiar en distintas accións os programas contra o absentismo escolar.
- Formar a Policía Local, creando incluso unidades especializadas, na atención de situacións de conflictividade social que podan derivar en violencia.

Protección civil

Unha cidade ten que estar preparada en canto modelos de actuación, infraestrutura e capacitación dos equipos humanos ante a posibilidade de que sucesos previstos ou imprevistos poñan en perigo a seguridade e benestar da súa poboación. Prever os posibles riscos, anticiparse a eles na medida do posible e dotar ao persoal competente das ferramentas precisas para a atención dos mesmos son e serán obxectivos da política municipal.

ACTUACIÓNS

- Redactar e poñer en funcionamento un plan de prevención de riscos comúns.
- Identificar posibles riscos estruturais e redactar e poñer en funcionamento os seguintes plans de evacuación diante de accidentes naturais ou humanos, nomeadamente na Refinería e as súas canalizacións ou na entorna marítima.
- Definir un mapa de emerxencias comarcal en colaboración coas outras administracións implicadas cara a conseguinte ubicación estratéxica

dos recursos humanos e materiais en aras da redución de tempos de atención.

- Poñer en común e mellorar a coordinación entre os diferentes servizos dependentes de distintas administracións: Bombeiros, Policía Nacional, Garda Civil e Protección Civil.

4.13.- Cooperación, solidariedade e voluntariado

Cooperación e solidariedade

Alén de expresións de solidariedade puntuais, impulsivas e pouco organizadas, con fenómenos e conflitos, o concello debe incorporar a solidariedade cos pobos do Sur na súa axenda local, xa que non pode ser alleo á situación de inxustiza que sofre a maior parte da poboación mundial e debe contribuír á construción doutro mundo máis xusto e equitativo. Desde a proximidade ao/á cidadán/á que ten a administración local, o concello debe ser decisivo á hora de traballar na sensibilización social que procure un compromiso da sociedade, de ser voz de denuncia e presión política a partires da mobilización da propia cidadanía, de incrementar en recursos a acción exterior solidaria cos demais pobos do mundo, de colaborar con iniciativas sociais e entidades de cooperación ao desenvolvemento e solidariedade internacional.

ACTUACIÓNS

- Fornecer as actividades de sensibilización cidadá verbo dos problemas que a desigualdade xera na realidade planetaria. Polo tanto, apoio ás actividades de sensibilización que as organizacións non gobernamentais desenvolven na nosa cidade.
- Apoiar as actividades de educación para o desenvolvemento que sobre distintas temáticas desenvolven as entidades de cooperación para o desenvolvemento e de solidariedade internacional.
- Crear un foro de entidades de cooperación ao desenvolvemento e de solidariedade internacional.
- Fomentar a compra pública ética no concello baseada en criterios sociais e medioambientais de consumo responsábel.
- Canalizar toda a cooperación directa do concello da Coruña a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Incrementar a achega á Cooperación Internacional e á Axuda Humanitaria.
- Dar apoio loxístico e facilitar recursos ás entidades do tecido asociativo solidario da cidade a través, entre outros, do equipamento Espazo Solidario.
- Apoiar as iniciativas de comercio xusto vencelladas a novos modelos de consumo responsábel.

Voluntariado

O voluntariado, como forma de participación da cidadanía, é o conxunto de persoas que adican unha parte do seu tempo a facer unha acción ao servizo dos outros ou da comunidade en xeral, sen agardar nada a cambio. O voluntariado actúa sobre unha realidade cambiante, xa que continuamente aparecen novas necesidades e novos retos sociais e medioambientais. O concello debe apoiar esa participación que colabora cara unha sociedade inclusiva e cara unha cidadanía madura.

ACTUACIÓNS

- Ofertar un plano de formación do voluntariado da cidade da Coruña segundo as necesidades formativas detectadas.
- Promover campañas de fomento e sensibilización do voluntariado de xeito continuado e dirixido a toda a poboación. Difundir e transmitir os valores do voluntariado.
- Dar a coñecer a experiencia do voluntariado nos centros educativos e apoiar os proxectos de aprendizaxe-servizo.
- Dar apoio loxístico e facilitar recursos ás entidades de acción voluntaria da cidade a través, entre outros, do equipamento Espazo Solidario.
- Consolidar o encontro anual de entidades de acción voluntaria.

4.14.- Atención aos animais

É decisión do BNG da Coruña incluír no seu programa un apartado específico sobre a defensa dos animais. En consecuencia comprométese a realizar as seguintes actuacións:

ACTUACIÓNS

- Crear o observatorio local de convivencia e protección dos animais, constituído polas protectoras de animais e a participación do Concello, que terá como obxectivo articular as queixas e suxestións sobre a protección dos seres vivos a nivel local, abordar as posibles problemáticas de convivencia e propoñer a creación de novas ordenanzas e disposicións municipais sobre a defensa dos animais.
- Realizar e impulsar campañas de sensibilización e promoción da adopción de animais. É necesario apostar por campañas públicas que primen a tenza responsable de animais a todos os niveis, como o educativo, e as alternativas á compra, como a adopción, brindando unha segunda oportunidade aos animais que foron abandonados por persoas irresponsables.
- Esterilización e control veterinario efectivo das colonias felinas como mínimo cada 6 meses. É preciso avanzar cara uns métodos éticos de control poboacional dos animais da rúa, primando a esterilización e

control fronte á captura e sacrificio, a través das entidades protectoras da cidade coa axuda do Concello da Coruña.

- Alimentación controlada mediante persoal autorizado. A implantación do “carné do alimentador” permitirá o control e supervivencia das colonias de animais da cidade a través de persoal experto de protectoras de animais, así como mellorar na relación co entorno, a veciñanza e o respecto cara os seres vivos.
- Vetar os espectáculos que empreguen animais salvaxes en cativeiro, como parte dos circos. O uso de animais salvaxes en números circenses só supón un sufrimento inútil e un trato irresponsábel dos seres vivos.

Touradas

O BNG entende que as touradas non son un servizo público e polo tanto non poden financiarse cos cartos da cidadanía. Esta postura non é ningún ataque contra ningunha cultura xa que as touradas non son cultura, nin actividade festiva, son simplemente unha barbarie e unha tortura.

A nosa postura é pois radicalmente oposta a que se siga financiando con cartos de todos esta actividade e máxime no momento de crise económica que estamos a vivir. Lévese unha década subvencionando as touradas cunha cifra de investimento que supera o millón de euros e iso é dificilmente explicable cando, insistimos, non se trata dun servizo público.

ACTUACIÓNS

- Poner fin as subvencións públicas para a Feira Taurina da Coruña. Unha cidade que presume de ter un monumento Patrimonio da Humanidade non pode albergar nin financiar espectáculos nos que se maltratan seres vivos. O ocio da brutalidade debe desterrarse dos programas de festas.

5.- A CORUÑA, CIDADE GALEGA

Para o BNG cómpre lembrar a historia da Coruña sempre vinculada ao galeguismo: aquí naceron as Irmandades da Fala, A Nosa Terra, o primeiro libro escrito en galego, etc.; a cidade debe ser entendida como unha obra colectiva: o que somos e o que queremos ser. Cómpre potenciar a cultura que fai cidade, que fai país, que é reflexo fiel da nosa maneira de ser e sentir. No BNG temos claro que o pobo capaz de defender os seus sinais de identidade é un pobo orgulloso de si mesmo e polo tanto un pobo capaz de prosperar e crear riqueza.

5.1.- Cultura e Patrimonio

O BNG entende a cultura como un ben esencial para o desenvolvemento, o avance da sociedade e para superar as desigualdades. A cultura é un dereito que asiste a toda a cidadanía e polo tanto é un deber das administracións facer cultura dirixida ás maiorías. Ter un proxecto pensado para todos e para todas debe converterse no eixo central do traballo municipal. Mais a programación cultural non só debe ser para toda a cidadanía con propostas atraentes, de calidade, onde a tradición e a modernidade se mesturen, senón que debe estar feita coa cidadanía, coas asociacións, cos creadores... Porque o Concello non debe, nin pode ser o único axente que produza cultura na cidade. Compre seguir traballando convidando, compartindo, sumando, en definitiva creando cultura cos cidadáns. Nesta lexislatura que acaba o BNG foi capaz de dar pasos importantísimos nese traballo de canalizar, de unir todo ese caudal de esforzos para conseguir unha cidade culturalmente aberta na que se traballe de forma cooperativa e se impulse de forma conxunta a cultura na cidade. Neste sentido compre tamén incrementar as vías de colaboración coa Universidade da Coruña e a Real Academia Galega, así como outras institucións culturais da cidade.

No BNG temos claro que o dinamismo cultural dunha cidade mídese en boa medida non tanto pola oferta cultural que a administración local é capaz de xerar senón, sobre todo, pola capacidade que a súa cidadanía ten para erixirse en protagonista da actividade cultural. Por iso no BNG queremos unha Coruña creadora, unha cidade que produza cultura e a viva, porque acreditamos na capacidade creadora da cidadanía e dos distintos axentes socioculturais.

ACTUACIÓNS

Lectura e bibliotecas

- Facer das bibliotecas a porta de acceso a todos os servizos de información da cidade, por medio de instrumentos como un portal web de recursos de información existentes na Coruña.

- Diseñar un plan de lectura da cidade coa participación de todos os axentes implicados.
- Facer das bibliotecas espazos de opinión abertos a toda a cidadanía, promovendo o pensamento e análise sobre diferentes temas da actualidade.
- Potenciar as programacións dirixidas á posta en valor e visibilización dos autores e autoras galegas.
- Apoiar o desenvolvemento de estratexias de colaboración entre os libbreiros, dirixidas a elaboración dun mapa de librerías da cidade.
- Potenciar a campaña de difusión e promoción da lectura *A cidade que le.*

Museos Científicos

- Asinar convenios coas universidades, nomeadamente coa da Coruña, e centros de investigación, para divulgar o seu labor nas salas dos Museos Científicos e realizar actividades conxuntas, a través do programa *Galerías da Ciencia.*
- Acondicionar unha nova sala de exposicións na Casa dos Peixes baixo a denominación de *A Conexión Oceánica*, dedicada á conexión científica e histórica das persoas có mar.
- Desenvolver un marco específico de colaboración baixo a denominación de *A Cultura é unha*, con creadores dos diferentes ámbitos culturais que inclúa intervencións nos Museos Científicos.
- Poñer en marcha e potenciar MUREDE, rede internacional de museos e centros de divulgación de ciencia de Galiza e Portugal, con actividades e iniciativas compartidas.
- Desenvolver o Programa Familia, para ofertar ás familias un programa de obradoiros de lecer e divulgación científica nas fins de semana.
- Constituír un foro de reflexión internacional sobre a práctica en museoloxía científica.

A memoria da cidade

- Recuperar e poñer en valor o patrimonio inmaterial, especialmente aquel vinculado ás raíces históricas e culturais da cidade.
- Crear e poñer en marcha o centro de interpretación do Castro de Elviña.
- Reformulación da colección expositiva do Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón, configurándoo como museo arqueolóxico e etnográfico.
- Editar guías didácticas e itinerarios urbanos así como xornadas e encontros para a difusión da historia da cidade.
- Dotar de novas instalacións ao arquivo municipal, adecuadas ás necesidades de funcionamento do mesmo.

- Seguir a impulsar a visibilización e dinamización das casas museo da cidade.

Artes plásticas e visuais

- Crear un área de didáctica dentro do departamento de artes visuais.
- Manter e ampliar o proxecto de intercambio con outras cidades para os artistas plásticos locais.
- Incrementar as canles de colaboración coas galerías e os creadores.
- Potenciar as ferramentas que faciliten a difusión e a comunicación entre públicos diversos, achegando a arte a toda a cidadanía.
- Manter programas de difusión e apoio á realización de artistas plásticos e visuais xoves, como é o caso de OUTONARTE.
- Apoiar decididamente os festivais de cinema da cidade (Mostra de Ciencia e Cinema e S8)

Artes escénicas e música

- Realizar unha programación de actuacións de agrupacións de danza e música en espazos públicos e edificios singulares.
- Manter una programación estábel anual de teatro galego.
- Poñer en marcha unha programación de música e artes escénicas dirixida a novos públicos e centrada en novas disciplinas como o teatro e danza contemporánea, o novo circo, maxia e o cabaré, os espectáculos multimedia e a música non comercial.
- Potenciar a Sala O Túnel como espazo preferente para a exhibición de programacións dirixidas ao público mozo.
- Desenvolver e consolidar o programa *Actúa* de formación teatral para profesionais.
- Facilitar o achegamento da Orquestra Sinfónica a todos os públicos.
- Potenciar a orquestra moza da Sinfónica de Galicia.
- Incrementar a presenza de intérpretes e autores galegos no cadro de persoal e na programación da Orquestra Sinfónica de Galicia.
- Habilitar unha sede permanente para a Banda Municipal de Música e potenciación do seu papel na difusión e fomento da música entre a poboación.
- Ampliar a programación para a formación de públicos das artes escénicas.
- Reforzar a infraestrutura dos locais de ensaio para os máis novos.
- Consolidar programación estable de maxia dirixida a todos os públicos.

Creación artística

- Potenciar as vías de apoio aos colectivos de creadores e movementos de base.

- Habilitar espazos multiusos en centros municipais para o desenvolvemento dos procesos de creación e produción por parte dos creadores locais.
- Crear unha factoría cultural, con servizos de apoio aos creadores en calquera disciplina artística.
- Constituír unha rede local de salas culturais, con actuacións ao vivo.
- Colaborar coa AELG para a creación dunha aula permanente de creación literaria.
- Consolidar a festa anual da cultura ACHEGARTE.

Participación e cohesión social

- Constituír o Consello Municipal de Cultura.
- Poñer en marcha fórmulas participativas para a definición das programacións culturais, tales como consellos asesores de programación ou mecanismos de presentación de propostas.
- Desenvolver unha experiencia piloto de xestión cultural independente no edificio da antiga prisión provincial da Coruña.
- Estabelecer unha rede de espazos para a difusión cultural que cubra a totalidade dos barrios da cidade, mediante acordos con entidades públicas e privadas.
- Estabelecer un programa de actuación para promover o acceso á programación cultural de colectivos desfavorecidos ou a poboación inmigrante.
- Ampliar o uso das novas tecnoloxías e redes sociais para difundir a actividade cultural feita por todos os colectivos da cidade.
- Definir e implantar un sistema de indicadores de seguimento da produción e consumo cultural, que permita estudar tendencias e avaliar a efectividade das políticas públicas.

Patrimonio

- Acometer a catalogación, inventario, estudo e coñecemento do patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico e eco-xeográfico.
- Impulsar unha política de recoñecemento e valorización dos bens de interese cultural.
- Promover a declaración de bens de interese cultural de bens móbeis, inmóbeis e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico.
- Asomar convenios con particulares que teñan bens de interese histórico-artístico e/ou cultural para fomentar o seu uso público, total ou parcial.
- Instalar institucións e servizos públicos en edificios de valor histórico e cultural.

- Os conxuntos históricos e demais elementos declarados de interese cultural contarán cun plano especial que inclúa a protección e a rehabilitación do patrimonio construído, co obxectivo acrecentado de manter e recuperar poboación residente.
- Protexer os establecementos históricos comerciais ou de hostalería na Coruña de arraigada tradición unida á cidade.

5.2.- Mar

A Coruña é unha cidade que naceu do mar e fundamentalmente mariñeira, cunha cultura, costumes, oficios e desenrolo económico intimamente relacionados co mar. Cómpre que a cultura mariñeira estea presente en todas as manifestacións culturais da Coruña xa que non é posible entendela sen enmarcala no seu entorno marítimo. Faise preciso, polo tanto, recuperar, poñer en valor e divulgar a tradición mariñeira e cultural da cidade.

ACTUACIÓNS

- Apoiar e promover o Consulado do Mar.
- Reservar espazos nos Museos da Cidade e dotalos de contido, para a exposición da cultura, costumes, historia e oficios mariñeiros.
- Acondicionar unha nova sala de exposicións na Casa dos Peixes baixo a denominación de *A Conexión Océánica*, dedicada á conexión científica e histórica das persoas có mar.
- Recuperar, estudar, poñer en valor e difundir todas as manifestacións da cultura popular mariñeira (artesanía, folclore, música...), promovendo a creación de seminarios de estudos municipais ou comarcais, a realización de traballos de investigación, e a organización de mostras, circuítos intermunicipais, proxectos culturais supramunicipais, festivais e excursións.
- Recuperar e rotular á importante toponimia coruñesa relacionada có entorno mariño.
- Fomentar e realizar actividades culturais, turísticas e de oficios relacionadas có mar.
- Apoiar e promover iniciativas de recuperación e divulgación do noso patrimonio marítimo.

5.3.- Memoria Histórica

Sendo A Coruña unha cidade galega universal, o Concepto de Memoria Histórica ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país, con especial atención aos movementos sociais e políticos que contribuíron para conformar a nosa identidade e conciencia nacional. Cómpre, por tanto, apoiar desde o Concello

todas aquelas actividades que contribúan a deitar luz e a divulgar aspectos do noso devir histórico, cantas veces fundamentais para mellor recoñecérmonos como pobo.

ACTUACIÓNS

- Fomentar a investigación da historia do Concello de A Coruña como cidade galega universal.
- Crear a “Ruta urbana dos petróglifos”.
- Poñer en valor o importante paso cara a autogoberno que significaba o Estatuto do 36 e do importantísimo papel xogado polo nacionalismo representado polo Partido Galeguista.
- Potenciar a celebración do Día da Galiza Mártir (17 de Agosto).
- Celebrar o 28 de xuño, día da aprobación do Estatuto no plebiscito do 36.

Por outra banda desde a chegada do BNG ao Goberno municipal houbo na nosa cidade importantes avances na recuperación da memoria histórica no referido as vítimas da guerra civil do 36, facilitados pola mobilización da cidadanía, pola actividade das asociacións, especialmente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, e pola aprobación da chamada Lei da Memoria Histórica.

Durante anos o goberno municipal de maioría absoluta do PSOE mantivo o discurso de que aquí non había simboloxía franquista, senón só simboloxía histórica, que había que conservar. Esta vergoñenta actitude presentábase como un exemplo de tolerancia e convivencia. En moitos plenos da corporación municipal PSOE e PP votaron conxuntamente para rexeitar as numerosas mocións presentadas polo grupo municipal do BNG para que A Coruña deixase de ser a capital da simboloxía franquista.

O Pleno de setembro de 2009 acababa con esta política de tolerancia co franquismo, aprobando a retirada de máis de 50 símbolos franquistas, que recollía a proposta dun grupo de expertos. En decembro de 2010 inaugurábase un Memorial de lembranza e homenaxe a 600 persoas da comarca, que foron asasinadas polo franquismo.

Queda moito por facer. O BNG comprométese na retirada da simboloxía franquista, que aínda queda na Coruña; na posta en práctica de políticas de información e concienciación da cidadanía nos valores democráticos, así como de recuperación da memoria histórica. O BNG non está de acordo coa pervivencia nas nosas rúas-nin sequera durante un período breve de tempo das placas dos nomes que o Pleno xa aprobou a súa retirada.

ACTUACIÓNS

Supresión da simboloxía franquista

- Retirar o escudo franquista da vidreira da escaleira principal de María Pita, que é ilegal desde 1981.

- Cumprir o acordo unánime do grupo de expertos para que se retiren da galería de retratos de alcaldes do Palacio Municipal os retratos dos dous primeiros alcaldes franquistas: José Fuciños e Hernán Martín-Barbadillo. Retirada tamén dos retratos dos alcaldes franquistas: Sergio Peñamaría de Llano, Eduardo Ozores Arraiz, José Pérez Ardá y López Valdivieso e Eduardo Sanjurjo de Carricarte, pola súa participación como militares na sublevación fascista de 1936 ou, desde os tribunais militares, na represión de demócratas e republicanos.
- Cambiar os nomes das rúas Calvo Sotelo, avenida Primo de Rivera, praza de José Toubes, avenida Salgado Torres, peirao Almirante Vierna, peirao de Calvo Sotelo, Fuente Álamo, cabo Ponte Anido, Diego Delicado Marañón. Cambiar o nome da rúa Disciplina en Monte Alto, que debe recuperar o nome tradicional de Liberdade. Supresión da placa Pardo Santallana ao gupo de vivendas. Retirada do busto do alcalde franquista Eduardo Sanjurjo de Carricarte, que está na parte posterior do palacio municipal de María Pita.
- Supresión da distinción honorífica de Fillo Adoptivo, como ministros de Franco -xa foron retiradas a oito-, a Manuel Fraga, concedida en 1968, e Laureano López Rodó.
- Recuperar os nomes tradicionais, despois da supresión das rúas franquistas: rúas do Socorro (antes Juan Canalejo), Fonte de San Andrés (antes General Mola), Costa da Unión (antes Tenente General Gómez Zamalloa), etc.
- Propiciar a igualdade e que na inauguración das novas rúas haxa o mesmo número de homes que de mulleres.

Desenvolvemento da Lei da Memoria Histórica

- Facer xestións para o cambio de nome de centros docentes relacionados co franquismo, tal e como se fixo nos últimos anos, atendendo a solicitude da Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado de 5 de febreiro de 2008, e as resolucións do Parlamento Galego: IES Calvo Sotelo, IES Rafael Puga Ramón, CEIP Salgado Torres, CEIP Sal Lence, CEIP Montel Touzet, CEIP Sanjurjo de Carricarte (Hai que ter en conta que, no caso dos Centros de Educación Infantil e Primaria, o cambio deses nomes é competencia municipal).
- Colocar unha placa no palacio municipal de María Pita, que lembre e honre a todas as persoas que traballaban no concello e que foron represaliadas despois da sublevación militar de 1936: o Alcalde, Alfredo Suárez Ferrín, o Secretario, Joaquín Martín Martínez, o Xefe de Negociado, Francisco Prego Campos, e decenas de funcionarios municipais.
- Atención nos locais municipal ás persoas que reclamen información ou que se lles facilite as xestións para acceder ao recoñecemento de vítima do franquismo, axudas económicas, etc.

- Dentro dos diversos usos que poida ter o vello cárcere, que haxa tamén un espazo para a memoria, vinculada coa propia historia do edificio.
- Potenciar a Casa Museo Casares Quiroga como lugar da memoria republicana, e cunha programación municipal de actividades. Edición de publicacións para a recuperación da memoria histórica republicana.
- Recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público.

5.4.- Política Lingüística

A normalización da lingua galega é un obxectivo e, simultaneamente, un proceso. A Administración municipal pode e debe contribuír a que avance en todas as áreas que dela dependan así como a colaborar en todo o que a favoreza no conxunto de Galiza.

A Coruña é, obviamente, unha cidade galega. Nela, como en todas as demais, agromou historicamente unha conciencia de pertenza á nación común, a Galiza, que se traduciu en organizacións e institucións favorábeis á integración, e contrarias, por tanto, a singularizar A Coruña como apéndice de España e da súa cultura. Toda a toponimia e microtoponimia e, aínda, a base demográfica da cidade revelan, como non podía ser doutro xeito, a galegitude intrínseca da Coruña.

Desde o goberno municipal da Coruña pretendeuse ocultar e enterrar esta realidade galega da cidade durante moitos anos, asañándose particularmente contra calquera expresión cultural e lingüística propia do país e convertendo na práctica a nosa cidade nunha especie de illa a respecto do resto de Galiza e do resto das cidades. Mentres nelas, mesmo con independencia dos seus gobernos, hai un mínimo de presenza do galego, A Coruña soportou 23 anos de exclusión e persecución.

A presenza do BNG no goberno municipal nestes catro últimos anos, aínda que moi positiva, non abondou para recuperar todo o terreo perdido. Cómpre que o Concello da Coruña retorne á normalidade e se integre definitivamente na legalidade. Levamos máis dun cuarto de século con incumprimento flagrante da lexislación básica en materia de lingua, en concreto, da Lei 3/1983 e da Lei 5/1988, a primeira de Normalización Lingüística e a segunda de Uso do Galego nas Entidades Locais.

Por outra parte, todo euro entregado, como diñeiro público, polo Concello da Coruña, ha de garantir a presenza ou a non exclusión da lingua galega; do mesmo xeito que toda persoa debe ter garantido o dereito ao uso do galego na súa relación coa Administración local.

Centraranse os esforzos normalizadores naqueles sectores e ámbitos de uso que poidan significar avances efectivos para alcanzar unha maior repercusión social e un efecto multiplicador.

ACTUACIÓNS

- Promover o uso e prestixio do galego en todas as accións do concello e en todos os ámbitos do municipio, para o que se potenciará e consolidará o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) municipal, dotándoo de máis persoal estábel e partida orzamentaria suficiente.
- Aprobar unha ordenanza de impulso do galego no Concello da Coruña
- Elaborar un plano de normalización da lingua con previsión de medidas para a incorporación do galego aos distintos ámbitos sociais e da propia administración.
- Crear un Foro ou Rede local de normalización lingüística que atenda á participación de diferentes colectivos interesados.
- Galeguización/Utilización do galego en toda a sinalética dependente do concello: nomenclátor urbano; rótulos e indicadores da totalidade das instalacións dependentes do Concello, igualmente dos autobuses urbanos; vestiario do persoal dependente do Concello; rotulaxe do parque móbil municipal; toponimia da Estación de Autobuses; megafonía; rotulación urbana dependente do Concello; paneis, indicadores ou postes de información turística ou doutro tipo colocados polo Concello.
- En todas esas rotulacións públicas, ou en calquera outro tipo de documentación ou de información que dependeren do Concello, onde a lingua oficial do Estado se inclúa, garantírase que a lingua galega non apareza secundarizada.
- A lingua galega, como lingua oficial de toda a Administración Local e por tanto tamén do concello, debe figurar en toda a documentación municipal tanto interna como facilitada ás veciñas e veciños, así como en todos os establecementos (bibliotecas, centros cívicos...) dependentes do Concello, sen ningunha marca de subordinación a calquera outra.
- Igualmente, debe ser usada nas mesmas condicións en toda a documentación municipal dirixida a terceiros (contratos, convenios, etc.)
- Galeguización da Administración Municipal mediante a esixencia de coñecementos de lingua galega nos procesos de selección de persoal; a valoración do uso do galego na provisión de postos; a formación especializada; a dotación de ferramentas de apoio; a fixación de normas de comunicación oral e escrita; o establecemento de modelos documentais e as campañas informativo-sensibilizadoras do persoal municipal e da cidadanía que acode ás dependencias administrativas; a esixencia do uso do galego nas concesións e contratacións de servizos. Todos estes aspectos deberán ser recollidos nun regulamento de usos da lingua galega.

- A lingua por defecto de todas as páxinas web municipais será o galego
- A imaxe corporativa ou logotipo do concello da Coruña terá como única forma a galega.
- As subscricións a prensa, caso de existiren, deberán incluír, de forma plural, todos aqueles medios de comunicación que empregan total ou parcialmente a lingua galega.
- Desenvolver accións normalizadoras dirixas á poboación adulta, con especial atención ás habilidades orais e á dimensión sociocultural do idioma. Tamén se terá presente neste mesmo sentido á nova poboación inmigrante.
- Recuperación, restauración e socialización da toponimia e microtoponimia existente no termo municipal aproveitando os estudos xa realizados.
- Apoiar ás asociacións xuvenís que procuren a normalización da nosa lingua.
- Crear novos espazos de uso do noso idioma de interese para a infancia e a mocidade, potenciando os programas que xa existen e abrindo novas posibilidades con base nas redes existentes na cidade: equipos de normalización, centros socio-culturais, oferta de actividades para a mocidade, Universidade, etc.
- Promover o uso do galego no sector socioeconómico a través de accións deseñadas en colaboración coas entidades que o articulan.



Códigos QR



[Páxina web BNG A Coruña](#)



[Páxina web Son de Barrio](#)



[Facebook Xosé Manuel Carril](#)



[Twitter Xosé Manuel Carril](#)